

MONCHO IGLESIAS MÍGUEZ
TRES CORES: AZUL

TRES CORES: AZUL

MONCHO IGLESIAS MÍGUEZ

TRES CORES: AZUL

Moncho Iglesias Míguez,
Estaleiro Editora, 2010

Asociación Cultural Estaleiro
estaleiroeditora@gmail.com
www.estaleiroeditora.org

Revisión e corrección:
Vitor Suárez Díaz

Deseño e maquetación:
X. Carlos Hidalgo

ISBN 978-84-613-8087-9
Depósito Legal: S-2010-xxxx
Impresión: Publidisa



Esta licenza permite copiar, distribuír, exhibir os textos e imaxes deste libro sempre que se cumpran as seguintes condicións.



Autoría e atribución: Deberá respectarse a autoría indicando o nome do autor e da editora.



Compartir baixo a mesma licenza: Se altera ou transforma esta obra, ou xera unha obra derivada, só pode distribuír a obra xerada baixo unha licenza idéntica a esta.



Non comercial: Non pode empregarse este traballo con fins comerciais

AMARELO

Eu viaxo co noso territorio e seguen
vivindo comigo, alá lonxe, as esencias
lonxitudinais da miña patria

PABLO NERUDA

A experiencia é un billete de lotería
comprado despois do sorteo

GABRIELA MISTRAL

Recubriches os teus dedos de aroma a café, azucre perdido, bastonciños de crema deslactosada, baldosas de incenso, volantes tricolor, e o primeiro fascículo a unha editorial de gaceta rexionalista.

Aproveitas paras soprar sobre a cunca cartaxinesa: El era tímido, lía os seus apuntamentos con frustración, tomaba descansos á hora de pechar, non escribía sen pluma; ela, dela lembras que era loura –el, moreno.

—Mañá irás a aquela biblioteca, apoiarás os teus cóbados sobre un mármore frío, barrufarás os diarios cos números de un ticket a mercar, tentarás ao palpitable, sortearás asentos, volverás a túa baralla sobre un bla-bla-bla de esparto e toffes abrandados, equivocarás horarios, acariñarás frontes sas e voces amigas, escribirás baladas de aniversario, azafranarás as pasas dun pan de millo para entregalas a unha menta poexo con aliño, saciarás as ganas de centavos orfos, despedirás o teu bafo con ademáns de estrañeza e dor, farás tremer as capturas dunha cita ás 4 da tarde, simularás sestras onde outrora varrían os os dun cigarro, negarás as evidencias dun sorteo de amores e disimulos, debuxarás os desodorizantes cun aforro liña-cóncava-pasado-futuro, farás os plans da primeira mestura de vídeos con refrescos de cola...

—Mañá, si; entón choverán os tantos e os paras. Aguantarás a entrada da *güera* detrás do mozo estudante. Coñecéronse, aínda que xa un sabía do outro, alí mesmo. Estudaban xuntos, mais só as mesas entre estantes uniron os seus lapiseiros –o del sobrio, cando non faltaba. Viches crecer o tamaño dos seus sorrisos a medida que os días comían exames e regurxitaban hamacas e toallas repelentes. Pasaches un curso con eles, incorporácheste con eles ao terreo laboral e, anos despois, fuxiches de lugares onde os lumes rabuñan o carisma.

—Xa mañá, antes de pechar os guións aos meus diálogos, evocarás a fragilidade das vosas voces, a debilidade do cristal etílico, os veráns con ronquidos disolutos no zig-zag dunha canción. Ata mañá.

Os teus dedos saborean os primeiros sorbos do café na cuberta dun Titanic e triscan apuntamentos dun menú de autobús en sala de espera: Recolliches o violinista da esquina, o que amparaba o sinal, o que vendía diafragmas onde –metros alá– se fixeran coleccións de fanzines e outras quendas en editoriais oufanas supeditadas a anuncios de porcelana nas oficinas principias dos bancos principias; chifraches ao frautista de jazz para que acompañase ás sombras do mercador de periódicos –ese ao que recompensaches, meses despois, coa túa habitual chiscadela de pétalos de flor–, achando á súa beira un cabelo, sendo catilina polo céfiro, e estreitaches a túa man –ruborizada, suorenta, alérxica– co compromiso: entoaches cifras de dedo maimiño para completar a banda, collageaches o disfrace de mariño, invertiches a orde das retesías, abrazaches os bicos dun correo, abriches as pernas dos beizos e capturaches miradas, rictos, ademáns, oprobios, chamadas de atención, asteriscos,

contas (destas beneficiáche para conquistar trocos de premios “Final dunha vida dedicada”), lópezvelardes, villaurrutias, mármores con dedicatoria, as lembranzas dunha araña en fósil A.D.N., os arbitrios dunha cinza, as maceiras inquietando estruturas de imperios baixo un teatro e unha catedral, olas, adeuses e despedidas, sahumeros, pecados de cortina confesora, rifas de cafetería contra restaurante, ditaduras de cadeira de catro patas, manteis ou sabas de tarde paseo en balsa, un flash.

Dúas cuncas de porcelana con motivos de películas ambientadas en épocas de señora con paraugas e miriñaque, señores de sombreiro de copa e mansos cisnes en ondas dun tranquilo lago. O espremido de tres laranxas en copa de sidra. Un chocolate confesando as súas intencións. Culleriñas travesas subministrando pingas azul mariño ao mellor ofertante. Dúas mentes guiadas polo preludio dunha noite en embarazo: ela fixera renacer contactos con candeas e candelabros con pabío; ti, horrorizado, os pasteis de crema co azucre dos teus poemas acres, envelenarás o colirio dos ollos necesitados de abrazo e bolo de leite, deletrearás con fume os s-i-l-e-n-c-i-o-s, empuñarás as túas calcetas con motivos do Pato Donald, pecharás silandeiamente portas de cuartos alleos –temendo ser espectador adorador de virxes prematuras, psiquiatra do sal amargo–, construíras cintos e celosías para as linguas axenxas, daraste cita con sinistros calzados, músicos de eco pernoctador, pulmóns en forma de parchís coa cor dun xadrez ao que só se adaptan damas. Un bi- de intelectos preocupados pola escolla da man encargada de facer autostop, actores de tempos principais.

Escolliches as papeletas de autobús máis longas, aquelas que conservaban máis tiras que “córtese pola liña de puntos” e

anotaches as pistas para adurmiñar castelos irlandeses, branca area do Caribe cubano, tesouros dun imperio destruído, pirámides aztecas, selvas guatemaltecas, espirais apátridas, caracois errantes, barbas camiñantes... Fixeches o guión e elixiches os que serían protagonistas de mar e medio de caxato, huarache e ceiba. Circuncidaches os días que sobaban e arrebolaches o prepucio a un océano verdoso de palabras sine qua non.

“O bosque é coma o deserto noutras terras, o lugar da nada, o lugar a onde se foxe”, advertiuche Carlos antes da túa partida. Desouviches as siglas que enmascaraban as súas mensaxes e arroupaches botellas de whisky, por ti decoradas, á area mollada de palacetes turísticos. Bautizaches a novela que el che entregou, por medio dun sicario de roubadas mans, coma *Diario dun peregrino*, ao que glosaches, con anotacións nos anversos, incólumes e sangrados de escisión.

Arames unidos xamais formaron balada. Así intentaches encabezar unha cita para un poema, elexía que encabezase a dedicatoria a corenta días de abstinencia; con todo, e a pesar dos teus encomiásticos esforzos por estragar o serán á torcida, os teus dedos só destilaron o prólogo dun cortaúnllas ferruxento e un púlpito ao que os teus ollos se asomaron para rir as escrituras lacradas: fillos do pan cuxo refugo tivo que emigrar, soldadiños de cortiza nun peixe punzado polas mordeduras de estupefacientes, lentes de sol prostituíndo as orellas de salvaxes versos...

Os bocadiños de queixo foron devoltos, polas túas mans desexosas, ás dúas horas de balbordo infantil. Roubaches silencio ao televisor, iluminación á escuridade, espazo ao infinito e

soñaches con corpos de vermello, bonecas vacinadas por brazaletes, melenas orladas por unha tintura de imitación a “usté”, dedos maimiños adorando a dor de puños sedosos, ventres movibles agoirando pesares, latrinas saciadoras –sancionadoras, grafitaron os teus avós entre as súas cancións– saciadas-sancionadoras, reliquias de inchazo abúlico, postres de sabbath somnábulo, días de feira para a compra de carantoñas, ¡hoxe, hoxe, hoxe o amorodo no sabor dun doce de caramelo!, os enigmas dun barato codelo sen miolo, os sepulcros dun espirro en covas beduínas, o procesador de textos profanando peites e camisas de manga curta, tótems, claves de calcetín-chaveiro; primeira parada: Mentres as lagañas dun parabrisas tímido golpeaban as solas da túa espera, esfollaches sentimentos. Eles, horas despois, haberían de ser espaxados polo vento das ondas, lembrás?

Lembrás? Sobre o tapete de olivas sensoriais plantaches versos atribuídos á Arca de Noé, cicelaches as cordas dunha guitarra e loaches os nomes que poden ser traducidos; deben, han de.

Lembrás? Antes da ablación ao mar, descosiches os enxames de canellóns solitarios, xiraches en pata coxa polos sendeiros dun corredor cara á auga, preguntaches ás túas neuronas por milímetros de francés e espoliaches os teus pés na area dun home con lentes de Gandhi. Sorbestes, xuntos, o aroma do bambú dilatado, saudastes aos peitos e aos abanos que xa non volverían pasar, e intercambiastes cifras, contos, abelorios, repartición de ceas, partidas de nacemento, argalladas de policía e afables lembranzas de dúas costas nun mesmo país.

Lembrás? ... E en chegando enganaches o voo dunha compostura, vernizaches as túas promesas con emisións de repe-

titivos cánticos de aprendizaxe do alfabeto inglés de dereita a esquerda. Descubriches as dores dunha barca fendida de equipaxes, coma as túas pestanas, campesiñas e con saudades polos pobos que fotografaron as túas lagañas e salferiron as unllas dos teus pés. Só, portaches o pero dun “s” ao final dunha palabra e fuches. Fixeches catedrais cos cactos dunha praga alá estranxeira, os montículos areosos do mesmo areal alá estranxeiro e os teus anteollos en envurullamento causalístico.

Derrubaches os ademáns de patriotismo e as ecografías a antucas e hamaca sobre praia surfista, para namorar os insectos doutras lousas con nenos de mamadeira.

Legaches o que, ata o momento, era o máis vermello da túa pel a amoreamentos de cemento e cortinaxes de palla e excremento. Escondiches os candelabros entre a mesa de note e o tinteiro que sobresaía dun estante feito-desfeito de formigas, prendiches un cono de incenso e repousaches as túas eleccións sobre un tapete de non-moles aventuras.

... E xa... Neste momento só tratas de repudiar as noites que a luz desprezou. Esperas escoitar as mensaxes de deuses de Olimpos, ... ou verxeis do Bosco. Tratas de negar o seu posto ao can que sombra busca entre os teus pés, barrufar as túas costas con caramelos frescos de botella verde, pechar os engaioles da túa faldriqueira coa lentitude innecesaria para non facer os deites do segundo do diálogo, empoas o chan cos teus saltos de grilo en feira, rodéaste dunha estela propicia para o inicio da túa primeira novela de aventuras; con todo, daqueles vapores apenas conservas os bocexos tatuados na túa mente e as calcomanías de pulmón.

Fotografaches os aliños do mar e as poses dos seus com-
poñentes, os sorrisos das ondas branquexadas entre momentos
de crueldade, as insinuacións do peixe morto ao peixe vivo –
ou iso foi días despois, cando os ventos xa non carmean máis
cabelos–, os focos de escena tímidos, os candelabros de pé, as
escavacións dun astro entre virxes peitos maculados pola man-
cha de unllas-salvaxes-unllas, as mensaxes de benvida aos ali-
mentos de Antígona, as arroutadas de serán do mar.

Alí, entre cadeiras de plástico e estragadas belas dormen-
tes, liches os pousos do Pacífico, eses que bañaran as culleriñas
do café de Carlos: “

Ninfas e sereas e oídos selados para non escoitar o encanto
e a tentación do mar

Mar sen límites

Respiración colérica

Mar onde habita o Deus máis forte

Poseidón do tridente de ouro

Cintura da terra

Fervendo con peixes alados e sen peso

Delfíns amados polas musas

Fillos do mar

Nenos das Nereidas

Aleitados por Anfitita

Barcos que abren os sucos sobre a planicie mariña

Camiño sen regos

Mar de sombrías ondas púrpura

Mar xunto á terra boa e negra

Queimada polo sol mariño de Apolo

Velas azoutadas pola tempestade

Antes de que Safo faga xurdir a lúa dos dedos pálidos

Lúa de mar
Rodeada de estrelas no confín do mar
Mentres nas praias bailan as mozas
E as súas ás se pechan
Mar de Orfeo
Cabeza, macho, virxe inmortal
 Deus raíz dos mares
 Mares que se estenden como cornos de touro
 Océano que arrola a súa inmensa desgraza
 Mar durmido a mediodía sobre o seu leito de ondas
 Mar profético
Mar armado coas naves de Troia
Mar de Prometeo que destruírá o tridente do Océano
Loiro mar
Espello do mozo, da nena, da árbore, do paxaro
Do peixe mudo nas súas profundidades
Mar, elemento separado da unidade orixinal para que ao
perderse poda recuperarse
Mar que só se coñece polo mar
Branco mar
Berce dos sonhos que ignoran pena
Príncipe das horas encantadas
Mar que recibe as cinzas dos irmáns
Mar de Orestes e de Electra
Mar dos pequenos viaxeiros que non poden ver os confíns
reservados ao sol
Mar tinguído co sangue de Agamenón
Rocha das lamentacións
Mar vixiado

Mar de brea
Porto de dagas nocturnas
Mar de viñas ensanguentadas
Mar da conquista
Temón e espada da fortuna
Tumba do navegante
Mar
”

O océano de Ave Mariás ao abismo repetiuse ese día e medio; semanas despois, na costa invadida por lexións de animalas mercadoras nos mercados abertos entre as 14 horas e as 15 cero.

Agora, na soleira dunha noite con asentos de autobús relados polo salitre, e a cinta unificadora dunhas sandalias, será apócema de mañá, unha sombra de físgoas acuosas e chaquetas de perlé que abrigarán a túa chegada ao proemio a ese título tan poético como novelesco.

Escondido entre lacazáns teitos, por momentos, recibirás os cambios de cadeado por cadeira e luz de lúa por fulgor de cociña familiar. Atesourarás as portas horizontais en futuribles relanzos con auga doce e canadenses bañistas, imaxinando estar arredor de fogueiras con amosegas de cantautor e piñeiros aromáticos que embalsamen automóviles ou tendas de campaña en noites de defuntos, aparicións e relixións consagradas en peregrinación. Así, comparas os estantes, os servizos dunha calzada romana dende o punto de vista duns debuxos animados que enmarquen a cronoloxía de varios sucesos, cos saíntes símbolos de palmeira disecada soportando a probable plausible caída dos seus froitos.

Dentro dun enxame de silencios, dentro dun enxame de compañía non táctil, dentro dun enxame de triángulos medievais, dentro dun enxame de fantasmagóricos alegados a refraneiros de sustos e desexados, dentro dun enxame de salgueiros cosidos por papoulas, dentro dun enxame de colmeas, dentro dun enxame de luces de lúa chea, dentro dun enxame de arabescos tocados, dentro dun enxame de murmuriros, dentro dun enxame...

... debuxas a Kafka entre as súas sabas de cascuda e coloreas as túas coas tinguiduras dun mar embravecido, un sol arteiro e unha lúa-ponte-colgante que coquetea cunha estrela. Reflexas, sobre papiros de algas, nenos en busca dun sincero apertón de mans amigo; os rubiéns dun risco camiñando –paseniño, paseniño– ata o centro de emulsión de ondas.

Xa non volves rachar as feridas dun idioma apprehendido en cafés sen faladoiro; só inmaculaches a túa fronte cun *bon jour* como saúdo e inscribiches o teu título nobiliario nun caderno de dobre planta, coa intención de que as rochas confundisen a visión dos gatos, que os rinchos das noites con estrela fosen as cincentas do país, que as regadeiras lle falasen ao teu corpo sobre os roubos á vida, que as esperas se celasen dos abrigos grises que viste o amor os domingos pola tarde, que as equipaxes perdoen as preguntas presuntuosas, que a orixe da liberdade se atope nun dicionario etimolóxico revisado por un experto, que as ceas de candelabro alampadado e gloria ás cebolas infrinxan o respecto ás pompas de xabón, que os arrebatos durman coa súa mochila ao ombreiro –con tres pasaxeiros compañeiros nun auto sen baños para versificar e pedir camiños ao andar.

Unha mañá, soños despois, golpeaches os versos do teu transitar; tras regueiros de curvas repetidas, flaxelazos de bucinas de automóbiles famentos de prezo, volátiles luces –pardal: dise do paxaro pequeno, de pico forte, cónico, plumaxe parda, con manchas negras e roxiñas– déronche de beber as ás dunha mañá apracible: dúas rúas centrais, empedrados, hostais de fachada de pedra, un emigrante (en bicicleta) almorzando un croissant na entrada a casa, un neno adurmiñado (puidera ser ela) murcha as almofadas cos seus resollos quedos; mentres tanto: ordenas os petos do macuto, vertes cinza sobre as páxinas anotadas dun libro que será cremado polas súas páxinas de papel-moeda, encharcas as fileiras de cintos con pesas, recitas piñóns e catarinas, sementas de despedidas o transcurso dunha mañá que se che presentara como soberbia, fachendosa, solteirona, sensitiva, quizais irrespectuosa.

Calcetas os canellóns con esquinas de papel e coteno, en lida por acadar o quiosco amigo que teña morriña dun grao de vitaminas nos seus ademáns. Infórmaste dos espelidos monumentos de Deus ao home e das despabiladas garatuxas do home á súa idiosincrasia, e segundo criterio. Congruentemente vestido coa intención de motivar as máis mínimas sospeitas, enzalzas o labor dun museo nun cruzamento de camiños, un guía turístico sen precisión sobre o celeste das madeixas que adornaron os seus motivos.

Enlazas unha conversa co pincel, á altura do fin de moitas escaleiras que te obrigan a zigzaguear. Camuflas a túa mirada co calar das túas babuchas, para cociñar unha minestra de nenos sen terróns de azucre nin dentes, mamás sangrantes á idade de sumar os primeiros díxitos de π , fillos-papá con tatuaxes de leite evaporado no ombreiro e símbolos piratas no home –por

incisión, por recesión, por ocupación, por rebelión, iniciación, inanición, inmersión, repulsión, inversión, conversión, convención, animadversión, recreación— haberaos que berren: “poderán cortar tódalas flores pero nunca deterán a primavera!”

Desenredas os cordóns da imaxinación, para acto seguido perforar as contas de tres anciáns:

—Bos días, desculpen.

—Bos días —contéstache, torpemente, un deles, aureolado pola tenuidade dunha igrexa do XIX.

—Falan vostedes o meu idioma?

Á conxunción afirmativa móntanse as rendas dun cuestionario preparado nos momentos en que embobaban os duetos de bonecos e latas de bebida. Xinetean, sobre signos de interrogación e exclamacións imberbes, salutacións e despedidas, cabalísticas enquisas, rezos manuais...

—Encantado, grazas.

Amosas o traballo, tres veces ao día exercido, e disimulas un acento pouco sociable para apropiarte de fórmulas do discurso rescatadas dun naufraxio entre cordilleiras. Mentres tanto, rumorean os teus pés que lugar os teus ollos han de tomar. Acercádesvos a un templo de tecidos e beléns de paladas, convencédesvos de ter apuntado o nome da variedade de cores impregnadas na humidade, e retrocededes uns metros para saír pola porta de entrada.

O flanco dereito foi revisado

Esquerdo.

Novamente: a igrexa pátina de xeado sen cono, o bulicio que se acerca aos tremores da túa cámara, e as confrarías de

aretas, brazaletes e acios de cor toman partido nos castigos obrigados; non obstante, impós os teus dedos ás mans amigas, para bicar os chans coa sola das túas zapatillas deportivas.

Remuíños de dicionarios nos castigos disfrazados en froitas e vexetais tropezan ante ti; absorben con delicadeza as bases de inscrición, precintas o sobre no que se inclúe a túa virxindade, e saboreas os triunfos de melosas froitas. Acachoupas a túa curiosidade entre folletos de dominicos ou indíxenas tzoztzil e tzeltal, fortunas de outrora celeiros de millo e perdas de protección, ata que chegas ao titular de prensa que estiveras barallando entre outros: Azul.

Coma uns grandes almacéns en rebaixas, abesullas prendas entre o gando. Non precisas agocharte ao bo prezo, unicamente é necesario un pé no sentido da alfombra para que os berros exhale números primos ou bendicións do venerado *souvenir*. O negro e gris pelexan por unha unlla no círculo cromático e a túa vehemencia arranxa os intentos izando bandeira: Consultas cos teus riles sobre a posibilidade e/ou accesibilidade, apiádaste das súas respostas e continúas a travesía entre azuis e verdes, bordados e disecados quetzais do Norte en papel *maché*.

Acércaste ao enmarcado de recados e pescudas. Esquivas fragancias, eludes fragores, persegues os pasos que as sementes dunha papaia tallada sementa no corredor medieval, percorres pirámides de guaiaba e coco con limón, sentas os teus lentes para breves descansos de chocolate amargo, alugas momentos co troco dun sorriso e un chisco de sal, ganduxas os ronquidos de dúas botellas de mezcal, corcoses os rotos dun esfameado porrón de tequila ou auga quente ou zume ou leite ou licuado ou amorodos no adro daquela igrexa color manila; todo iso

para embarcarte nas marcas que o sol pode deixar nas pintas de autobuses sen anuncio.

As airexas e a publicidade manexan os teus xantares. Un almorzo frugal e o menosprezo das pontes reverberan os inventos que o home roubou –ás veces a si mesmo, menos delas á natureza– aos ciclos. Esta vez persegues os brúidos dun xaguar para hospedarte na súa gorida de minutos. As dóciles reliquias, que adornan o seu interior, amosan pianos famentos de dedos longos, mesas ovadas sedentas de convidados, máquinas de escribir sangrando maimiños, reloxos de galleta –ruidosa por asociación co compás duns pés sobre o parqué.

Ao fondo, á súa dereita, o xardín: Plantación de cebolas, cenorias e allos en cultivo vertical. A uns metros: Casa-cabana-templo relixioso de febril acollida en inverno e sinistra paz nos meses máis cálidos. A cor azul e verde das súas cruces representa o ceo e a terra, o maduro e o inmaturo, a división laboral da familia, a estación húmida e a estación seca. A súa forma débese a abstractas visións da tradición xamánica e conxuros de transmisión oral. A colocación axuda a absorber os centros de enerxía que emanan dos puntos visionarios que, tradicionalmente e segundo os estudosos, se localizan nos estribos concéntricos do cuarto.

Se avanzan uns pasos, xusto diante da árbore grande que cobre a cheminea, poderán apreciar o xardín de gardenias construído sobre mármore de Carrara e as oracións inscritas nos seus talos.

(Doazón do excelentísimo goberno do seu país: os cimentos do anexo ao museo. A obra, financiada integramente polo estado a través da súa axencia de cooperación internacional cos

países do terceiro mundo, de elevado custe, estímase que estará finalizada en xaneiro do próximo ano e contará, como pezas máis atractivas dentro das súas vitrinas, con pinturas e fotografías inéditas dos paisanos de principios do século pasado.)

Para concluír con esta visita guiada, non queda máis que convidalos a un cóctel especial da casa e que proben algúns dos nosos aperitivos; todos eles elaborados, coidadosamente, polas mans dos nosos irmáns. Moitas grazas pola súa atención. Espero que fose do seu agrado e recomenden o lugar a futuras visitas e repitan vostedes mesmos, un abrazo.

O primeiro beído da tarde: o casco dunha botella de mazá gaseada. Os teus cotenos zouparon envites, cos que disfrazaches os rumores daqueles paseos de auga e mel, pero unicamente polgares e índices se estenderon entre os rubores dunha nube timorata. Foi esta última a que provocou a tardanza, o orgasmo dunha cita intercambiada polo purpúreo anoitecer sobre unha mesa de cabeceira con aceites aromáticos e incenso gatuxo –de perlas, de serpes curvas, de espellos nudistas.

Depilaches os saúdos con folletos recordatorios. Símbolos de paz, balbordo dos teus beizos, rozaron os bordes de dous pares de liteiras. Un troco de os e cellos engurrados colocou na pequena balaustrada os primeiros intentos reconciliatorios da velada. Dende o balcón, un a un, fostes pasando. Só, o que criades Norte, Leste e Oeste se albiscaba. Un divisou os montes, o misticismo do seu tambor mesturouse cos fumes de copais que puidiches imaxinar; fixo esvarar os seus pés coa corrente de maletas á saída dun tres, divagou sobre os libros que ocupaban os vosos bolsos e azorrou os diarios para dedicar segundos nas

follas finais ou nas primeiras páxinas. Outro valeuse da súa man dereita para espreitar a desorde xorda e confusa proveniente do final do pavimento; a medida que os seus ollos acadaban con máis cinismo os prolegómenos dun ritual en danza, menos bornais ou huaraches asubiaban entre as cordas de nenas trezadas; porén: a súa decisión fora tomada, Oeste. Ti, o Leste. Revisaches as carrizas dos lastros xa marcados, informácheste do valor dun domingo con feira e terminaches o teu paseo cun timbrazo nas lapelas dun libro de poesía.

No círculo que caracoleaba o viraventos, só aniñou o Leste. Larpeiradas saudaron. Brazaletes. *Aretes*. Qué buscas *güerito*. (Campaiñas)

Como cincenta en Canarias, nos Telexornais de España, descalzácheste ao comezar a presentir os chanzos. Xa estabas no altar –oráculo de puntos cardinais; así que racionastes a cromía da noite e escorregástesvos entre cantos de sereas e loas mariñeiras. Tres horas despois, discutiron as toallas da ducha sobre a súa disposición e dispoñibilidade, baldeáronse os vaídos do cansazo e apertastes os vosos belfos en mostra de paz.

Cabalgaches as praderías de herba azul, buscando xamáns e pequenas deidades que te igualasen coas túas mans aleitadas por outros tantos dedos. Unha travesía de amoríos e tímidos flirts co macádam. Un percorrido esfameado ata alcanzar os prolegómenos dunha cordilleira. Un trío de catro forza ás amosegas de chapapote a xenuflexións incómodas. Unha resposta a cada argola de bebida enlatada satisfai a ausencia timorata de efixies. Un acerto na composición alquímica do día-si-día-non afecta ao aire. Deste xeito, divisando o horizonte con anteollos

pamos, reformas as cúpulas dun onte, para sentir as ñañas do descoñecido.

Como viras naquelas películas de miserentos con sandalias de sola anti-infectante, as crinas do teu cabalo carmearon as azoutas de pedichóns imberbes con cerebro de trinta e tantos. Devoto, peregrino, mais estrela do celuloide, aparcaches os teus ollos á fronte, desdeñando as cicatrices que o aire provocaba no alfabeto dos pequenos buscadores de autógrafos coas siluetas de indíxenas fermosas. Persegúronte ata que se fixo invisible a túa alfombra de voaxa e fotografía, cando xa asomaban os seguintes invitados entre as celosías da esperanza.

A plantación de mercados de algodón, entre cerimonia-sas espenucas de arcabuces para danzar, colapsa as pegadas do chan. Turista entre capelas ao ras, asómbrense as túas escoitas das vergoñas do rei sol.

Afróntanse as las na beata procesión de campesiños. Aínda que temas polos teus trebellos, reduces a instantes o que ves e rascas entre os fondos da túa bolsa, cada poucos arrecifes de millo, para atrapar, con rabizos, as formacións risoñas que só cheiran en ti a outro máis. Ti, en cambio, non cedes no teu empeño por demostrar que a esa barba deben restarse os ollos –a súa mirada. Con dita educación poderán calcular unha idade tenra e recibir os agasallos que un sorriso representa en calquera. Recorres ás gafas aliviadas, para ensinar a túa idade, pero esqueces que non todos os humanos cumpren aos 365 días de ter nacido. Eles, como os episodios seguintes, xamais aprenderon ou aprenderán non entenden tampouco o valor de convocar futuros, pasados ou presentes nunha oración –xogar

ás cartas. Cando ti neneabas a ser valente e a cargar as bolsas da compra –as máis avultadas e lixeiras– el xulgaba os grans dunha mazaroca para alimentar ao seu irmanciño. O pequeno –o máis cativo– está aos seus ombreiros, peiteando a paciencia dun descalzo.

Así, vapor entre incensos, chegas aos códigos. Necesitas interpretar as lendas, saber o porqué dun anuncio con pau de vasoira e enfiadura, galochas de romano e traxe pingüín-oso-polar baixo un cesto triangular de palla. Xa non cobran os teus sentidos por vérense pasar, xa non se someten a unha lista de roles, xa non colapsan os servizos de primeira vez. A policía garánteche. Eses bailaríns velan pola túa seguridade, pola feitura do teu abrigo outonal, pola venda de maletíns de mestre de cidade; ata che indican a entrada ao museo.

Alí, na pinacoteca, ordénanse as páxinas do teu diario. Percorres cunha palma e un puño os mosaicos que fai o home en idiomas estraños, en idiolectos de galiña sacrificada; para cercar os sortilexios do fervor a un ser que hai máis alá. O azulexado, composto por un rabaño de pensos arrimados ao musito do lugar, adorna a fumareda que invade as nosas almas. Nais perennes con fillos caducos entre os brazos. Descomposición corporal. Pestilencia mental. Humanización do inhumano. Regatos de paz entre as sombras dunhas pálpebras. Pasos noctámbulos –os teus– entre febles ollos. Ollos en papel papiro, capuz dun almo.

Cadros irrepitibles. Pinturas sonoras multicolor. Gramáticas perfectas para comprender a dor. Paletas de cera. Pinceis como anciño. Inspiración-respiración. A herba, outra vez. E... baixou o profeta? Loábano. Bérranlle. Implórano. Avergónanse os cristais dun campanario ao que xa non acoden pombas. A

herba, unha vez máis. Exit. Persignas as iconas cos teus ollos, ricto de propiedade; sentas, no quiosco, e escribes, continua desvalorización de cores.

O teu despertador advírteche da necidade. Repites trancos entre infaustos postos de compra-venta. Confúndeste entre a coreografía de interrogacións de viaxantes e compradores de *souvenirs*, para encofrarte un policial abrazo-saber, ou, cando menos, intúelo, que o próximo inverno necesitarás da caridade dos cálidos apertóns, polo que non cedes ante os rogos da balanza e aferróllaste ao futuro abrazo de tarde de domingo nun momentáneo calar.

Un inédito transvase de mirares: o río roza o azul dos teares e o verde de sedentos campos, as curvas das serras soñan con acadar Tumbuktú; os perigos axexan ao cobalto, non ao amigo.

Xornada matinal, febre de cores; a sobremesa non pasa de ser unha dedicatoria ou fazaña para as calorías. Recuperas o peso das túas costas con rectitude, golpeas as aldrabas dun chan empedrado, repousas en bancos-confesos: un neno, vinte anos, adorna á súa nai cos seus verbos, e tres anos, dous, quizais menos, neniña, flaxela as súas meixelas cos seus prantos descompostos. Eles son da pequena urbe, os avós do interior, de acantilados de madeira e res onde xamais neva o home, solitarios, varios; un libro, o teu; asentos baleiros, os teus ollos pousados en destra e sinistra, mais a moza non pasa; equipaxes disfrazando momentos; alarmas; reloxos; horarios; outra lectura; outra ollada (é ese o que esvaece. Meses antes, noutra estación de autobuses, comezaras unha conversa sen saberes o seu

idioma: troco de auga por patacas fritidas, sede por gula, ollos pequenos-ollos tenros, unha avoa feliz, un neto sen sede –*give me five!*).

Escuridade. Brancos entre anuncios. Entre eles, a calor excesiva do que chamaches fogar. Ouh, non te queixaches. Cando menos, como aqueles que compartiron comidas contigo, non sufriches o bombardeo dun *Apocalypse Now* á fronte dunha fiestra lanzadora de mosquitos e cascudas.

Despois deses veos e tebras de sufoco, ocupaches os teus lentes nunha selva de lianas de pedra e pirámides de ceiba. Como dentro dun labirinto en construción arbústea, dubidaches polo camiño a elixir. Achaches os mares e acantilados de Petra, mudando os seus rosáceos tons –apalpando o lila e o amarelo– por xenerosos verdes de gris vetusto arranxado. A primeira imaxe, unha vez traspasado o crepúsculo de chuvias salutativas, foi un gótico xocoso, un estrondo piramidal en pedra probablemente labrada e transportada, dende lugares remotos ao centro dunha planicie talada, un chan —verxel selvático e murmurios de ave zacuán.

Indiana (xa foras) entre alfombras de curvas provocadoras e triangulares adestramentos, convencíche da profesión dalgún antepasado. Rifaches tebras para sentar nun cúmulo onde poder enxergar as ordes dos máis: o regueiro inocente, o supervivente sobrevivindo, espigas de pel e pedra, orificios de talla multiforme polos que poder dar grazas a figuras de xaguar, ruxidos pictóricos, enxames de mofo inexistente, sombras, auga, sombras.

O orballo, vapor de auga da túa fronte, serviu de tinta para versos poliformes de estrofas incompletas –despois furtadas.

Alí, noutro sol, en fronte doutra lúa, caligrafiaches a audacia temperá da xuventude, sorriches por medo a ser motivo de posturas e perseguiches as definitivas pingas de desxeo da túa botella de plástico. Xa na súa liquidación, entre parábolas e converxentes paradigmas agora fracasados, respiraches máis e sete palabras, escoitando os rumores dunha deportiva sendo amalloada ou unha toalla enrodelándose como o seu dobre, a da rocha, a do altar, a da bendición.

Sendista no léxico, sorteiro da consunción precisa, desenterraches palmeiras de onde había lagoas. Paseaches a túa vara polos desconsiderados dédalos, coa esperanza de recadar froitas tropicais na súa tinta ou herbas medicinais que urdiran fumes. Así, esforzado no teu empeño, acadaches compoñer un camiño de vencellos que te arrastraron a unha ferverza –catarrata interior.

A barranca, flor de camelia en días de murcha deforestación, sorprendeute cos seus xiros de arañeira cristalina e os seus encomios de soprano. Converxeu en pétalos de nenúfar, chorno, sensible, sensitivo, meloso; fíxoche entrega dun bestiarío de lúa de mel, e enxalzou os teus pés coas súas galanterías. Saudáchela, falácheslle, arrolaches ao seu neno, o benxamín, o que aínda non fora recoñecido, apegado á súa nai e sempre oculto moi por debaixo das súas saias douradas. El, babilio, durmido no seu berce de aleites, agradeceu os teus aprecios, as túas visitas e sorrisos de compracencia. A nai, sabendo dos salaios do seu bebé, do seu mendigar de beizos e infrutuosos permisos, sinalouche o poboado.

Alí, atendiches o cemiterio de augas, o estanque de escuma, de irisacións, de xungla derretida. Atrevido, aldraba en man, chamaches, pediches perdón e interrogaches ás cortinas

do salón: o oleiro mostrou a súa arte con bañeiras, o escultor pescou escamas e aletas de sabor fermoso, a auga –ese día librabá– fora na procura do sibila, o xamán era agúa de voz ronca e os alquimistas concibían líquidos turquesa cos seus refráns, as súas apócemas e os seu coidado. Con precaución, por medo a estorbar, desembarcaches as túas preguntas en ciceladas que varaches en nubes que leva o vento.

Acompañado do bálsamo do empardecer, xuntos, achegástesvos ao precipicio da noite. Logo, sen despedidas nin retidas ao abreinte, acomodácheste nunha canoa que percorreu fronteiras.

Os encollidos crocodilos das beiras e parentes seus, arroiáronse e ocultaron a súa pouquitude entre a mansedume das augas. Avolveron as chuvias e as túas mans, escapando de instantáneas e remolques; non obstante, húbooos que non foron quen de fender as súas grazas e comodidades habituais –foros agoireiros e, o teu manto, monos diminutivos. Dende eses rañaceos frondosos quixeron xulgarte, poñer a proba os reflexos do teu ricto, lanzándoche tonas de froitas que ben poderían ser papaias reladas; coma eses cestos que, metros antes, presenciarias flanqueando pantalóns de caucho. Avespeiros, colmeas, cestas de mercado e outros utensilios foron achados polos teus sentidos, que se convenceron da imposibilidade da súa realidade en centros comerciais. Mais, a precisión dos ouriolos, cos seus saltos en picado ou os seus exercicios e reverberacións sincronizadas, confundiron a túa tese de posibles intercambios: bernal por neno.

Trala frega e baño visual con xaguares nos teus oídos, macacos roxos nas polas, tucanos paroleiros, monos clamorosos facendo visibles as hedras, monos araña imitando os porqués

do seu nome, ocelotes non incorpóreos mais que no lado dos libros de viaxe, tapires decepcionados polo seu minúsculo tamaño e aguias prepotentes; descansaches nunha praia de area de río branquexada polo ouriñar dos seus habitantes. No lugar, sorbendo as fames dos peixes –manicuristas mergullados en auga doce– entretiveches o teu cansazo mentres falabas dos pasados oito meses.

De volta, nifrando despedidas e entrega-troco de metais, disfrazaches outros anos da túa vida nun bocexo con lanchóns. Así, xuntaches tres ombreiros nun final con sobremesa a elixir e, na túa soidade lecto-escritora, enchiches novas páxinas no teu diario.

Minutos despois de ter preguntado pola tranquilidade das augas e certificar o pavor de Leviatán, xogaches ao fútbol coas túas mans, valéndote do teu sorriso e as túas palabras, separadas de forma silábica, coa intención de formar un equipo, non só co que pasar un rato ameno, senón tamén con quen aprender e do que aprehender risos de púber-liberdade.

Entre as sombras chinesas de ti mesmo no río –título dun documental de media noite: *Usumacinta* –trazaches unha emboscada á copla que capturase versículos acachoupados en xestos de apego, afecto e confraternidade. Tendo contribuído ás profecías de promesas no aire, descansaches os teus domingos últimos entre un catre de dubidosos segredos almacenados. A continuación, computaches as liñas evadidas que facían a dixestión no caderno de viaxes, resumiches, na parte superior, eventos, e atallaches para amosarte ante aquelas penumbras na claridade.

Delineaches abecedarios ata que o sol desapareceu. Para a túa faena, empregaches atúos de breves preguntas-respostas de tradución inmediata. Foron eles os que madrugaron contigo ao día seguinte: “Bajkche eu bil”, “wo ‘kolix a wule”, “chuke k’aba ’”, “bake chueulet”. Antes, houbo de chegar o ocaso, que aclaraches coa túa cautela e a afonía de farois de bordo en boas nupcias. Fixécheste inseparable do efluvio nocturno e discutiches contigo mesmo sobre o candor da lúa, multiplicando deste xeito as escintilacións da vixilia.

Na túa negativa ao afecto de estraños ecos de eclipse, esmiuzaches os riscos con alborotos cedidos por crepitantes noctívagos. Só así, despois de escasos cogomelos, reconciliácheste co letargo e a fantasía, e sufragaches por complicados estreitamentos de man, que afrouxaches por instantes para agregar consentimentos.

Aínda seducido polo modular perecedoiro dun río, anticipáste ao espelir do pobo; acompañas a fachendosa alborada nos preparativos do almorzo, terminando por evitar o desamparo das luces analfabetas. Desta sorte, entre escanos de madeira persignada, descoloras os primeiros e últimos trazos dese día, gozando da paixón dun lenzo de comedor comunal:

Hoxe despídeste. Foron un pracer o feitizo dos teus incisivos e a sedosidade dos teus encontros. Antes da túa partida, hei de advertirche deses camiños que perecerás. As calzadas dobraranse como as follas secas navegando nun arroio, oírás milagres e a nenos fuxiren das súas propias faladurías. Mudaranse ante os teus ollos permeables sentimentos ou respostas a infantís asombros, que che axudarán a construír mesturas coas que amasar crenzas. Enterrarás alivios entre as pedras do camiño, entre consellos

na sombra, entre delgadas bafaradas de fume, entre pergameos intactos que predín a realidade dos xaguares de almafi, entre os románticos crepúsculos das follas de cacao e o tabaco e o café, entre braseiros dos que a multitude se aparta, entre perfebas de virxes, entre palacios e guerreiros e mercadores. Vagarás entre as chamas extinguidas do comercio e a maxia, entre borraxeiras mitolóxicas, entre temidas evocacións e afogados atordamentos. Serás testemuña do medio durmir das igrexas e os seus brocados pecaminosos, das limpas dos seus talóns e as crónicas de carreiras persecutorias. Serás a boca e a ponte doutro pobo. Bailarás entre os fillos do sol luminoso, ocultarás fantasías e volverás cara a nós. Mentres tanto, querido amigo, goza e aprende dos enigmas de follas lobuladas e lanceoladas.

Cústache abandonar a senda de consellos, mais apetece do verdor do que chaman tempo. Baixo un ceo efebo, disimulas a túa covardía cos mecos dun toro aboiando, do que bebes campañas de eco fráxil, e inhumas un horizonte de cinco centurias cara atrás. Alí, nun bosque que conta as estancias e escoita os atavíos das armas, atopas saudables xerminacións de conversa.

Recubriches as barrancas que estaban por nacer no apertador do día despois, esgotaches a espera con aplausos á natureza, unindo todo, para rematar por servinte-camareiro ao servizo da cobiza do coñecemento. Distribuíches os consellos e pingas contra a sede mentres viaxabas nunha segunda carruaxe que, xa tendo perdido o ton os seus cabelos, arredariate da cor da terra e o olor do humus. Danzas de beleza fuxitiva discriminaron o sixilo do tropezar constante. Mais pouco despois de comezar a túa aventura de apelidos Mármore, alborózas os teus ollos coa visión das túas pálpebras.

Eles mesmos contáronche, pouco despois, sobre as súas peripecias. Os escondedoiros de antigos militantes anti-estado que remataran claudicando e chorando protestas en plantacións de colleita familiar. Eses contos uníronse cos surrealistas momentos xa vividos e polos cinco sentidos apreciados, incluso abonados pola presenza de ceas rápidas á luz dos lucecús.

Foi nese camiño onde, tras ler un cartel relado polo tempo e a publicidade imperialista: “Benvido ao noso país”, liches sobre a conversión do coello meigo, o príncipe leonado con cara de cabalo e, precisamente, perdiches o medo ás serpes: “Antes da existencia das barrancas, bosques, só estaba o Corazón do Ceo e o Corazón da Terra. Ajaw amosábase como unha serpe en moitas cores; a serpe non é mala, pero coa serpe nunca se xoga, nin se toca”. Logo, días despois, na ausencia de aprehensión polos réptiles, perdiches a compostura ante os donos feros dos altares.

De noite acadaches a trincheira en dous días. Escalaches os gruñidos da foresta espesa, orientácheste polos últimos cadullos de sangue de pitahaea, razoaches o porqué das serpes e fixeches as derradeiras esculcas sobre hamacas, colchóns ou outros que acubillaran a túa durmideira. Soubeches ao confundir latrinas por catres e ser confiado unha torcida de lume para inspirados vates.

Sumido na mordaza que impuñan os prismas do crepúsculo –ditame seguro de portantes–, foron os teus ollos quen resgaron os estreitos padeceres do porvir en extensión. Os ecos de amantes privados de nome, ao lado de xogos de dominio encandeante, embazaron a abastecida empeña de formación rochosa; mais ti, dentro do misterio complicado da natureza, colgaches os teus ollos de perchas de manufactura, para deste

modo bambear os salaios cos brillos de papagaios e frechas de tucán, ou con baladas sinistras de monos e o zunzún dun silencio proveniente das túas costas.

Calzaches o aroma da noite nos teus errantes pés de peregrino, inspiraches a pureza da paz encuberta e regresaches, fitando ocultas lianas, ao escritorio incerto onde sumaches heptasílabos ás túas liras.

Se te educaches cos almanaques de proverbios hindús; das túas reflexións de canto caduco sobre esmaltes, coñeciches o valor dun ceo ao que se lle está arrebatando o sol, e o mesmo espazo de firmeza e providencia, sendo obsequiado con matices rosados, alaranxados, amarelos, violáceos. Se era destro no manexo dos ollos, sinistra había de ser a súa decadencia; deste xeito, coa esperanza de desfacer en letras mutables os cualificativos que o acompañaran ao acurruncharse do sol, bocexaches e estricaches os teus brazos para entoar ao día co teu alento afebrado e a louzanía da túa conciencia.

Baleiraches a secreción dun porrón de auga nas curvas do teu libro de itinerarios, apoiaches as palmas dos teus amigos sobre os xeonllos, suspiraches e erguícheste, para descender unha fileira de madeiros en forma de escaleira e comezar a describir a altura e gordura dun armadillo, os trilos dun pavo real, as argalladas do paxaro amarelo de cola e á negra tecendo lar, ou a mensaxe alada dun grallo emigrante.

Acomodado nunha acrópole de relativos cambios residenciais, fuches fiel aos sendeiros que marcaba o día. Ao paso de entre moitos deles, axeonllácheste sobre a humidade dos séculos e laceraches auga entre instantes de raptó verbal. Moinan-

te, encubriches o fedor dos bolígrafos a acabar, entre follas de outono en primavera, para desa forma doar, ao vento inmóbil, nomes e apelidos.

Do obsequio sentido, do desposorio dos teus dedos e os loureiros dunha árbore en bágoa, chegaches ás poses dun *au revoir* e os estorbos das cervicais.

Navegante, e creo no teu pesar, os teus ollos transformaron, para ti, o que observaron: “Houbou, nun século, un día que durou moitos séculos”.

Á túa quenda, golpeaches as balaustradas dun almorzo ao verte pasar. Lembraches o sono dunha viaxe sen descanso e marchaches demandando o dito anteriormente vendido.

Turbou o día o bulicio de vapores volcánicos e o caciquil encontro de deidades con mestres. Amencido o bosque, choraron pedras a medida que os vestidos tornaban tons vexetais por adornos de alabastro aldraxados por outros soles. Emires con trono de bambú ou báculo de cedro pausaron a espesura da túa voz e cubriron –cada dez minutos– os suaves depenados berros.

Os primeiros disparos visibles do torrente abrasador encolleron os tesouros vistos durante a ascensión. Poderoso exército en marcha, inmóbil por instantes, sucumbiron ante a axitación de ventos e a conquista do xofre. Loitaches por trabar amizade coa borraxeira ás túas costas, pescudando nos perigos de vivos e pantasmas, mais apenas puides barallar a tormenta calada que se entendía ante ti. Por iso, sen xilófonos, sen chirimías, sen honores, descalzaches o pavimento areento; escorregaches os teus pés ante un corro de mesta neve contrariada e ennegrecida, para rematar a travesía con aloumiños aos ladridos que sempre te acompañaron durante aquel día. Emporiso, antes do último

soprido de varias horas sen catre, cultivaches os momentos do día con técnicas ancestrais e a primeira queima de restrebas de sobremesa.

As feridas das lembranzas cicatrizaron co anuncio de bos días. Solitario, contando as burbullas que un lago entre montañas pode realizar, atouse a ti un neno. Repregaches a súa pequena historia antes de que puideses acadar a igrexa maior e vixiou as túas respostas cando limpou as súas lembranzas de tardes de escola. Polas mañás non acostumaba a compartir con estranxeiros o salitre da súa mirada, vagabundeaba entre murmurios e silencios os seus doce anos de miseria para cortar cutículas. Esforzábase por confundirse entre a escuma do xabón das lavandeiras ou estendía as montañas cos seus pés descalzos. Esa mañá, propúxoche bascular o teu peso nun lago avezado a todo, mais as túas presas non bifurcaron as súas tentativas. Entón, xa bañado pola construción dun amigo lírico por cuarto de hora, relatouche unha historia de hai moito, moito tempo, cando a xente indíxena vivía

soa
nun lugar,
cando os días
conversaban coa nai
natureza. Nese tempo, unha
muller saíu a traballar ao campo, e
fíxoo ás beiras dun barranco. As trenzas
vermellas da súa cabeza enguedelláronse en discusión
co misterioso enxame dunha raíz e, por un descoido de palmos,
caeu no abismo. Era un lugar profundo e abandonado onde había
moitos feros animais: tigres, xaguares, coiotes, gatos monteses, cobras...

Embarrancada, rodou cortesmente sobre a enredadeira e ensanguentou as pernas que, inmóviles, non foron capaces de cambiala de posición. Arrastrándose con cóbados, meixelas, queixelos, suor, fronte e unllas, decidiu descender ata o fondo do precipicio, pero non puido. Estable en accións, estampou a lunática poesía dos seus ollos nas garras de dous tigres que se achegaron para comela. Sen a penas forzas para exhalar o aire acumulado, pechou os ollos para reler a fábula que o visir do rei contara á súa filla Schehrazade: fugaz imaxe dun boi, un asno e un labrador entendedor da linguaxe animal, podendo logo repousar na súa mente a angustia:

—Eu son unha persoa que ama os animais. Gústame a cor da súa pel. Vostedes os tigres son moi lindos.

Inmediatamente, a moza observou como as raiadas peles dos félicos gaduñaban o chan e dábanlle as costas. Descansou, co cabelo en moño desanoado para ofrecerse coma almofada, ata que os raios do sol comezaron a esvaeecerse entre as ramaxes. Tratou de fuxir antes de que unicamente os vagalumes alumearan o seu pesadume, pero non tivo forzas. Desfalecida, sentiu un sopro nos seus ombreiros; un coiote quería devorala.

—Descúlpame, coiote, non me comas, porque non é a miña culpa que eu estea aquí. Eu só quixera que algún de vostedes me axudara a saír deste barranco, ben sei que isto lles pertence a vostedes os coiotes e a outros animais.

Pasou un día, pasaron dous. Varios coiotes xuntáronse á vez que os membros da familia da muller se agrupaban en cuadrillas de busca, preocupados pola súa desaparición e posible falecemento. Pasaron tres días e, entón, os lobos subiron ao bordo do precipicio e empezaron a oulear con potencia. Así,

amigos e achegados da desaparecida, oíndo os ouveos, fóronse achegando ao lugar, alarmados:

—Son coiotes! Eles devorárona!

Entón, de regreso á aldea, xuntaron paus, utensilios de coíña e calquera arma improvisada, ademais do maior número de veciños, e partiron en busca dun ventre do que rescatar á moza. En chegando ao lugar dos ouleos, os anunciadores correron, para que así os veciños puideran comprobar que a agricultora achábase no fondo da barranca.

—Grazas —dixeches ao neno. Preguntácheslle se lle gustaba ler e afirmou coa cabeza, abesullando entre as páxinas deportivas do periódico que ti levabas. Sabía de fútbol, dos imperios que hai no mundo, doutras cidades máis grandes onde non hai casas de máis de dous pisos, de estadios de fútbol onde a xente non leva os seus propios asentos... Quixeches agradecer a súa compañía sen ofendelo coa sempre esperada, necesaria e desexada moeda e, vendo a cor da portada dun libro que ti aínda non remataras, amosáchesllo. Publicaches o teu nome entre as páxinas en branco, entregáchesllo e, como un ouveo sincero e sen ton, despedícheste del. Suxeriches continuar e só volviches a ver para comprobar a súa distancia e a súa verdade ocular.

Daquela si chegaches ao templo de crenzas indíxenas e arquitectura católica. Pureza virxinal entre os seus muros acolía o tremor de anciáns ofrecendo o seu temor e recibindo o aroma do copal. Respiraches fondo o seu recendo e ligáchelo coa mesturanza exterior: coellos esfolados, pecados, pitos desplumados, peixes...

A súa amálgama dispouse co respecto das cores. Persig-nado de mañá, antes de saír de casa, oraches pola mantenen-

za de furados en latas de ferruxe de fencidos conservantes de aceites.

Canoas de afogo infantil soportaban o peso das augas. Canas e barros enlodaban as colleitas que aproveitaban as moedas para rotar sobre si mesmas en triángulos incertos –sobre alfombras de troco monetario. As pistas que as copas dos seus descendentes ofrecían sinalaban, admonitorias, aos flancos de días de guerra e fame, monzón e sol, furacán e airexa no mar. Ante a paisaxe de agrestes balsas, as opacas ciceladas, que esa mañá o astro rei entregaba, revertían sobre os homes entrados en séculos e os seus métodos de supervivencia cana. Ti, no teu abraio de invernadoiro de nenúfares, examinaches as enfermidades que coidaran as miradas, as escudelas fregadas en tamañas augas, as vertentes do azul.

Estorbado pola luxuria do paseo, oraron os teus pés o camiño feito ao andar. Esmoreceron as tormentas con tal de que foras acompañado no traspaso de barcazas e peiraos, rematando nun intercambio de romanas para froitos secos.

Envolto na ebriedade de grandes cortinas, corcosiches montañas xa feitas camiño, e enfiaches os momentos de familiares sen radio. Cun dedo húmido tomando a temperatura ao vento, declamaches os últimos versos que faltaban para compor unha canción. Con outro dígito, arranxaches as combinacións cunha soa reunión; visto a triunfar en certames de carentes Lautreas. (Ignoraban as falanxes as gardas que habían de tomar apagadas preseas, desertaban do estorbo do pracer da odalisca, pactantes apátridas de alfabetos bilingües).

Un almorzo entre as plumas escoitadas dun galo, a sede dunha orchata composta con leite de arroz, o complexo de padecido por un amor (chamóuselle, noutra hora, traidor, profanador, asasino, e andou guiado pola tolemia cando foi achado pola súa insolencia): ingredientes dun breviarío que se camuflou entre os comprobantes de compra que honraron as loitas daquela parte do día.

A densidade de vapores humanos, os cúmulos rasantes: primeiras advertencias de ditos momentos. Nulíparas de seis anos acomodaron as súas galas de conciliábulo palúdico cada vez que as solas dos teus zapatos decoraban grixo, aceite ou pan. A elas acudiches para servirte da súa paciencia doente, roubándolles engurras, tomando prestados os seus ademáns, extraendo os seus fedores –pensaches empregalos para reenchecer frascos ou aromatizar os circos de antigüidades. Con todo, non eras o primeiro devorador de enquisas persoais, omnívoro abstemio e parco no comer, que rexeitaba os pisolabis dunha merenda de obxectos vocalizados.

Así, na antesala a un elixir de cámaras cedidas á aldraxe da cor –ás veces este apoucado á servidume da pestilencia do labrar de anos de uniformes para alimentarse– contactaches cos efecos sarapes e pinreis cuneiformes. Foron estes protagonistas de secuencias de princesiña –ti non perdiches o recordo, en ningún descanso– cando as conxuncións comparativas entrelazaban os seus nexos entre adxectivos de lugar e/ou tempo. Gramático de oracións de espiña dorsal, estragaches as tarabelas cun percorrido de fragancias cromáticas.

Edificaches sobre soares habitados por xenuflexións e respiros de intersección, durante o tempo que o fume expelido polos perfumes fraccionou as túas ecuestres interrogacións,

acusadas de copular con inocentes libros de texto. Non obstante, as ataduras conviñeron en fiar o teu instinto e protexeron as túas cuestións con envoltorios de abrazo acabado de festexar.

Agora, uns pasos máis atrás, rifas o esquema e sitúaste no comezo dun canellón onde se abrirán as portas dun palacio de labirintos sen arbustos. Serán perennes ramos o xentío e as improvisacións que rexentaron cuartos de séculos; ti, o fiel reflexo dunha Venus en guerras tribais: Ela levara a prosperidade entre os seus. De profesión, devota, fotógrafa; resistente ás manifestacións continuas do fluír do tempo, cacique de sorrisos, inimiga da novela e a biografía, amante de simbioses de ser humano (ás veces existe). Percorreu países en busca de algo que pagase a pena ser atopado, baleirou caixóns de arcas feitas de bambú, arrestou os arqueiros co seu flash de instantes, fechou a orfandade de hilarantes fumes escapados a narguilas e pipas da paz, machucou a herba mate entre os seus dedos e entre os seus calendarios; mais, de todos os logros conseguidos nas súas travesías de estafador de inmediateces, escolleu os sabores do escuro –ás veces para eles, os outros, paro os de aquí, os innomeables.

Gravadora de impresións, mantivo Giocondas no medio das pertenzas dos seus apousentos. Curiosidades dos seus pasares pola vida: a súa presenza orlou o vagabundeo da prosperidade e tinguíuno de fiel amigo, producindo halos de simpatía entre os gañadores da súa achegada sombra. Emporiso, a pesar do acomodo de concordancias, non todos os compoñentes para a paz eterna, ou cando menos duradeira, desempeñaban estudos de extraordinaria beleza. En consecuencia, perdeu a motivación polo lugar e rendeuse aos gravados de grandes urbes,

esquecendo un dos seus cadros. Este, o da Vinci máis prezado, foi extraído de entre as súas pulseiras cando sorteaba bicos e abrazos entre os aldeáns. Impedida para unha volta fugaz, unha vez se decatase da subtracción, pacificou os meses do seu diario para atopar a data de partida. Coa ilusión e esperanza por trabar lazos perdidos nos ollos da lúa, foi sorprendida por oráculos austeros que non dirixiron máis que despropósitos cara á súa persoa. Saudada por un dos peregrinos da longa estancia, recoñeceu nos seus ollos as súas inquedanzas e soubo o valor dobre das alegorías do templo que os indíxenas adoraban. No medio de tamaña confusión, sorprendeu aos oídos da retratista coa veracidade das crenzas: O cadro estaba no altar da súa igrexa. Era o deus máis adorado, o único que recibía pétalos de buganvilla cada primeira noite de lúa chea. A súa volta ao poboado facía temer os fieis pola posesión do ano de ben-ano de mel.

Agora, proseguen os teus movementos. Logras reunirte cun embazamento de mantas, cortinaxes e velarios que cobren traxicomédias de hoxe por hoxe en lugares de onte. Con frecuencia refusas o contacto con impulsos puros ou conversións de autor, alimentando o embruxo do ego inconsciente, aspirando a conquistar a memoria afectuosa, explorando na irritación do animal sendo home, musicando as barbaries de días negados polo sol, combinando os sons de madeiros en rolo con mantras de labrado poder, apincando homes-calzados en sinal de bendición cortés.

Extraviado nas marismas de armadillos de madeira e arcas de vestidos talaes, logras orar nun salón de lúgubres gobernos. Sinistro arrecife de madeiros –coral de nutrientes para o escaso

de viñas que podar– encerella os teus ladaícos coros –indolente ora pro nobis– coas cifras de chorros de húsares sendo moumeados. Ortografas a humidade, e decoras co alento austero da ignorancia agnóstica, o prurito de evocar futuribles decisións; en cambio, só as nordesías dunha lámina en mal estado, o estupor do seu enferruxamento azoutando os condimentos dun adro ateigado de grilandas de pensamentos e coroas de polgar-maimiño, evacúan os enfrontamentos de clans xemelgos. Neste sentido, agoníanse os poios dos tellados veciños. Nun receso entre a túa posta a punto para o sermón da mañá –calado caxato de trote continuado– banalizas cos informes da veciñanza (tres rúas cara abaixo, todo recto despois da ponte; unha señora, vendendo rosquillas caseiras sinalará co seu ollo de cristal un horizonte de Klimts nas alfombras dos seus bicos).

... E aínda que os vermes sempre estean famentos, buscan a súa oportunidade entre os barrotes de incineracións adornadoras, adestran as súas manobras coa cinza que todos temos de cada un e son felices cun encontro de divisións de ataúde. Constrúen imperios nas cuíñas afanadas do esquecemento, recrean os ollos do peixe e o palpitar dun ave pedichona, migrante, voluble. Alimentados por un frugal sentido do morrer, as súas arcas son eles mesmos, o labirinto de centauros doutros tempos, o percorrido silencioso da dor, a incerteza dunha posesión de adxectivos inxustificadas que lapiden as túas inocencias e santifiquen os teus piropos. Obvias lembranzas, obvios agarimos, falsas memorias dun áspero lugar sen data, eles sempre están esfameados.

Nese remuíño de matrimonios de froitas en cemento, cascas de tóxicas arroutadas de días de viño e rosas, enguedellas un soliloquio de verborrea musical coas cretinas máculas dun

deserto desalmado. Ensartas equilibrios flamíxeros esperando obter recados de gusto apetecible, sortellas febles de pouca manufactura ronca, levitacións comprobadas, cando o único que afecta ás túas verdades son as sombras psicolóxicas do medio-día –un cemiterio de cantidades ¡incestos! e proclives inxustizas espavorecedoras.

Dentro, novamente, dese recheo de carriza, aloxado nas diatribas de preferencias lunares, os hisopos transfiren poderes beneficiándose deles as mans entrelazadas e os melódicos sermóns de servos impropios. Rosarios de avemarías resultan de ser mestre o tempo, o oído aromático, as folganzas reservadas. Espertan as pías frases de gozo e afouteza a roda-fortuna de máuseres ingratos propagando colleitas de envexa nun exterior domiciliado nos barrios nortes de cada localidade. Estarrican mecenas cos abanadores mártires de homes de lentes, cando, aínda dentro, ti e as provincias da dor aflíxense da visión de espíritos só plausibles en desleais intervalos de cafés e infusión.

Cal manancial de seguras nupcias, ondeas saúdos na cerimonia do exterior, engadindo parábolas de ordenanza establecida ás bondades efémeras de botafumeiros sendo orlados por mans crasas e espiñentas. Os ósos de abrollos entoan as súas despedidas ao teu paso, que se fan fervor da perda a medida que os teus abrazos dan por máis ter morriña dos textos fáciles dos nosos brazos mortos. Así, pouco a pouco, abandonaste aos fracasos, aos golpes de estómagos impúberes, ao roubar imposto polo vento sobre xogos infantís de caza ou pesca, ao galimatías dos receñidos.

A febre, síntoma de días sen ácimo, existe finxindo as súas temperaturas, aflixidas ante a mostra rápida de colchas de algodón e la. As súas mostras de amarga doenza brean a golpes de

famélicos matrimonios, cos soños furtivos de fantásticos xornais. É aquí, alén dos mares, alén de sistemas de tipo diverso, que se indican con sinais de identidade os palpitaes de noites sen alborada.

Porfiado, usas as sementas con velocidade, escorrentas os torpes porlóns que escapan ás súas entradas e notificas con reunións de beiravía os cortesés zurcidos. Analizas os póstumos contactos con baladas de fondo, lacaios de zapato, ordinarios comensais ovacionais, as liñas circunscritas nun almanaque de domingos e festas de gardar; non obstante, escapan aos teus ollos os consumidos doces que han de ser empaquetados, os líquidos que referiron comentarios verbais, os emblemas de pasivos personaxes de fouce e anciño. En consecuencia, despois dun cese de presumibles versos sobre as loas dun aro para pano de mesa, ou enriba dos créditos dunha infusión-fanzine, legaches os teus sinceros proemios aos lastros –cubículos expositores; vidreiras de anterior percepción; sufraxios de inxustizas, vexacións, golpizas, enterros, anxos da garda de outrora zapatíños roxos; insecticida para o que escorrenta pericias co seu candor; sosego; desterro do aflixido; sombra dos deuses; cerco de codelos; detalle dos encontros e ave césaes; estudante de libros deletreados a escribas sen enxeño para seren transferidos a aqueles sen terra (“Hai homes que loitan un día e son bos; hai outros que loitan un ano e son mellores, hainos que loitan moitos anos e son moi bos; pero hainos que loitan toda a vida, eses son os imprescindibles”, que pintaron sesenta e oitos saídos dos bembos dun Bretch); simulacro de banquetta á fin e ao cabo–, prestando minutos a un neno de oito anos. Este non te obsequiou con contos de verdade fantástica ou con sorrisos e grazas de malabar futbolero, fuches ti quen escolleu entre os

seus ollos as novelas das súas vidas. Orfo de leite e pan, patriarca de incunables literaturas, foi o albornoz diúrno dos achaques da idade. Eremita nun castigo de humilde fobia, á súa instancia cimbraron varios iris ladróns de meniñas. O agora protagonista, apostara os seus descansos con fintas míseras alá onde a pobreza non é endémica, non é marxinal, non é ignorante, non é mísera, non é solitaria, non é inmoral, non está indisposta. Derramou cálices infrinxindo as leis de caída libre das ladeiras –devoto ocioso da reacción reflexiva–, procurou asomar as súasafiadas enxivas –desarmantes esparadrapos, confianza do seu pobo–, adubou leccións de prudencia –adorador, acubilla de idiomas de tres palabras–, matrimoniou os seus lenzos e tálamos cos coñecementos doutros anteollos e sentou os seus reclamos entre a hospitalidade e o asombro. Rico vivente de erixidos meses, oficiou silencios, confesou aos demais. Conciliou, baixo a mirada das súas axilas, os apetitos piadosos de donas da súa angueira, pero descubriu o seu final nun apuntamento bibliográfico de outra guía. Espírito de tribo, bandexa de vagaxes oportunistas, só o neno preambulou os insultos de signos de exclamación. Foi o pequeno, co seu receo e as súas solucións de vida sa, quen apagou as luces e aforrou os soños de vitorias de humano a igual.

Máis tarde, edulcoraches os asentos dunha excursión fronte a unha lagoa lisa, tómbola de volcáns, e bingo de solpores e alboradas. Alí morneaches as túas mans, nos bordos desacougantes dun díscolo cráter vacilante. Sentado fronte a follas baleiras que decorar, como fondo un económico vaivén de *christmas* perennes, persuades a soidade cun convite de metáforas e lendas:

As nubes partiron o rubor da luz de casca de pomelo do sol, con elas chegou o anuncio da fin da guerra. O sacerdote, detendo os seus brazos no aire, pousou os seus pés no percorrido dos veos e correu, proclamando a salvación, cara ás barbas da igrexa. Ao tempo, pregoeiros partiron anunciando a dita por todos os dominios.

De noite, véspera de mercado, as luces dos barcos alumearon as montañas con tanto fulgor como as estrelas. Mercadores, procedentes de todos os lados, turbaron as augas co seu bulicio de cores, chiscando as súas mans ante o contacto da moeda vexetal, o cacao. Á vez, as cimas dos outeiros eran coidadas pola quenda de abades, lendo os oráculos que o ceo escribía no horizonte, rogando pola seguridade –cuberto o firmamento.

Asomaban, de entre as sombras nocturnas dos vales, as obsidianas afiadas, obstáculos guerreiros. A súas treguas adornaban as improvisadas aras feitas no camiño, os chíos das aves, as covas arbóreas. A algarada contaxiou as plumas nos flancos dos diversos grupos guerreiros e invadiron as portas; derreteu terreos ao seu paso e venceu as ansias do inimigo cos seus esgarros de catapulta.

Os afeites de garapiñados transitan á beira do teu perfil, rumoreando os caprichos e vergoñas dos ocasos de luces vagas e columnas de estrelas flanqueando a saída estelar. Gorida de diamantes, crepúsculo de torrados froitos, enchoupa de candor a exposición de bienais fotográficas en salas de audiovisión; ocasión por ti aproveitada como desperdicio de ocasos visuais en intervalos de estalo ocular ou advertencia auditiva aos alivios rexos dun oído postremo cribando gortexas coa súa pre-dis-pos-ición.

Aburres os lotos coas túas posturas insalubres e, só entón, resgárdaste das infamias da noite, abrazando –por penúltima vez, sempre– os rabuños dun gris coello en novos mundos de bola de cristal opaca. Á deriva dese tráfico de acólitos, guiado polo venerado recipiente de cuarzo cristalino, apréixaste dos seus mitos e as túas fantasías para perforar un belén improvisado. Aí, nunha basílica habitada por recompilacións de termitas punzantes que foron rubricando o seu paso, recuperas os temores aludidos en días pasados e preparas os lenzos para selar as equipaxes a tenros pasaxeiros.

En pasadizos, cuncas baleiras de parada programada, aumentas as páxinas dun pensado libro cos arrebatos do teu escudriñador calar: Detonas os risos de tres nerviosas mozas ao preguntares, sen exclamar, pola autoría dunha bandidaxe, cuestionas as preseas que un home leva á súa casa tombado sobre un fedor de viño, calculas os milímetros que coce a servidume de paradas de autobús, persignas.

Nesa gorxa, primeiro tropezas coa árbore dos desexos –o tamarindo– (“Cando á Fortuna lle pareza ben, virá visitarme... e, mentres tanto, espero estará aínda ocupada cos meus amigos”) que se desdoubrou ao verte pasar e, de crequenás, posa ante ti para que te fagas eco das modas que ver. Reencarnado, o facedor de froitos de polpa laxante aplica as súas culpas con humores que ha de levar o vento. O feble movemento das súas voces relativas –subconscientes– mimetiza a franqueza doutro día sen libro nin froito nin árbore. Consideras fundamental os ripios da súa vellez atestada de glándulas alcohólicas e sestas de roxelo menstruando á hora do almorzo. Les nos seus faldróns –pata de galo, como aquelas chaquetas da túa avoíña– o dano que os pantalóns vermellóns provocaron nas faccións imberbes

por idade de noite de sexo. Son as palmas das súas mans, pechadas en puño, o alivio dun descanso, o tormento dun terceiro mundo ao que se lle acabou o sal, o guiador da única bicicleta que o poboado trocou por granadas, mazás asadas con mel e lentellas, en vésperas de competencias infectas pola falla de recesos en que alimentar faragullas resesas. Empeñas as coleccións de instantes para cavar furados nos que amontoar formas significantes que aplaquen a túa ira, que sirvan para amosar ao mundo e responder ás raparigas que che sorrían por compartir faladoiros de cabeceira-documental.

Dúas: As lañas, segundeiros que pingan, son cárcere fugaz de manifestacións e peregrinares. Alí atopas monxas-mestras cos seus pupilos, donas sen letras que rematen o seu apelido, servos de pel de gato e gadoupa canina, pernas que xeonllos-asento son. Sumas sermóns e abrazos de aleito, orballo tardío e chiscas de bla-bla-bla á homilía amarela que un día querubíns puideron chegar a alzar, cun final sagrado nun cemiterio de canallas que venden froitas e licuados con augas azucradas ou doces de concubinato de avésa.

Tres: nunha marisma de algaradas, retrocedes ante o axexo de toldos para o resguardo. Así, acubillado entre bafos dun aroma de café en saudade, vacilas e determinas encabezar unha marcha de adagios entre mazurcas coloquiais. Xa entregado ao devir de mareas turísticas, mesturas os teus pasos entre as pegadas calcadas nas beirarrúas; superas a compañía invisible do teu pensar e acomodas as liñas verticais que rexen as colchas dun crocado colchón de simetrías ocupadas.

Hospedado nos alambiques que unen as tapas dun libro mal encadernado, encérraste nos aposentos dun príncipe que endexamais exerceu coa súa coroa de reinado:

Chegou ao país despois de abandonar a esposa e fillos; antes diso, xa noutro destino, convencera á súa señora de mandar aos seus catro fillos ao vello continente, para que aprendesen os seus costumes e elegancias e, así, condenounos, pouco a pouco, ao afastamento dos seus ascendentes. Os primeiros anos, os nenos creceron espiritual e economicamente, financiando as súas propias carreiras, que máis tarde engrandecerían as súas fortunas. Isto puido contemplalo o pai grazas ás súas visitas anuais, que remataron o día en que decidiu reagrupar o núcleo familiar. Cos aforros preparados para organizar a viaxe, propuxo á súa esposa o traslado. Marchou el, coa intención de que un dos seus fillos volvese na procura da nai, unha vez alá. Antes da súa partida, deixou á señora cartos dabondo, para o aluguer da casa por varios meses así como para a mantenza. Semanas despois, xa cos seus fillos, contou a estes as súas malas novas: a súa nai morrera había uns meses. Mandara recado por parte duns amigos, pero supuxo que a mensaxe se extraviara; despois, como sabía que el mesmo iría vivir con eles, optou por non escribir unha carta, que podería chegar ao mesmo tempo que el, e decidiu contalo en propia persoa. Os abrazos e as bágoas embazaron o reencontro; non obstante, a súa vida continuou a pesar das ausencias. O maior, doutor, non tomou descansos na súa clínica, igual que a enfermeira, a menor dos irmáns. Os do medio seguiron ensinando o que aprenderan nas escolas e o pai dedicouse a visitar os cafés máis caros, pasear os traxes máis modernos e mercar máis; fíxose pór alpargatas de coiro cada vez que entraba na casa, probou as exquisiteces e estreitou as mans dos máis ricos. A súa opulencia chegou a tamaño tal, en poucos meses, que se fixo cun monóculo de almafí, que empregaba para revisar os titulares dos periódicos.

Os fillos, orgullosos de poder entregar ao seu proxenitor as débedas contraídas tras anos de sufrimento, non escatimaron nas súas solicitudes. No lado oposto, a nai comezaba a sufrir a escaseza e horrorizábase ao pensar nas causas que a facían continuar soa. Así, cando os últimos aforros afogaban a súa fráxil economía, suou os derradeiros esforzos e decidiu embarcar, na procura da súa familia. Atravesou o mundo en barco e tren, ata chegar á cidade que máis a lamentaba. A travesía foi longa e dura, pois tivo que soportar as dores e as inclemencias do tempo ata tal punto que a súa primeira visita, ao saír do porto de destino, foi a un pequeno hospital. Alí curou grazas ás curas do médico, quen sandou as súas feridas con paciencia, ata que lle deu a alta. Os cobramentos polos seus servizos prometeron unha espera non inferior a traballos de cociña por tempo ilimitado, idea que supuxo facer monadas por parte do doutor, que terminou por aceptala.

Na casa, onde o cheiro a botica peneiraba os aromas dos condimentos, recibiu paralizantes ou deferencias. Incluso apuraron a súa asistencia o día no que a ama pediu maior esmero, xa que era o aniversario do seu marido. A festa, á que invitaran tantos comensais como os membros da familia que ela deixara atrás, foi celebrada na intimidade, da que puido participar a nova criada cando o doutor a empuxou a pasar ao comedor, para amosar aos seus compañeiros a quen curara gratuitamente. O menor dos presentes, o que menos tempo levaba no país, con bágoas nos ollos, recoñeceu, entre as engurras e as canas da serventa, a súa nai, a quen abrazou e bicou, pedindo desculpas de parte do resto. Ao pouco, sentada na mesa cos seus fillos, estes relataron as verdades e mentiras que o seu pai trouxera consigo e, dende ese día, volveron vivir xuntos, ofrecendo ao

pai a indiferenza cando este volveu da viaxe que o mantivera apartado.

Así, emulando corais de anxos caídos, atravesas unha ma-
drugada; dividindo o traxecto no punto exacto do candor da
alborada, espreguizas as follas do primeiro diario cos ronquidos
dos teus aterecidos dedos. Novas esgazaduras, de famiñas in-
sospeitadas á hora de maior audiencia nun partido de mundial
de fútbol, axilizan os recesos dun arquexo e outro: Dúas los-
queadas acaban coa vida dun aldeán en comarcas veciñas. O
ancián, farto de protestar ante a cuadrilla de mozos, que gozaba
da tarde coa improvisación dun balón de celofán, decidiu cortar
os seus bocexos e dar o asubío final ao partido, do que saíu per-
dendo. Os rapaces, acalorados polo enfrontamento do outro,
que nun despiste se fixo co esférico, uniron forzas para voltear
a porta sen porlóns de ermitán e reiniciaron o xogo, non sen
antes advertir os descoidos do tamaño roubo ocasional. Así, a
ira agravou a pugna e un machete bañou de sangue o cuarto do
home, feito denunciado por un alarmado veciño que ocultou
a súa identidade.

Lonxe dos *tianguis* de doce laranxa en licuado, o teu al-
morzo é o pousavasos do periódico e un refrán co que dás os
bos días ao número impar de demais ocupantes. Decides callar
os raios do sol coa información realista, que presenta prezos
enganándose coas súas datas e tantos por centos, e feneces dúas
horas, nas que te ambientan para ensobrar benvidas. Cando,
consciente da proximidade, advirtes os vidros do camián izan-
do bandeiras irmás, repasas as páxinas que resumiras a xornada
pasada, xuntando frechas que te embarquen en destino seguro.

Nun cafre corredor de degustación de contas bancarias en mans libres, descansas para seres, sen intención, fotografado por verdes ollos de postura rectangular. É deste xeito que asentes as teimosías das perfebas queimadas polo sol, cun anicar de testa acelerado, produto dunha sesión aínda inesperada que percorre contigo os desdéns das fiestras.

Sumido nunha ecuación de detalles de fantasía, evacúas a angustia dos minutos finais coas súas babecas inseparables. Negas coa cabeza despois do resplandor que se veu trala chiscadela dun nopal, asentes á elección dun cruce de camiños e, xa á luz dun novo día, indagas, entre os do medio, sobre o escritor do sillón azul, do que tes lido pouco máis que o conto de Bilíbudu, que el mesmo conta esa noite:

No interior, non moi lonxe das augas que bañan as nosas costas, vivía un home coa súa esposa e fillos –un varón e unha femia. Vivían da caza e, como os mellores veados escapaban entre as montañas na época de persecucións, o batedor marchaba seis meses ao ano en busca do sustento para os restantes. Empregaba dous meses na ida e dous na volta, ocupando o resto en buscar os máis vívidos e rexos cervos. Cando os pequenos creceron, o cativo axudouno, mentres a nena facía compañía á súa nai e arranxaba as peles que despois comerciaban. Un deses invernos, ao regreso, coas costas molladas pola suor dos animais, atopáronse coa nai agonizante e, días despois, morta.

A veciña, que perdera o seu marido, decidiu colaborar co cazador e ofreceuse a coidar da súa filla mentres eles estivesen fora. Tiña dúas fillas da súa mesma idade e podería crialas xuntas; a cambio, el daríalle parte da carne. Así sucedeu, e tan

boas relacións tiveron, que pronto determinaron convivir o resto do ano.

As nenas creceron xogando xuntas, pero chegou a idade na que os mozos do lugar comezan a interesarse polas quinceleiras e empezaron a roldar a casa. A beleza da filla do axexador cativaba os mozos, que non tiñan ollos para os da veciña. Incómoda, trazou escusas para apartar os amantes da outra e que as súas fillas agradasen aos pretendentes.

Así, primeiro ordenou á orfiña que fregase as loxas, despois achou tarefas de costura, finxiu enfermidades para que ela a curase... Ao seu pesar, os mozos non perdían o entusiasmo, polo que se sentiu obrigada a apartar a beleza da sombra das súas fillas. Entón, foi ás montañas, a un cómaro onde vivía un gigante de sete cabezas chamado Bilíbudu e tramou un plan para entregarlla. Un día, antes da chegada dos rapaces, mandou a súa fillastra a por auga ao río, dándolle un enorme xerro que pesaba máis que ela. Unha vez cheo, sufriu para volver a colocalo na súa testa e levalo de volta á súa madrastra e, cando o conseguiu, o peso desequilibrouna e fíxoa tropezar cun pelouro, provocando desa forma que a valiosa xerra se partise en mil anacos. Correu, chorando, aos brazos da señora, que a rexeitou e a insultou por tratar desa maneira o único recordo que tiña do seu marido, e obrigouna a regresar ao arroio e xuntar todos os cachos. Así o fixo a mociña; pero, cando estaba terminando de recoller os anacos, apareceu o ogro, que, molesto, lle preguntou por que non chegara antes, se estaba esperándoa. A pequena, asustada, respondeu que estaba confundido e que non era ela por quen agardaba e que tiña que marchar á súa casa e entregar o recipiente roto o antes posible. Os inmóbiles ollos da cativa

paralizaron ante o aperto das sete cabezas, que a obrigaron a cambiar de destino.

Sobre os ombreiros do xigante, a filla do cazador comezou a berrar o nome do seu irmán e a clamar polo seu pai. Estes, que non se achaban moi lonxe da gorida do feroz, escoitaron as voces de axuda, mais non adiviñaron de quen poderían vir. O fillo, turbado ante os agónicos chíos, subiu á cima da montaña para tentar aclarar a procedencia da chamada. O único que acertou a oír foi o seu nome, sen lograr entender as outras palabras, polo que, como xa estaban preto da casa, decidiron acelerar.

O cansazo apoderouse do vello, que deixou de andar cando faltaban poucos quilómetros para acadar a aldea. Á súa vez, os febles cantos achegábanse sen tempo para pensar, polo que prepararon as súas armas, coa intención de salvar a que xa recoñeceran como filla e irmá. Cando a distancia foi o suficientemente curta como para acertaren un tiro no corpo do monstro, lanzaron a súa munición sobre este, que acabou por caer despois de varias, para el, picadelas de avés. O vello correu cara á súa filla, bañada en sangue, e cargou con ela, mentres o fillo facía o propio coas carnes.

Nas proximidades da aldea, a vella compañeira esperaba ao cazador, xa que sabía as datas da súa chegada. Os seus brazos abertos caeron ao chan con tanta rapidez como os disparos que separaron as súas carnes en tantos anacos como os do vaso quebrado.

E con isto remato por hoxe, que xa é tarde e debo descansar, pois as lembranzas daquel día aínda abren feridas no meu corpo.

Alí, congregado nun recital de palmeiras baixas e pedróns, afinaches os rabuñazos do teu bloc de notas, e copiaches as súas oracións no pulular ambiental. Plausibles recortes de voz concatenáronse ata que un reducido grupo de cubertos deron por rematada a sesión, valorada con moral de lenda, loada co recendo dun viño tinto e a suavidade do tabaco acabado de colectar.

Horas antes, cando aínda ausentaban as túas adxectivacións a súa carga sobre o fume indómito e invisible do vestíbulo do hostel, resolviches colaborar cos asentamentos das ferraduras dun cabalo e serenar, lentamente, a desigual disposición dos cantos que tropezaban coas explicacións sobre a inspiración dos do lugar. En consecuencia, envolto en caramelos de promesas, percorres pontes e as cinzas dun furacán. Persegues o leite dun río, permitindo que as súas augas as sorban os teus pés e zarrapiquen ao teu estómago lembranzas e degoxos de liberdade. Unha fotografía sobrepasa o ceo nese momento; a túa silueta mercenaria, cargada de libros nun vademecum ordinario, espárese tarxetas de felicitación, namentres outros esquecen datas e festexan botellas de licor.

Bailando con cismas e intermitentes hisopos cristalinos, as aletas do teu nariz ábrese para que pasen os aromas do café en gran inda vermello. Suavizas os teus dedos cos tons verdes e vermellos das plantas, beliscas ao vento para que sobre e faga chegar as túas mensaxes de estación florida onde ti (unha vez, plantaches unha árbore), e non despides o control das hectáreas ata que o cerro os tapa coas súas vangardas e arrogancias. Alí, respirando os feitizos doutras aves que fan os seus niños entre a terra, domesticas as dores da alma para que che cedan améns, honestos recursos de infusión gasosa.

Presas das expendedoras válidas ata data de caducidade, descansaches nas rochas que un día foron casa, templo ou palacio deportivo. As dores que oprimían o teu estómago imposibilitaron unha mellor acollida; así, raiaches cos dedos as plumaxes que as lianas roubaban aos seus hóspedes, andaches os recintos de cheques en branco, os encadres dun libro de mil páxinas, sobre certo acontecemento.

Por breves espazos de tempo perseguiches unha parella de distraídos. Ela lucía os seus ademáns e un acento de impertinente, mentres el se aseguraba de concluír as súas frases preto dos embigos do ollo da moza. Houbo momentos no que o home fuxiu dos teus enigmas, atrapados entre paredes de ceiba sombriza ou caracois de pedra. Aínda así, capaz de relegar as visións a espaventos de turistas de bandeira e paraugas alzado, para, dese xeito, premiar a túa desidia cos occidentes dun promontorio con vistas a un arcano bingo, salón de xogos, divagación de astros e deuses, noites pasadas no salvaxe: Dise do máis popular xogo pre-hispánico, xogado con certas variacións segundo os lugares e as épocas, pero con regras básicas idénticas. A forma de H dos seus terreos de xogo aparece novamente fronte aos seus ollos, por diante do altar L, nun lugar privilexiado dentro da Praza das Estelas. Crese que no xogo participaban dous equipos e o obxectivo esencial era manter unha pelota de hule afastada do campo, empuxándoa coas cadeiras, coxas e, posiblemente, tamén cos xeonllos e ombreiros. As paredes inclinadas ao redor do terreo era, seguramente, parte da área de xogo, e non asentos para os espectadores. O xogo tiña, cando menos ocasionalmente, un profundo significado relixioso. Quizais servía como oráculo, co resultado indicando cal das dúas opcións dunha acción debería ser a executada. Existe a idea de que estes

acontecementos foron seguidos de sacrificios dun ou máis dos xogadores, aínda que non é seguro de se estes habían de ser os gañadores ou os perdedores.

As balconadas privadas de balaustradas saudáronche ao pasar. Elas pintaron de azafrán o fresco lucir daquel día, que ti observaches entre as liñas dun libro craso e reflectes os da porcelana, os arrebatos do talador, as tendencias do tear. A maior parte daquel día transcorreu entre escenas de esporas desgastadas e asfalto incinerado, pregando agarimos aos *huaraches* de infantes que estomballaban a súa inocencia con papeis marcadores de sede de fama.

Alí mesmo fulguraron as guías do teu dedo índice, perseguidor de palabras, mentres os teus pés-tocos tocaban arpas de ladrillo con tal de bambear hamacas de pesca e caza. Ese risco de estorbo ao vento, no teu pulular de deleitante dono do movemento sen cadencia, sufragouse con intervalos de afectos e botellas de líquidos enerxéticos.

Entre os paseos de dita tarde, véspera de tormentas de costas, gardas agora a lembranza da túa silueta albiscando altares, tecidos imberbes, secuencias curtas de películas protagonizadas polas nubes... As nubes, capítulo aparte, epitafio, posdata ou colofón a un mes de azares, sortilexios, danzas de raio solar, borraxeira da mirada dos teus ollos.

Conquistado o perfil da chuvia, enceras os teus argumentos entre os ditos que as follas das árbores dunha selva che quixeron relatar. Imbuído nos seus murmurios, as cóxegas dos seus cálices só aloumiñaban a barreira de cristal que os separa. Ti intúes as claves dos seus relatos e agradeces os seus intentos de escri-

tura borrando, cada poucos minutos, os exercicios que a humidade expón aos espellos ocultos. Neste silencioso discorrer da caligrafía combatendo as fantasías da auga do firmamento, lidas coas tatuaxes do sono; non obstante, catapultado polo furor das loanzas de acólitos de Tlaloc, non cedes páxinas a outra lectura, ata arribar, ondas despois, a un sendeiro de pasteis de queixo, bolos, herbas machucadas, xeo, augas, refrescos, e condimentos con raspaduras de xungla e unhas pingas de suor.

Despois de teres desafiado o tempo, deixas que as últimas pedras do camiño caian sobre as amosegas das sobremesas. Farto dos vernices do asfalto, con sede de froitas tropicais, apuras os teus dedos para asubiar aos peregrinos da sede. Dobregas as túas forzas para combater a famenta da marusía e, por primeira vez en moitos anos, cruzas 45 minutos ás beiriñas da terra. Cabelo ao vento, imaxes en tropel cicelando as túas perfebas, errantes aves pousando feces en invisibles cadernos de dobre pauta, crisois nas miradas, xestos do vento.

Testemuña dunha paisaxe entre parénteses salgados, suplicaches aos instantes que enmarcasen as vidas dos verbos e fosen vulnerables ás perdas. Afrontaches as necesidades conceptuando as caídas, distanciando a frescura da rutina orlada, para rematar por ocupar os baleiros dun breviario, porto traficante de escravos.

Soidade escollida non é soidade. Barallaron os teus ósos hostes de celebérrimas contistas. Encantaches as axudas ata ver chegar un neno de sorriso amigo e aceptaches os seus saúdos e agarimos de peto. Durante a brevidade que os teus lentes aproveitaron para seren absorbencia do vapor, razoaches as garantías do cariño e soportaches as inxustizas dun reloxo

que non che permitía descifrar máis que encantos de breves viaxes, travesías a nado entre argazos feitos de pel de iguana ou bágoas expiatorias. Sen darte sequera de conta, xa estaban unha illa de homes que algunha vez foron solitarios, de vates buscadores de inspiración e pintores tenteadores de paisaxes. Varriches o chan areoso cos teus pés, intentando achar unha posta de sol e preguntaches ao primeiro ancián que, subido a unhas redes, sobre unha barca, respondeuche e informouche das mellores ofertas que as dunas ofrecían aos visitantes.

A herdanza do sol, na túa primeira noite na illa, recaeu nos brazos inermes dunha praia alumeada por un peirao. Un dique do que se nutrían rapazolos ávidos de alcohol e faroliños vermellos con música prometedor de corpos xuntos rozando o baile. Sabedor da xenerosidade das mañás do astro rei, uliscaches o lugar coa intención de dar coa morada dos demais herdeiros; alí chocaches coas sementeiras das estrelas sobre o mar. Debatches coas ondas, xoves baralocas infladas de teorías, sobre momentos; bambeácheste nas siluetas da lúa palidécida; aproveitaches as indulxencias da area para alcumar a almofada e valerte dos seus vestidos; convidaches á conversa ás túas pálpebras, larpeiros vasos encaprichados cos murmurios; o resto do serán é un interciso imposible de evocar en liñas en branco, en papeis furadores de esencias, en espíritos médicos sen vocación.

Comprendiches aquela noite os asuntos que argüían os insectos cando te vían pasear, vaidosos, os teus calzados. Calcaches unha desas imaxes nas últimas páxinas do teu aterrado diario e acendiches candeas ao teu anxo da garda, que esa noite vacilou ante a chamada.

As sedas do manto da lúa fluíron preciosas nos contos, namentres ti fabricabas personaxes de chuvia e xarxa. Escollidos os esforzos dos profetas, corriches os veos e limpaches as lagañas ás máis lentas estrelas, para agradecer o poder contar contigo nunha mesa de preguntas. A mesma situación, co pánico mudado segundo a xornada, escribiuse nas portas dos retretes, durante as tres mañás nas que nadaches baixo a auga ao redor de paletas con sen fins de cores e humildes duchas frías.

Fuches un insólito pasaxeiro de súbitas novelas de camiño, un porqué ás palabras, un superfluo pergameo para buscadores de tesouros, un xordo corpo estudando por acadar as ondas aínda non vistas no horizonte, un trasno alleo á luz. Fuches testemuña de ensaios cegos de obsesión, de situacións ao servizo da extensión de listas de correos, o punto final dun límite enunciado. Fuches socio co silencio e, xuntos, vendestes esterlinas de ceo e mar, infectastes as praias de area branca coas sombras dos vosos suores, regalastes sonos, alugastes os vosos cronómetros aos ocasos, para cobrarlles calma (ás veces, en realidade só dúas desas veladas, incluso comestes flocos de millo). Fostes un antes, mentres paseabades polos sendeiros de colexiais, e un despois, cando organizaches peripecias nos asentos dun taxi dominical. Fuches un momento entre instantes, nun lugar entre espazos. Fuches alí, por catro días e, precisando as normas do teu diario, escondiches novas despedidas en aneis de Entroido.

As uvas negras, deleite dunha tarde na túa cama máis ancha, padexaron os teus dedos co consentimento, sempre tímido, dos teus ollos. Navegaches por estrada e remataches nos compromisos. Débil, despois de ter pescudado as mentiras dos ingratos praceres, esfumácheste nun *rick-saw* apresurado e durmiches os calares coas noivas das carteiras.

Cando aínda non sabías que haberías de ver o ceo nas súas mellores galas, que as margaridas murmurarían contos de fada nos teus oídos, que as lañas dun cuarto habían de ser o teu peor inimigo, tiveches tempo de espertar as cinzas dun peirao, cun fondo de catedrais, teatros e béisbol.

Xa pasaron 24 horas. Lembras, maiormente, os pregos de 16 follas de caderno-diario de viaxe que foron abatidos. Calculabas as liñas sucesivas con alegacións a unha cea á que te invitarían a sentar, e convidáronte. Bebiches ron branco con zume de laranxa e si, lembraches: as sorpresas dun salmón e os abanos de *roastbeef* solitario nun arquipélago de patacas fritidas, os ademáns dun televisor e as acrobacias dunha pina –esta picada sen axuda de mecánicos de carreteira de banana cor laranxa– os devires dunha masa de leite e fariña arroupando prebe picante, os persignares de libros de tapa dura asalando baixo mesas de viño branco e música étnica africana, os envites de coplas e solos de guitarra, os avatares de viseiras convencéndose de non traizoar meses de embutido, as eternas sextas de sábado –festa de gardar– e as súas trincheiras de cocidos fríos en bancos con luz de lúa, as fogueiras na honra de poucas cridas festividades, as artimañas para invocar espíritos manexando as sobras dun prato de pasta, os balanceos dun poeta realista e un viticultor posmodernista, as acacias sobre fondo gris, os barloventos de mans en conducción musical, os espertares de rubiéns prístinos.

Alí se lapidaron, en sancristías de sumidoiro ategado de sinistros, as lianas dunhas unllas que transpiran e xa permiten a observación dos tubos de neon sen magoar os zooms. Pidamos por elas; oremos como aquela vez na que se pregou por unha galiña que as couzas trillaron, pola aposta de construcións de

crucifixos, polos pés sen calzas. Rendamos homenaxe á tea do pirata que acolle rezos maias, ao trezado dunha tarteira de millo ou á moeda sen valor que escapou dun billete desvalorizado.

Ascenderás as luces en sinal de protesta; inventarás cancelas para calmar a risa nerviosa dos riles; titilarán os ollos, de cando en vez, como reproche e choricada, pero terás que continuar o teu labor de esfollar margaridas e inverter a orde das ecuacións.

Os funestos silencios, de ampliación matemática a través das computadoras, traficarán con nenas de ollos saltóns e melena recollida, saciaranse de envíos postais de intercambio filatélico, numismático, fóbico e filico. Ti, asentirás ao reloxo, repasarás a evolución dos metais dende o australopitecus, romperás os mercados de días crueis, tocarás timbais e rastrexarás por moedas de cheiro a café, concursarás en mañás sen barbeado, escenificarás elocuencias dispostas en policíacas chamadas; emporiso, os timbrazos dun xeonllo coxo, os laios dun caderno de pautas a punto de ser macelado e os excesos dun coitelo sen buceira, engaiolarán as bendicións e leranche un derradeiro conto antes de ir a cama.

As biopsias de días pasados vociferaron o matiz dun fermoso e pequeno xardín con vasos. A súas curvas aveludaron as follas de nutritivos bigarróns, barbeando os matrimonios con galopintos e azuis almorzos sen ventilación. As súas catro esquinas enfeitaron os cacarexos dunha galiña timorata en busca de mellor crista, e os coloniais recendos verde e azul psicolóxico.

Unha cereixa sobrevoou a beiravía.

Deste xeito, cun movemento decelerado de despensas, as erupcións do vento difamarán sobre os seus badalos inquedos. Unicamente os sumidoiros levantarán as súas armas pola causa, para chiscar as escorreduras da dereita, para uliscar os ventres faltos de mesa na que descansar, para lamber as bolsas de auga competindo nos seus triciclos. A estas arroutadas haberás de unir as respostas ás túas preguntas de periódico de limitación onírica: choran os anxos?, ouriñan os demos? Si, responderán os mapas escatolóxicos e os experimentos de asfalto en holograma.

Entón ti, astrólogo, prestidixador de faixas,

A beiravía sobrevoou unha cereixa

calcularás os movementos de cabeza necesarios para auxiliar os súcubos que zarrapiquen décimos de acne das súas gorxas. –¿Era durminte o belo bosque?–. Sazonarás os comprimidos para o mareo con perdóns de bestialidade e ignorancia, mentres limas as beiras de asentos de autobús, embazas os cristais de libros de premio Nóbel ou concedes entrevistas de queixo, crema, vainilla.

Outra vez no teu oficio, cicelas as achas de estradas con alambiques adorados, espavoreces os xeonllos das cabichas, valgadas montañas enriquecidas polo lingo, enxugas as bágoas dun vidro para constatar a túa sinusite e evaporas os bruídos dun cadaleito para esculpir machetes nunha selva de fosilizados codelos ferruxentos. Con todo, só tratarás de reencher burbullas baleiras. Agora que os panos de mesa xa son música, o azucre sérvese en enormes recipientes comunais, a pementa cedeu o seu posto ao chile *jalapeño*, as novelas non perden

as páxinas-dedicatoria; mais chorarás a inmortalidade dunha embriaguez sobria, as gravacións dun quetzal namorando plumas da mesma cor, as feluxes dun xamán intoxicando rosarios fluorescentes, o mergullamento entre mazarocas de plancto, a alquimia que naceu en fronteiras non ben delimitadas.

Sorrirás esa mesma noite, coma os viquingos que se atrevéron cos cadornos polares ou os nautas de casca de noz, á menta. Beberás de pasaportes botados de menos, sen renegar do orballo nin do voo da gaivota, pero serán aqueles irmandamentos de canceira os que seduzan o teu ricto.

A pesar das garatuxas da clorofila, os ovos clamarán unha follaxe de sobremesas e aqueles cebiches rexeitados. Ti, bendicido polos informes do sangue, espremerás cadeiras e feiras mentres as herbas se entreteñan co achado dunha porta de saída de emerxencias, e os mariscos serán servidos nunha orde de famentos pescadores de baixura.

No mesmo lugar no que os cisnes se encarrapucharon para ocultar os seus ollos estrábicos, moverás o manubrio dunha caixa de pretextos intentando apañar bolboretas con ás de papel cebola que che dean espazo no que escribir sonetos. Albergarás espazo para unha colección de substantivos e acugularás de tinta as cuncas de viño tinto que acompañaron abstinentes ceas de faladoiro. Aí, despedirás con xestos de desaprobo, tanto os grolos a cafés enloitados como as sentenzas a delinquentes protexidos pola súa minoría de idade, co que saudarás pedras de volcán máis que arxila de cabalgante.

Non puidiches evitar mover o cóbado que che faltaba; sincronizaches a paisaxe con máis brumas en peregrinación, á vez que os milagres estendían as súas mans, e programaches voces achegadas a novelas radiofónicas. Agradeciches o acubillo e os consellos de lugares onde xogar, para ofrecer sacrificios de betume a divindades daquelas que unha vez acapararon brancos tipográficos, calafatearon as dobreces de cadernos de exercicios e confesións sen penitencia aos oidores conversadores con suficiente café nos seus corredores.

Converterase a selva na túa apsasía, cortesía e escrava das túas danzas; fuste dos teus pensamentos; luz das tebras; corazón dun río. Os chamizos do seu saboroso zume masaxearán os condutos polos que quixeches conquistar nacións, remexerán o frío dunha manta eléctrica, alertarán as súas rendas –tamén as túas– a sendeiros de teleférico partido por binocular, congregarán baixo un mesmo alcume aos padriños dunha eucaristía sen sangue nin corpo. Sen compás, sen ollos ou vista para a situación, ti carpearás o diem para facerlle felos á ceiba e á buganvilla, namorar galiñas de río, facer papiroflexia con orquídeas, envelenar as túas unllas de modelaxe, bambear ao vento cunha soa man, descifrar xeroglíficos verbais escritos en diagonal –sen fin de arteiras crenzas para o que non cree en pouco.

Con todo, os lavapés velarán –por quinta noite consecutiva– polo mantemento deshidratado duns remos de rafa de pan. Coas súas abatidas miradas, esfolarán os envoltorios de caixas de galleta con láminas divisorias, filmarán curtametraxes de ciencia ficción, tentarán poetizar os versos pares de oracións de misal...; non obstante, a pesar das súas catas, os días serán máis curtos aínda que o verán non chegara e os espertadores

seguirán repenicando cando a primeira pinga de orballo caia sobre os seus pétalos murchos. Así, ti non terás máis obxectivos que adular os berros de heroes de revistas infantís e almorzar cereais con leite vitaminado.

O tempo transcorrido será o suficiente para ceder os porlóns dunha porta a unha araña exaculando. A súa audio-visión farache serpear entre pingas para humedecer as túas extremidades e sacrificar nutrientes polo método da guillotina apedrada, sedimentar lagoas sen vida ou construír palacios xaponeses onde antes as escalonias cofaban o ceo, dar sombra aos teus ombreiros con antucas dana das por larvas insignificantes, regar os cráteres do teu espírito con auga de chuvia e billetes para o metro, reinar –con coroa de milflores engrampadas– sobre cestos de costura de agullas, metamorfosearte na andoriña de manglar para facéreste invisible aos ollos dos arbustos e mofos de árbores meridionais, fusilarte cos remuíños dun pozo de río enlodado, sospeitar do frío e a inocencia dun corpo, xemer para apagar os resortes dun cuarto de hotel, boquexar para liquidar discusións sobre excursións a un istmo por crear, afiar os guanacastes para que transmitan os ecos de rifas veciñas, propinar ao colibrí con xestos de tarántula repousada, cacatuar os chopos do café acompañado de palmiño, embazar cabezas de chinchetas co teu índice e alimentar a cobiza do polgar con vantaxes comerciais, esperar novas do parqué, canalizar o mar por túneles ou pilotes de espiga de coral, aplaudir os malabares dun faquir preguiceiro, osixenar os carburantes dun edificio sen saída de emerxencia, amenizar os seráns con bocadillos de azucre e botellas de cana, roubar espazos ás sombras chinesas, coleccionar insecticidas en boticas de varias rodas, salaiar ter escurecido o rosado dunha lingua, asubiar rancheiras a unha

couza, hospedar unha iguana no teu camiño a casa, encrechar o ceo con recendos doutras bufandas, perdoar as traizóns de ida e volta, corcoser calcetas de fin de festa; en fin, escribir os pés que se perderon nas fendas de pontes colgantes.

Choven paraugas.

Unha marquesiña cos seus doces de queixo, queixiños, zumes de laranxa carbonatada, e utensilios de cociña lenta papapetarán os milagres de vésperas patrióticas. Entregarás os cubertos non necesarios para a túa cea e comezarás os teus contos. Antes, os teus xeonllos vetustos tomarán un prostre e doarán papel rosa ao chan, para que as cascudas se divirtan mentres os escritores acenden candeas coas súas sestas.

Ao son de elefantes, coa teima de que ninguén te queira, comes movibles vermes con esqueleto. Programas trinta e oito minutos no reloxo e agradeces a ventilación, a coxeira dun vello roqueiro que che cepilla os dentes e o séquito de basiliscos que sobrevoan a cabeceira da túa cama.

Sabedor de refráns de alpargata filósofa e sementeira filosa –¡aprenderás a ler cando non se chore de fame na milpa, cando o ouro cubra as mamparas da envexa e o odio, cando as airexas esterlinas reguen o xardín de Hespérides bulímicas, cando do axóuxere de pensamentos broten sementes, cando merquemos con niños de oropéndola, cando o verso garde o corazón nas nosas bocas, cando a boca saiba de corazóns!– trasfegarás en mareas de evanxelistas ou apocalípticos para rogar pro nobis outra fábrica de burgueses. Zarrapicarás o bulleiro, discriminado polos albaneis, xirará a túa buxaina en busca dunha mellor imaxe, ata tecerás serpes de metal para achar os teus pés.

Prosperará a túa angustia cos códigos ácratas de tianguis de roupa de estrelas, ofreceranche as mans para remachar botóns ou pechar ollais, pero as participacións gañadoras xa foron repartidas e ti quedarás fora de concurso. Competirás en galerías de globos inflados a pleno pulmón, sen refugar a posibilidade de ilustrar cinzas con plumas de quetzal ferruxento. Inscribiraste en sesións de terapia a gargalladas para subordinar os apetitos hilarantes de sopas de alcol e augaceiro nos zapatos. As túas ocupacións sorrirán ao dente de allo e puirán os cadafalsos e escabelos para o teu pensamento, acolcharán as rifas de eucaliptos con cafeais, nubrarán os graffitis de pertenzas escasas, brindarán por un xoves sagrado á hora nona, escribirán receitas de *pancakes* en ouriñais de estrada urbana coas púas dun raio e as cores dun lóstrego; á vez, contarán os dedos que unha sortella pode posuír e os pescozos dun calvario de sandías.

Entre areais de chanto, libélulas hirsutas ao fío serpentoso dunha lámpada de baixa potencia, centrais telefónicas formato catedral e a vertixe dun mergullo entre barrís, o mofo do teu neceser escumará os alambiques de música. A túa excursión polas dunas de area e penicilina avantaxará os barís asentos de vimbio e as súas afeccións, co que poderás matar os sons dun eco con abecedarios de folla seca.

Enlarafuzaron de mistos sen fósforo e rolos fotográficos sen revelar, cociñarás entradas que poderán abrir apetitos irmáns ou olfactos indíxenas; mais os condimentos necesarios para as túas sobremesas calcinarán desertos –quizais encubrirán os furados de calcetas xeracionais, quizais sexan batidos por unha infantil competición de béisbol, quizais apunten a liñas seguidas.

Estás obrigado a laiar-te baixo as axilas depiladas, esas que inflúen na defensa dun almorzo con froitas tropicais, iogur e muesli; silenciar os secuestros de gargantillas, tatuar os teus nocellos co fume de cigarros mal apagados; distinguir lavados para cambiar de identidade; candeas as cremalleiras de pucheiros de mel de maple; coser sen dedal; cantar o arrorró ás tripas para que non estrañen o peito que as aleitou; canonizar sedimentos de pétalo de flor; colorear as sombras de cadáveres crucificados; abanear as arroutadas do vento; contar piollos en mans inimigas; negar as glorias dun salmo.

Lidos os teus deberes e obrigas, barallarás os naipes para programar a fuxida. Os itinerarios de viaxe, esgotados; os guías turísticos, camuflados; preguntarás ás casetas arbitrarias polos atallos ou devasas, pedirás amparo ao matrimonio e darás abeiro aos teus pés xaxuantes. Alcumarás con rolas románticas os moldes de cadeira plus ril; pero os teus embelecidos de amabilidade triscarán a paciencia da vixilia, beberán chiscadelas de desaugadoiro e acadarán os seus índices admonitorios na procura de gaiolas desinfectas.

Vacinarás as mantas emprestadas con sabas de felpa impoluta –nocellos servidos dunha lección–; sen preitos siameses sol-lúa, noite-día, calma-tempestade, home-muller. Para rematar, inxectaraste contos de pé de cama que eviten a túa asistencia ao cine:

Era torto, mais, por non vivir no país dos cegos, non era rei. Moraba entre ambidextras pupilas verde-mar azul-ceo; recesaba á vez que os seus compañeiros de aula, pero el untaba o cemento con area mentres o salón unxía o pavimento con cosidos de hule progresado ou pateaba as bágoas do chan fustrigado. Vendía á súa nai por copas de licor adulto, provocando

garrafas de cellos engurrados entre os espectadores, brasonando o sentido uniforme dos lastros e comprando encomios prostituíbles por bolsas de maní. Ela, a vendedora de amarantos, parteira de tlacuaches, escapulario de chicatanas e chapulíns, huarache de espule, abella de guaxe e pitaia, larva da resina do copal; ela, mazaroca de granadas, mecal de noites en vela, cal e estuco dos seus descendentes, vaíña dun machete con máis de 9 de embarazo; ela, enxugaba os vómitos dunha escola precoz con cuncas compasivas e pucheiros de algodón. El, coxo ocular, relambía o seu bastón cun ósculo de perfebas e sumaba ou restaba laranxas dependendo das tarefas. Xuntos, cicatrizaban e purgaban as feridas dos feixóns nocturnos, compuñan sonetos de dez contas e sopraban cirios cos seus saloucos. As mañás procedentes dunha noite –maioría delas– vivían mutilacións; tan só exercitaban as tarefas ortopédicas. Con todo: os seus atardeceres insomnes sempre versificaban contratos ou pactos de prostración. Así pasaron os meses.

VERDE

Deteste para recapacitar, facer contas e trazar liñas de viaxe na túa mente. Perdiches a túa nai cando tiñas sete anos, e de ela apenas lembras os seus cabelos dourados rodando polo seu lombo, os seus agarimos no colo mentres che contaba unha fábula ou os recortes de revista sobre a mesa de estudio. Foi nese escritorio, ategado de fotografías, contas, citas, apuntamentos e os teus primeiros debuxos, onde vos despedistes:

—Vou saír un momento, fillo. Remataches as tarefas?

—Pois... só teño que colorar.

—Pórtate ben, de acordo? Teño que saír un intre. Dille a papá que despois o chamo. Dáme un bico, meniño.

... E décheslle un bico e unha despedida de cor violeta. A sombra da súa cabeza escureceu o ceo ao que quitabas brancos, antes de irse e, velozmente, gravaches a silueta na túa paisaxe. Cos anos, recuperaches o retrato inacabado e engadiches escenas a eses pómulos, sacrificios aos seus ollos, suspiros ao seu sorriso, leccións con variadas preguntas, versos alexandrinos ás súas mans mortas.

—Deica logo, pequeno.

—Adeus, mamá.

—Nunca digas adeus, soa a despedida, á última despedida. Só deica loguiño.

... E décheslle un ademán de lapis sombrío anunciando retirada. Entón ignorabas que o teu adeus soara como unha dolorosa verdade que ela pretendía ocultar con chamadas de teléfono esporádicas que terminaron por fuxir con ela:

—Ola. Non che podo falar por moito tempo. Feliz aniversario. escoita, pórtate ben, estuda moito e non esquezas que te quero. Eu estou ben, só quería escoitarte e dicirche que quero que saibas que che sigo querendo.

... E colgou... Apuraches un xemido, para que chegase ao outro lado da liña, pero non conseguiches máis que enxugar as túas bágoas coa volta do teu pai a casa:

—Hoxe volveu chamar a mamá.

... E el abrazoute, uniu os seus dedos cos teus, bendiciu a túa fronte cun bico, e entregouche un pequeno paquete gardado nun dos seus petos: —Feliz aniversario.

... E hoxe cumpres dezaioito. A túa obsesión por esa liberdade das idades chega a convencer ao teu pai e permitirá que viaxes só. Decidiches partir na procura da túa nai; váleste das pistas que foi deixando durante os anos, para trazar posibles destinos: India.

Choran as túas meixelas cando abrazas o teu pai e se con-taxian do rubor as súas tímidas mans. Percorres as beirarrúas, antes de montar no taxi que te levará ao aeroporto, con temor, parodiando as xunturas do cemento cun sórdido movemento de ollos morriñentos e tristes. Sabes que has volver, en menos dun ano; con todo, danche medo os almorzos lonxe da casa e a posibilidade de volver sen o buscado; aínda así, firme nas túas ideas, loitas contra os choriques dun abrazo que se alongará na distancia, e cedes as rendas a un condutor que observa como cabalgas nun taxi de frescas opcións.

Unha vez no confluír de xentes do aeroporto, adurmiñas as trasfegas de paseantes e andantes, co teu folgo impávido e o rancor ás cabinas de teléfono:

—Papá, xa estou no aeroporto.

—Ben, fillo, que tal vai todo? Toma unha camomila e reláxate mentres non saia o avión.

—Aínda me quedan unhas horas.

—Aproveita entón. Cóidate.

—Si, papá.

—Chama cando podas, dende alá.

—Chamarei, non te preocupes. Prometo escribir cada dous días.

—Cóidate, fillo.

—Deica logo, papá.

Tras una marusía de números e ollos fronte a ti, rozaches as baldosas coas palmas dos teus ollos e lanzaches advertencias valentes ao horizonte. Respiraches fondo antes de que deses o último ata logo ás garatuxas das noites con luz eléctrica, chiscaches un ollo ao seu compañeiro e racionaches momentos de asueto para acalar un futuro non afastado.

A túa primeira impresión, fóra do edificio que comunica os primeiros graos de aromas de India, é un torrente de homes que che dan a man e ofrecen os mellores servizos para achegarte alá onde queiras. Dubidas das respostas ás túas preguntas e das afirmacións gratuítas, aínda que cedes por non ter outra compañía que avalíe as distancias ou someta o teu oído a acometidas de imprecisión.

Doutra forma, antes de que a cor pardenta dos mantos recubran o sol desta cidade, varas a túa equipaxe nun edificio de plantas de tamaño duplicado e zarrapicas, coa paciencia dos

teus pés, os primeiros costumes estraños, co teu ollo de captador de instantes e oído de boca aberta.

As parellas unen a súa man en fraterna amizade infantil, guíanse en silencio, ocultando os seus dentes abrancazados e resolven o seu amor con apertóns de xema de dedo, parodiando a Occidente co seu temor a achar sinceras mostras de amizade no transplante das pegadas da man. Outras parellas son pares pola súa dobre identidade, aínda máis achegada ao chan; caen en anacos mentres furgan entre as restrebas das rúas, aquí onde apenas hai vacas que varran os chans, pero aínda abundan tuberculosos que danzan sobre as súas mans só para pasear.

Camiñas para convencerse dos aromas, para perseguilos e intentar atopar a súa orixe, ao mesmo tempo que tratas de escapar das bucinas, que se humillan, por momentos, ao charfariz diúrno dos corvos. Dependendo do bloque de casas que cruces, do canellón que trouces ou dos acenos dun neno pedindo leite; así acharás un cúmulo de sons de automóbil, de corvo, ou mesmo de campaiñas adorando un deus, onde calcan pos laranxas sobre a fronte, para que arrolen, ao mesmo tempo, cun rezo-adormideira que curará as túas purgas ou violará as túas pertenzas. E entre todoiso, súmanse e réstanse cheiros: os amoreados catres apodéranse de persoas que se lavan, sen temor a seren vistas, en estradas indiscriminadas, ás que acceden toda clase de obxectos movibles; delas emanan carencias e esaxeracións de caducidade, mentres o arcano voluntario atrae os fumes do incenso, que se coa por entre os poros dos indios.

Vernizado pola calor húmida dunha cidade amoblada por contaminación, atravesas as maiores sombras que se dan nun arboredo, beira de improvisados campos de críquet. Temes a chegada dunha pelota perdida, esquivas a humidade con va-

lados de fame allea, e repasa listas de enfermidades na estación de trens. O portentoso edificio gótico é unha catedral con palacios andantes: leprosos extinguidos pasean con tocos, ou os abrazos dun neno bican o firme; haréns de laranxa asean o aburrimiento cos seus lombos e as caldeiras baleiras –vagóns– atéíganse en canto cesan os sons de chegada. Neses instantes confúndese o exterior co rubor da paciencia, que escapa dos seus donos, para deixalos corricar por entre enreixados anticuados que cobren compartimentos que outrora foron sal. Pousas os teus pés onde outros danzan, intentando achegarse a outro pequeno deus, e basculas as patadas cos pasaxeiros, dun deses vagóns, pode chegar a propinar a ese convoi sen asento nin alfombra.

Ao pouco, sorteando cores, atópaste cun templo de campañas e incenso. Os seus devotos persígnanse sen painosos, igual que farán moitos deles cando toquen algunha das vacas que pasean libremente. Mais alá, entre un templo gótico e outro de improvisación basicamente hindú, oras en silencio, con pensamentos calados, agardando o arribo de mantras que te transporten coa súa elegancia.

Coa paciencia dun peregrino, fas durmir os teus pés ata a praia. Un conglomerado de froitos secos, asados coa calor e o fastío, estombállanse en pranchas de metal e mans con moitas lecturas. Entre eles, abeirando fumes, pequenas deidades débúxanse nos pavimentos ou nas ondas do mar, subtraendo a este o seu sal con dádivas que ao seu antollo manexa o vento.

Unha vez entre a area do mar, as cortesías intermitentes saúdan as perdidas clases de xeografía, estréitanse mans e idiomas ao teu paso e as ofrendas erguen por un pequeno número de rupias. Observado polas areíñas, acóchaste entre

elas, para faceres un colchón de anuncios, ao que acoden saxistas, vendedores de flocos de millo con curri, delicias do sur da India, paseantes con sorriso. É desta forma que compartes proximidade cun amable mozo, novo na cidade, que está disposto a concederche varios minutos a cambio dos teus. É con el que descubres porqués: as mulleres hindús pintan a liña do centro do cabelo cando están casadas, o punto que colocan na fronte é por apertura e boa sorte; as alternativas son válidas segundo o seu estado, igual que as respostas: mestura de inglés sen f e hindi con música incorporada –a mais da ambiental.

Cando o sol se esconde entre o *smog* e os primeiros raiños –dubidosos de teren sido construídos baixo vigas de bambú e fortes cordas–, lembras a túa volta, entre bucinas, *rickshaws* motorizados, luces, cánticos e mutilados –moitos deles froito dunha mafia que gaña a súa vida coas miserias que os míseros lles dan. É nese instante que decides apoiarte no teu báculo de coñecementos e voltas sobre os pasos, sen topares de novo escolares, un elefante pintado nun chan –rodeado de moedas– ou os tímidos raios dun sol submiso.

Despídese de ti coas alarmas de varios circundantes, con promesas de máis paseos e axudas nas túas buscas –entón, outra vez só, lembras qué é o que buscas, o que te perdera e que te abandonara; nese momento, novamente lonxe de calquera contacto, intentando entender, achas respostas, explicacións, adegas de enfermidade.

Ao día seguinte, acodes á túa cita coa Porta da India, o calar sabatino das rúas faise eco, pouco a pouco; ao seu redor, onde, ademais de ofrecérense fotos ou anteollos para mirar a ningunha parte, abundan os xeados, os globos, os sen nada...

Os teus ollos dan volta, aínda que non abesullen entre as xentes para achar leccións; é pola noite cando eles mesmos sancionarán os xestos idiomáticos, as simpatías de caramelo engaiolado en bolso de papel-maché, e son eses ídolos de amor entre o azucre e a boca os que insiren as imaxes buscadas. Sabes que a túa nai adoitaba falar moito de India, que adoraba ser artista, que estás no país que máis cine produce; emporiso, xa estás lonxe para lembrar o que puidiches ter feito. Quédache todo un día atrás, no que volviches a convencerte da impotencia somnífera dos doces e a aceptar bendicións con tatuaxe de ducha.

Esa mesma mañá, blindadas as ausencias da noite pasada, achégaste novamente aos canellóns de caña de azucre, reloxos sen tempo, e ofreces os teus primeiros descansos a museos inertes ocultos ao afogo das cuñas que o sosteñen con dor. Son eses mesmos, en tamaño menor, os que ofrendan flores para dar acubillo ás animalias.

Entrada a noite, cando xa aventuraches a fortuna dunha noite entre musicais de varias horas, rezos musicados na rúa e pedriñas baixo pés descalzos, descubres unha nena que pregunta pola túa familia. Achegouse a ti buscando unha rupia, vendendo flores brancas engarzadas nun fiño máis fino que a da súa voz de vinte anos, a cal acompaña ao seu corpo de trinta e a súa vida de doce anos vividos en máis de corenta primaveras. Non ten pai nin nai, só irmáns que, con ela, intentan durmir na rúa, ás aforas dun hotel ou un hostal. Sen máis que unha postura relixiosa nas túas mans, despídeste das luces, cores e olores da cidade, para perderte nese océano do exterior: penicos descolocados nas estradas, casas de cartón como chalés que se arriman, nenos en busca dunha unlla máis longa para comer, afortunados correkamiños ou vacas mascando herba seca.

Con horas de atraso no sono, cercas o percorrido camiño de Aurangabad, pequena cidade, tamén contaminada aínda que con menos cestas e cartóns en pila. Decides gastar as túas primeiras horas entre covas hindús, budistas e xainistas, apanhando sementes de Oriente e cinzas doutros tempos.

Abrazas as cumes de Daulatabad cunha aperta de mono danzarín sobre un minarete rosado. Percorres os cinco quilómetros dos seus muros, dende os que poder ver o centro desta “Cidade de Fortuna”. A aldea creceu coa intención de arrastrar poboadores de Delhi e non logrou acadar o cometido, aínda que queden, para recordalo, a súa torre da lúa, da que te apartas, para acelerares as compras de palabras en hindi. É deste xeito como es atropelado por nenos que queren gardar a túa lembranza en fotografías perennes, dunha viaxe, a máis afastada –quizais– que moitos deles farán xamais. Iso é o que che confirman máis tarde: es benvido como turista, agradécenche a túa presenza, respéctante, sorrinche, búscante. Ti es a súa viaxe ao estranxeiro e, non só iso, quizais a única excursión a outro estado distinto do seu.

Alí, onde deixaches os elaborados comentarios a retratos de fotografía, aparcas utensilios co fin de escaravellar en xa cortadas rochas arquitectas. Mosteiros, construídos por monxes diversos, deron lugar a unha máxica Petra de tons escuros: Ello-rra. Encérraste nos palacetes, preguntando a Shiva, interrogando a Buda ou cuestionando a Parasnath. Campanarios enterrados en superficies labradas que non só lembran o paso do tempo, senón tamén as convivencias de tres grandes relixións en India. Escalas diversos buracos, pero só nun podes chegar á conversión en home-araña. O templo de Kailasa, audaz estrutura deificada polas ideas do rei Krishna I. A enorme construción, re-

presentación de Monte Kailash, casa de Shiva no Himalaia, é un baixío interior ao que accedes por furados descoidados dos que foxen os brúidos dos leóns de pedra. O seu vestíbulo, prólogo a un templo que se crece en pontes conectoras, está enviciado polas galerías e mimado polos elefantes en rocha. Envolvendo o frío dun afastado peregrinar dende o Himalaia, recobren os seus pasadizos exteriores figuras escapadas de escenas mestras do *Mahabarta*, o *Ramaiana* ou os pés humillados de Ravana.

A infusión de enerxías ligadas, a veciñanza de balanzas en relax, o drama da ambición espiritual, a simpleza dun celeiro para a alma; con ingredientes doces para o espírito e picantes aromas para a lingua, reencárnanse en mans padexas polos papos dos seus dedos. Sobre o forcexo dun mono con alimentos, a paciencia dun pendente soportando nariz, mais a calvicie dun primeiro mundo deixado atrás, moi atrás, utilizas recipientes de sal para compartires tés doces con leite graxo. Entre as garatuxas do idioma, a presenza dun amigo descobre os anos nun billete, o sacrilexio do tempo, que tentou ao consumismo e aproveitouse dos seus sangues e purgas para fortalecer os dentes dese vello mundo que se aburre máis, cada día máis.

De súpeto, xordo aos asubíos dun mosquito, embáfanse os teus lentes cun xofre alaranxado que bendice a túa fronte. Entraches nun templo hindú, abrazando a estela do teu corazón cando te despedías dun vendedor de colares –ofreceuche un, un pulmón azul para curar e protexer, mais por ti foi rexeitado, invento dun inxusto troco de chiscadelas de beizo. Así é que, petando na túa fronte en silencio, remollando as culpas con ollos calados e beizos resignados, ispes medio corpo para entrares ao orificio do que saen os fumes do incenso, os baños do azucre, a destilación da enerxía e os oms da paz. Flotas nun

colar curioso mentres tentas roubar a cor dun trasno que se reencarnou nun ser humano, ente sen pés, nin sequera tocos ou alfabetos cos que repudiar e insultar.

En posición de xeranio –forasteiro que se cre un loto por persignarse cun polgar sobre o queixo– brincas sobre nenos de dúas rupias ao saúdo, para cobrar un transporte a un monumento que deixará os teus primeiros, seguintes, próximos, adxacentes graffitis nas meniñas de nenos en excursión escolar. Regado polo cristalino dun pobre Taj Mahal –Bibi-ka-Maqbara–, desposas aneis coa intención de seres custodiado por un médico que che dea palabras. Rodeado polo aroma dun mausoleo impoluto, practicas as primeiras ofertas a un entendemento de deuses ou comparacións difíciles de aplicar.

Antes de que o lembres, buscas a forma de escribir sentimentos a través de internet, transmitir bicos e engarguelalos con apertas:

Ola papá, bótote de menos. Non sei se serei capaz de aturar tanto tempo só, na procura de algo que, ao mellor, non atopo, e que quizais xa non queira achar. Aquí son as seis e media, seino porque o vin no espertador, no reloxo de pulseira aínda teño o teu mesmo horario. É por iso que sei que agora estarás a comer. Imaxino que fixeches racións dabondo como para os dous e outra extra por se acaso. Eu xa cheguei ou estarei a piques de chegar pola porta e, supoño, saudareite dende lonxe –se soubese que ía tardar tanto tempo en verte daríache un abrazo e as grazas cada vez que entro por esa porta. Cheira rico o que estás a cocinar. Eu ceei un té, na rúa, non tiña moito apetito, así é que sentei e axiña me rodearon para facerme preguntas. Houbo un neno moi gracioso, conducía un *rick-shaw* motorizado e parou de fronte. Como sempre, pensei que quería levar-

me a algún lado, pero non, só quería que lle traducise unhas dedicatorias; ben, que el chamou recomendacións. Tiña dous pequenos diarios, nunha especie de portaluvas desa especie de moto con cacho, e pediume que llo lese, se tiña tempo. Pediume que sentara, que non ía marchar de alí (incluso sacou as chaves do coche), que non era un home de negocios. Linlle un bo número delas. Tiña moitísimas de orientais; pero, das que puiden entender, só escribiron cousas boas sobre el. Qué agradable. Gustaríame poder ter pasado máis tempo con el, pero xa tiña os meus plans, ben, e el tiña que traballar, claro. Oes, quérote moito. Ás veces crerás que non, por terte deixado así, ir sen máis, pero non ten nada que ver. Sigo téndote aquí, comigo, ata aínda teño esa foto que nos fixemos xuntos hai anos. Ti aínda tiñas bigote e eu aínda levaba pantaloniños curtos. Pois creo que vou ter que te ir deixando, que xa sabes que non son moi rápido nestas historias e quizais xa vaia durmir ou, mellor, vou ler un capítulo do libro que me regalaches. A dicir verdade, non puiden empezalo ata hai pouco, pero estame a entusiasmar. Un millón, papá, deica pronto.

Gardas o seguinte día para unha vacinación urbana. Estarás beireando as berirarrúas por ti trazadas, comprando trens e estacións, e intentando descifrar letras soltas de invitado a un novo templo: pirámide branca de madeiros silentes. Entras con dous nenos que din ser os teus amigos e rezas polo gozo dunha fotografía mentres engades a un silabario de doces novas contas de templo hindú: azucre en pedra moída, que acaba no chancando xa é xarope entre os teus dedos. E así saberás qué non facer: non rexeitarás ofrecementos dun deus, non discriminarás un país polas súas xentes bailando ao verte pasar, ouriños sen posibilidade de ser charco, amarelos e laranxas nas roupas e

nas comidas. Enléate o sorriso dun neno xogando con pedras ou o pasadizo secreto que marca un xenio para esquecerse do que foi un día.

Xa en ruta de volta, decides entrar nun parque, para dares lectura a esa novela que te achega a aquilo que deixaches ou para continuares ocupando páxinas nun diario que os aproximará a ti. Recolles bancos en que ocupar os grans dunha sombra e depilas os raios do sol, aínda que xa tes conversa antes de que poidas abrir un libro. Así, nese día, van xurdindo lapis sen afiar aos que sacas punta e aproveitas para soletrear concertos de serpe. Cando foi suficiente a introdución a un grupo de amigos, e xa sodes cinco os que falades, unha visita a un zoo de reixas ferruxentas e animais caducos, permite ensanchar as ofertas e alugar curiosidades. Alí, varios grupos de serpes, incluída a xorda cobra, que sae dun cesto empurrada polo movemento da fruta, e non pola súa música, avisan do seu achegamento e dócil distancia. Irmandados os monos, as hienas, os chacais, as aves e, ata dous elefantes inmensos, serven para resolver bromas e aceptar rifas de comida, tabaco e alcol.

Fóra do quiosco de animais, proseguen paseos arredor dunha mostra de culturas diversas. Aceptas un picante prato por comida e asinas un deica logo no canto de arrotar por prostre. Afiánzaste nos escudos da tarde e regresas a un libro sen papel nin título, tentando aprender ese hindi e ese hindú co que te estás a familiarizar. Con leccións de números repasados, revistas e repasos a varias vestimentas, abandonas, horas máis tarde, un parque ao que prometes regreso, lembranza e recreo.

Segue a túa busca e o intento desesperado de citáreste, polo que despides a cidade cun billete que te levará a Hyderabad-Secunderabad –ciudades xemelgas. Fronteira coa mañá, adubas

os primeiros raios dun sol impertinente con doces sagrados e té, preto dunha estación de trens; incomprendible en números e de xentes amiga. Procuras pousar desapercibido cando os nenos levantan a súa man ou a expulsan do seu corpo con fe, e inventas escusas para fotografar unha mañá de papaventos no ceo e vitaminas no mar. Nesa fatigada trasfega de aparafusar secuencias, un baba –santón– ergue a man e baixa a outra convidándote a sentar con el. De crequenhas, comezando un diálogo pobre que cubrirá o camiño a medida que outros se acheguen, cambiarás os teus rezos e dubidarás da bondade do alimento ata que pasen varias ofertas.

Á beira dun semi-deus, vestido con turbantes brancos que envolven o seu corpo; a súa pel escura, ennegrecida polo sol, distingue perfectamente cada un dos seus brancos dentes. Improvisa mans xuntas para ser elegante cos seus cigarros –bidis– e agradecer a un Deus –mahometano, cristián ou hindú– o ser, o estar. No punto fixo de miradas estrañas –o estraño é vostede!– tocan palmas e corazón con intención dun té amigo –inclúe ancián con bebé, nenos-adultos, maiores, outro santón anciano-púber. Entón, resgardado de miradas de papaventos ou ollos fotografantes, permites que inchen os teus pulmóns coa folla acordada. Gurú ri, gurú agradece. Deus é grande. Amigo. Meu amigo.

Inconfundible saber o dun flash co brillo do seu sorriso, redescobres praceres innatos ou tumbas de azucre para espírito e silencio. Un ollo pousase en ti, atraído polos alaridos das túas santiñas, e renovas castidades coa voaxa dun pasadizo sen empedrar.

Á vez que se decora o ceo con *kites*, festa de días por ser ao fin das xornadas de menos luz, aluméanse os chans con estre-

las e poliedros de sementes e alimentos precoces. Asústanse as cromías cando os sopros cos teus pantalóns in saia convidante a amasillos de día sagrado. É ese convite, cando o Sai Baba expande a súa man sobre o teu rostro –el pintura, ti pintado–, para que os pinceis asubíen “oms” e os calzados expulsen as súas necesidades.

Outra vez no xardín onde un día quixeches ler e deixar que a area debuxase poemas no aire, renunciaches de inmediato a compartires industrias solitarias, librando os castigos que algunha vez puido impor un mutis. Primeira escena, entón, e aparecen os primeiras personaxes: repítense cuestionarios aceptados e buscas de palabras que manteñan un diálogo. Coas improvisacións respectivas, reaparece un do día anterior, aquel que máis abrazara as túas primeiras leccións. Non obstante, aceptaches instantes por fóra e servíronche un té que non puidiches pagar.

Falaron de choques e rozamentos, dos roubos e perigos, de ausencias e diferenzas. Obstaculizaron relatorios en favor de sentimentos de mantenza, acabando por referirse ao sol e á lúa como eses dous instrumentos que ás veces descoñecen. Así, esvaecéndose as palabras en despedías, roubaron unha última proposta a alguén, e foron, axitando os seus ollos valentes, a esquerda e dereita.

Arrefriouse a lúa aquela noite e corrixiu ortografías de fe na túa persoa. Abrigaches as secas dunha noite chea de fiestras e abrentes, facendo coincidir os abusos do tempo cos teus estalos dentais e as presas dun taxista, por te axudar.

Nunha cidade de 100 pernas, dormes os teus dentes nun colchón con menos xornais que o anterior, mantendo a copulación do astro rei os seus secuaces. Entrementres, murmuran

os *rick-shaws*, e as buguinas de coches e autobuses escalan valores de musicalidade chamadas á oración, nunha cidade metade musulmá. Finalmente, deteriorado pola viaxe que o vento decidiu realizar contigo.

Impostas omisións de fatiga, presides o teu comité de visitas e paras no primeiro xardín que ves, nesta ocasión buscando banquiños que choquen con pratiños de alimento. E así é, por poucas rupias cae na túa mesa unha fonte repleta de pequenos recipientes que forman un escudo protector ao branco arroz. Sen nome, salvo o iogur, mesturas picantes sen dedos, salmodiando por momentos, bendicindo o alimento por outros.

Fóra, en contacto cun ambiente no que se depositaron esgarros, ouriños e restos de calquera, pasean veos e toda clase de mutilacións. Por iso desculpas o brinde por un home en carreta, empurrando a si mesmo cunha alpargata de praia na súa man, ou ao falto de perna ou ao de dobre face ou ao de outro carriño como teteira de debuxo animado. É unha rolda de cana de azucre, de varas humilladas polas rodas dentadas dun ledo mozo –mentres: unha pantasma en negro, calixeiro en branco e tons leves tons alaranxados, avespas na man...

En procesión, regala sendeiros ata chegar a un templo hindú: mármore branca do Raaiastán, Birla Mandri, espello do gran Buda en rocha, é catapulta para que a el accedas. A estatua, 17.5 m. de alta, tocada pola man do home, vingou a súa condición cando tentou ser azafranada no lago onde está e desmaioouse, levando consigo oito persoas, incapaces de reporse da inconsciencia. Ao tempo que danza a prudencia, noutro barco máis grande, figuras de azul exercítanse para faceren valer o valor dun billete máis caro, unha ponte á fin e ao cabo.

Despois de rezares á custodia dun antropeide, cualificativo rexeitado por un ouvinte, xuntas escolas nun acio de vimbios, tratando, dese xeito, de amorear máis dun soño de varias noites, nun panel obsoleto de turbantes á cintura.

En calquera deses instantes, mareados os cheiros, exclúes un fume negro do teu peregrinar, corrixindo os límites dunha catarreira de pel de papaia, para que os únicos superviventes conten as festas dun funeral de unllas nas que se citaron formigas e mosquitos anarquistas.

Outra mañá, outro día, outra proba; outro loitar con saias sinistras, outro auscultar as palmas dos pés descoñecidos, outro váter de pulseiras nos nocellos. Sorbes curvas con asentimentos de cabeza en forma de número infinito, para aledar os primeiros padexos cun muro que agocha minaretas de cor pastel. O palacio, dono de corgos para o baño das cohortes, enrédase en pasadizos cara a altares prometidos ao mellor ofertante, ensúciase coas limpas contas dunha billeteira e aplaude os ecos que transportan novas.

Coa paciencia dunha mansión que enterra os seus medos coa inocencia de calixeiro en primavera, escuréceste coa solución desagradable dunha solteiría de malabares de moeda sen canto, para só así ser amo dun por, dun fachuzo de petiscos obsoletos, dunha boa sambesuga que aprendeu a protestar pola ausencia de cerebros dos que mamar.

... E así, manan torrentes de escaleiras con xeonllo, fanse quendas para os reflexos de epígrafes para libro de texto, ruborizan o máis ancián, asáñanse co solitario bebedor de buscadores de auga sedentos de papiros de papel maché... E así... soan chifres con pentagramas unidos de melodía fantástica, riseiros

xestos de adversidade, lepras inxustas entre o grixo que cultivou a monda dunha banana...

Fada dun soño de mentiras, flanqueas guetos da túa personalidade con obxectivos calmados e calados, risos perennes entre as burbullas que máis dunha vez puido provocar o desafío dun porrón rebordando auga. Oh, infiel! Cítanse versos e tíranse pedras, cítanse pedras e tíranse versos; estrela cuadrúpede, impotente e inválida, que foi capaz de contradicir as insignias que os cataventos construíron máis dunha vez. Oh, infiel!... Horrores... Escapan as pedras, as lousas, os esquecementos... descúlpanse polas súas cruces de miradas, óbvanse as ignorancias e as faltas de decoro, négase, renégase, vólvese a exclamar, a berrar, a imitar películas de romántica violencia con final de calafateado de betume.

Querido papá: Sei que o do día par-impar á hora de escribir, como ti dicías, non se vai cumprir. Non é tan doado como pensaba. A verdade é que hoxe preferín pasar a tarde nun xardín con lago verde e patos esqueléticos a mandarche un saúdo. De todos os xeitos, tampouco tiña grandes cousas que contar, así que esperei ata a noite. Tampouco pensaba facelo agora, pero... Non, non souben nada de mamá, só que atopei a outro español, está vivindo aquí, non moi lonxe de onde estou. Invitoume a que vaia con el e vou ir. Di que hai varios hispanos, imaxinas? Ao mellor ata saben algo de mamá. Xa sei que isto non é unha aldeíña, pero sempre hai máis posibilidades se quedo alí unha pequena tempada. Non te preocupes, se vexo que a cousa non funciona marcho e sigo o meu rumbo. Nuns días cóntoche máis. Ata pronto.

Cando xa caeu o sol e as sombras se fan máis longas detrás das túas costas, os reflexos dos *sarees* arrolan os fíos de pedra que se fan bandexa nun respiro de pitos de motor. As palmeiras déixanse azoutar polo bisbar das moscas indefensas, cando xa case se vai o sol, cando os paseos de mansas cándidas retraen menos rancor entre os nunca acostumados; é cando escribes sobre as liñas das sombras dun sol fulxente menstruando. Desfás, en bafarada de fume de papel rosado, as horas de asento nun inciso, procuras chacotar coas últimas acusacións do astro, finalizar a sesión con serias apertadas de costas, apañador de pasatempos.

Amosaranse ante ti as pantasma das auras fotografadas, desvelarán os seus segredos as utopías blindadas en correos idolatrados polos que aínda se escriben cartas ou por aqueles que desexan rúas co seu nome. Con poucos meses, poucas semanas, falarante ao oído as escusas e pedirán esmola de rico arrepenido, xusto cando o seguinte mostrario, de retratos de habitacións todas, desapareza do sen-sentido, para comezar a vestir lunares, case sempre de cor vermella, sobre a fronte –un motivo de dúbida que poderá bendicir quilos de ventres cheos de palla, baleiros do verdor primario que calquera planta necesita.

Serán os meses, serán os meses...

As cadeiras son conciencias inevitablemente suxeitas a vagóns dun mesmo ser. Emporiso, cando se esquecen de ti (dígase eles) os recolletores de entullo, bautízanse hospitais de acordo coa inocencia que sexa capaz de protexer a infelicidade duns poucos. E por iso, a pesar dunha consciencia de vapor de tren en distancias, aínda subliñas as brancas afirmacións dun pincel en mal estado.

Sentado na beira dun gonzo que renxe, á luz dunha lúa que croa aos tantos e tantos nenos que aleita, cébanse os exhibicionistas, os estados proclives de conciencia, os embustes en gaiola de adobe, a felicidade dunha procesión de pingas de pastel, o frío dun reloxo que parou polo gas natural que un día bicou a súa caluga... Oh, por iso! Só por iso, polas súas espiñas cravadas unha noite de salvaxes sabres, polas infelices mostras de cariño que un rombo foi capaz de transmitir, por un brindes sen pinga de amor, polos tolos soliloquios dun ataúde en continua floración. Oh, por iso! Por iso, polos aplausos que ti recibiches na graduación dun par de plumas, os ronquidos que un ladrillo puido recibir entre estrías de postal de Nadal, polos dous, polos dous... Polos dous ou por eles... Para que así se lembren mutuamente e bambeen os seus edipos nas noites de azafrán, seráns de viño tinto amargado, lúas de efecto omnívoro, ¡ladrido de alimañas!

Pechas os ollos

Voltean efectos, paneis de persignar, ingres infestas. Ao mesmo tempo, un levitar de santos, un peregrino cambia de relixión e decide a súa cascuda: para iso, érguese en patas e cofa nas marcas contra o abdome dun pavimento, respira fondo cando se tocan as formigas, envólvese en doses de caramelo un día, repite, raña e gaña. Ermitán, anacoreta, voz dun home ao que se lle prohibiron os lentes –e cos seus noventa aínda non aplica lentes.

Convócase folga xeral.

Paralizado o servizo.

Prohibido recibir cartas.

Prohibido recibir cartas... en primavera.

Bólanse forman, se forman, se transforman.

Perigo. Atención. Que chegan.

Oh! Esculpen cinzas os ventos, obvio, mu, mu, mu.. un mu, un murmurio, un susto, un silencio. Pero á vez, sen case darnos de conta, apáganse as luces da maior parte de dormitorios, vanglóríanse os pés que suaron alfombras de motivos remirados, temeuse pola inxustiza dunha... É entón, cando os verbos conflúen con adxectivos de despropósito, cando as iniciais dos máis perigosos cualificativos repasan vocábulos en dicionarios bilingües, fúmanse segundos, tempos, derrotas, noites sen boas nin doces soños. Así, así, despois de pequenas pancartas de metrópole manca, apágase a unha única televisión, orxía de diamantes e penélope de lagos verdes entre montañas de corazón.

Mais, sen querelo, poucos instantes tras, ondas de ecos ruborizados pelexan cos seus sentidos, hermetízanse o cantar humano que algún día foi a trasfega dun lavabo e o seu outro eu.

Sen desculpas, dando tés con risos de menta – “non haberá outra cousa?” Pero morren, cando aínda se gustan o limón e a cola, en centros de gargalladas aburridas... E morren... Morren uns e morren outros. Salvaxes barazos! Incenso con sabor falto de aroma asmático...! E a vosoutros dávos medo perder un riso que sempre tivo veces sen un.

E seguen... e seguen... e morren outros. Acochou os pensamentos nunha bicicleta capaz de agocharse velozmente. Eu, mentres un venres aínda non sabe como gardar as pinzas dun cabelo despeiteado, aparezo como un pouquiño que xa viu eus e aquí... Dous... E morren máis, e morren outros.

A penicilina tamén é un conto de abeiros, un frautista sen campo pululando cos pelos da súa beira. Outra vez e outra vez, novamente, desespéranse brazos sen tórax para fixaren as súas rupias en templos-albergues de verso impar, verso de cu-cu,

¡morcegos de froita pobre!, podre, ... pobre, pobres... e morren... Humillación da materia en centímetros sen karma ou a punta dun regadío de ringleiras, sobrevoando aguías de paz caída en dous petos.

E outro día, e hoxe xa non pensas nos valores nin nas representacións abstractas dunha morte. Xusto onte contaban cómo se levan mortos nas rúas de Calcuta, recollidos de entre cascallos, acumulados entre estragos da lambida dunha vaca. Non obstante, xa neste día, só cedes o teu tempo para inflar as beirarrúas nas que pousan animais que paguen a mellor fotografía. Nese pasado de entullos de pel sagrada, contáronche o porqué dun vacún entre bicicletas, *rick-shaws* e coches: foxen as moscas dos canos infestos dos móbiles, foxen elas das moscas, foxen os homes doutros homes noutros países. Mesmo, mesmo, hainos que foxen do sabor cálido dun sorriso, que planifican o seu verán de vacacións conforme ao número de restras entrelazadas que podan atopar na palma dun pé.

Aínda en repaso alfabético ao que foi un día, acariñas as caras duns estudantes entregados, aplicados esforzados, inocentes –novamente, inocentes– coa resaca dunha maña de baladas e/ou versos rosas e/ou versos pobres pulidos coa alma, o corazón e o viño abstemio, o que obviou o zume dunha pinga de copa de prata. Deste xeito, descalzo de billetes verdes, brillan os teus pés no momento que conflúen cos nocellos; aí, onde te das de conta das ensinanzas que buscabas no branco dun sorriso.

Ronca o po da estrada, roncan os vendedores encrequenados sobre os seus carros de madeira –mestrugallo de pés descalzos e follas sabias–, e deses ronquidos absorbes a culpa dun neno que xamais mentiu á hora de esbozar un sorriso e acompañalo dun son. Despois, proseguindo os pasos dun chile que

envorcou nas mans dunha nena buscadora de nomes, pasman as palmas das túas mans e as dos teus amigos porque recibiches comida do famento –dise.

Dirase desnutrido daquel que adoce dunha sensación interna que o fai desexar o espírito?

Esquecido do sinxelo que é construír sombras sobre un mantel de flores que recosta o aire dunha fiestra achegada, retomas o candor dunha candeia espremida, para-por entregar as enerxías que o teu ouvido absorbeu.

Soñas con esa cálida adulación das palabras ben postas sobre engurras de flor silvestre e espertas días despois, a sabendas de que o teu diario foi flaxelado polos instantes dun esquecemento enfermizo e envexoso que non quixo máis que convencerse das feridas dunhas amígdalas inconscientes dos pesadelos dun lector.

Prasanthi Nilaiam, a Máis alta Paz sen dirección, principal *ashram* de Sri Sathia Sai Baba, a poucas pegadas de fez dun arredor de globos, será un percorrido de *stalls* de froitas frescas amoreadas en pirámides unicurvas. Arribas nun traslado de anos nos que distribuías habitáculos con nome de estado, provincia e cidade principal –unha imaxe entón flaxela os puntos dos is para formar un astrolabio bendicido que un día amará as limitacións, emocións fortes de sagrado incesto de embigos impregnados de autor... e eu digo.

Acovárdaseche a voz cos sublimes xestos dun campamento de verán que organizou as primeiras renuncias. Acalas en poucos metros as liñas que deixou unha vaíña de tamarindos entre follas, gaduñas árbores para faceres a xenealoxía dunha xeración de branco que máis dunha vez decidiu trasladar a súa casa ás costas. Camiñas, andas, paseas, gozas co baile e as dan-

zas dos teus dedos facendo malabares cunha lingua que non é capaz de espetar grans de arroz en beizos empuxados a sorrir, acabando a sesión cun desprazamento de xeonllos agochados e infantís cando se viron xogando coas engurras planas dunha baldosa que debuxou secuencias por segundos.

Co desenvolvemento dun pero e non obstantes enlazados en brazaletes que buscan unha mesma profunda fin do candor da sede, erguen mans a súa voz para pedir zumes de froita en forma de pataca azucrada, colorantes de vea compasiva e risco enriquecido mesturando con tiveron ditos.

No confín dunha semana que tremelicou grazas ao frío dos diarios completados, vacinas silencios ás tardes, en horas de sesta, con motivos de maneira prisioneira dun bo escritor perdido nos confíns do mundo, amante de diferentes entóns, erótico quenquera da totalidade dun vento que deu por dividir as xentes en oracións inestables...

Nese báculo incerto dun día sagrado que dous anos fixeron falar en grellas vexetais, televisores autistas, cancións tristes de filmografía de última moda, amores de amizade sen paisaxe á viaxe do quérote; si, nesa ponte dunha vez galletas nutrientes de campos de margarida, asistes a conferencias (houbo nun día alguén que che leu as cartas e a súa combinación co teu movemento ocular, e deduciu que asistirías a charlas, aprenderías e serías membro de ideais poéticos perdón: políticos). É nesa conversa na que se idolatran os carros que Ghanesa empregou para facer hábiles ás súas ratas, onde descubres a bondade dos roedores cando comparten os seus cuartos con aqueles que visitaron India por primeira vez nos anos corenta.

Elixiches os días para escribires epístolas que respondan á ansia de romper as airexas de follas secas sobre o chan, receita-

ches instantes para que o teu eu enarbore os acomodados da noite, cedendo os últimos minutos a un aínda de soños esbozados en variñas de bambú:

Levo varios días aquí e pouco foi o descuberto acerca de mamá. É certo que estiven aquí, pero foi hai tempo, hai poucos que a lembran. As últimas novas son que está no sur ou ao norte, todo depende de a quen pregunte. Eu sigo igual, ben. Hoxe fun visitar un templo de monos ladróns. Foi moi simpático. O nome confundíume un bo anaco, ata tiven problemas para pronunciarllo aos condutores dos autobuses. Na aldea non hai máis que ver o templo, moi grande, con moitas columnas nas que foron esculpídos os seus deuses. Ah, si, chámase Lepakshi, onde vin un Nandi, así é como lle chaman ao touro que conducía Shiva, e o templo. Ademais, fun perseguido por nenos que me pedían “tupen” e que escapaban cada vez que intentaba achegarme a eles. Ben, houbo algúns que se achegaron a min para dárenme a man, foi entón cando me sentín como un presidente na procura de votos. A verdade é que a viaxe foi esgotadora, pero valeu a pena. Creo que a miña estancia aquí se prolongará, porque estou como asentado na comodidade dunha cama limpa, e das duchas. Seguirei buscando o máximo de información que poida e nuns días escriboche. Deica pronto.

Entón un clic musica as liñas que unha bicicleta, a que ti manexas, espalla polo camiño de area que evitan os transportes ruidosos que se berran como saúdo ou palúdico interludio de metros de percorrido. Facendo ese guión e calcando o rubor da oración, atráense os teus oídos para escoitar a canción dalgún poeta que foi triste algunha vez, ou para ser voz dun triste que foi poeta nun momento.

É certo, bloqueas os diálogos que podan comezar con c maiúsculo e achéganse a ti os cabaletes que han soste o retrato dunha cita de verborreas: Sabes a historia da lúa orgullosa que se riu do deus Ghanesa? Gargallouse da súa enorme barriga, pero a outra maldiciuna e advertiulle dos sufrimentos dos que acababa de facerse merecedora por ter profanado a súa sacra opulencia. Ghanesa, deus apreixable, elefante de cabeza apelu-chabe e corazón de neno, con nocellos de muller danzante e sorriso de diamantes en pescozo de cisne; deidade sabia insultada, xogo do servizo dunhas palabras no contexto dun parágrafo.

Por aquilo, polos comentarios a citas pasadas, suaches a tarde dunha moza con sorriso de formato limón e paciencia con cor a India, edulcorada con chiscos de sarcasmo e con brazos agarimosos que petaron no teu imberbe corazón. Porén, foi só un día, tal vez un mes, o que é seguro é a teoría dun tempo que foi concibido para bautizar substantivos e así adxectivas as noites máis apartadas da túa casa, as máis retiradas da túa familia.

(Unha liña pediu descanso).

Concedeuse un desgusto a uns ollos que só querían saborear flores silvestres en meniñas dilatadas polo pracer; foron obsequiadas con reliquias de *ashram* e o aroma dun mazapán bautizando beizos grosos de mandíbula amortuxada; reencontráronse eles mesmos coa estampa rexia da sabedoría reencarnada en estrela de beiras curvas e fulgor laranxa... Con todas as súas conxuncións, coa maravallada de desidias e camuflaxes da alma en hisopos de carne e óso, deixaches os teus oídos seren testemuñas dos ósculos dun sorriso ocular.

Durmindo con inimigos do insomnio, combatentes sen loita dun pecado que amarelou a luxuria, madrugaches as pasti-

llas do almuerzo para practicares un ioga de exercicios sensibles e sinceros para un xeonllo inflamado polas inxustizas dun feto bloqueado por roubos a medias de edificios emigrantes.

—Bos días —dixeron os seus ollos aos teus.

Un mes, respondeu o cello lapidando os dedos crucificados nun vaso de té azucrado, acariñando as accións de noites de filosofía táctil tralos xúbilos da mente impoluta por insegura.

—Que tal —atreveuse a radiar unha pálpebra, aliciente dun albor aínda en colonia de baño de bebé.

Foi un almuerzo fugaz. Fotografías de papel maché e endadres modernistas para cuartos rehabilitados de gramática paciente obstruíron a execución de chifridos insinuantes como vocación do diálogo. Así todo, convocouse outros participantes, que ben podían suplir as baixas e ornamentar a sufrida calor do sol prostituído, e soprar viruxes para descansar sobre os teus ombros, estanques dourados de límpidas benvidas e perfebas rebuldeiras.

Atormentouse o almuerzo co turismo explotado dun prato de chile verde e regou a súa conciencia con gritos de auga doce, potable, que puideron completar o rancor das horas por fuxir dos seus minutos. Chegou así, non a fobia dun madrugagar que torra pan, senón o porqué dos ollos e o cando das aletas de nariz, sabias inspectoras que repasan os aromas e a conciencia de cada persoa. Así, con ese sosego olfactivo, descubres nela a virxindade do cabelo, endexamais macelado, endexamais recipiente para pousar mans, endexamais a elección dun xemido de conxunción de xemas de dedo e unión do dedo no seu sanedrín.

A mesma tarde, ao pouco de calzar o negro dun abuso de sentimentos, no ínterim entre o inxenuamente infantil e o que

foi estudo de anatómicos ensaios, danzas cal cobra que pretende ser pé que arrastre consigo o peiteado invisible dunha perna lisa, dourada pola carencia de agarimos, exclamante intersec-tora de pedidos de planta de pé que marque con xena a súas pegadas, as súas lecturas de futuridade, nun alón sinxelo dun xeito coqueto e unha empeña sobrada de xenerosa quietude.

Con eses asomos de lucro no mirar, houbo unha vez un diálogo que feneceu dando paso a unha epopea, a un pisolabis de substantivos e cualificativos deificados. No retrato onírico dun neno bondadoso, un pequeno con nome abreviado de deus hindú, o pequeno creceu entre as orlas dun faco que tiraba da carruaxe dun cabaleiro –padre e a inocencia salvaxe dos trave-sos que comparten todas as súas nadas– que son moitas, pero poucas. Rebotouse á infamia do reinado de farrapos humillados por un mendigo de ouro, e entregou baúis de necesidade para o corpo sen pedir regresos, mais recibindo entregas de belfos abertos.

Ese foi o conto que bicou as vosas mans, o idilio de vergoña que os separou dun ósculo ocular. Un retablo de marabillas. Un horizonte perverso. Faladoiros silenciados por cuestionamen-tos arcaicos como a interrupción dun descanso para o té ou a cea frugal para o que a desexa.

De pálpebras corazón, os primeiros sortilexios das per-febas (ao día seguinte será) e a ducha xerminal de bos días. Mimas o ceo cos espaventos das túas mans e cedés a honra de ser tarabelo a un camiño que fará as delicias para a flor da ca-léndula –non para ela en si, senón para o orgullo das benditas bendicións arreboladas aos teus pés, por eles pisadas.

Nunha viaxe en coche de amplas cadeiras, confundes as túas cos asentos e constrúense vehículos móbiles que para

outros son venerables xenios sen saber. Soan as primeiras dores dunha táboa na ausencia do perdón, no aforco da eterna rosa que brillou nun altar. A medida que se achegan os pneumáticos equivocados, o prezo dun sorriso gaña, véndense todas totalmente gratis, entréganse a cambio dun pouquiño de nada. Nese xogo de transvasamentoss de ademáns riseiros, ruborízanse algunhas mans por pedir unha lúa chea á luz do día, por celebrar a bondade dun cuarto mingunte que arrola a un mundo.

Aplaudido polo zume do limón, pola salvia das flores laranxas, polos pés desenvoltos e as súas mans imberbes; as súas mans de azucre fan honra ás túas meixelas e adózanas con tesouros de bendición –escuma de abanos de veneración, almas de final asubiante...! Desfás as rúas asfaltadas coa flor da caléndula e o orballo dun pé chorando amor, ¡oh, devoto da puerilidade dun home con sorte, un home pobre! Eses gritos de valentía, eses corazóns entregados, a loita do eu e outros demos pelexan por conquistar un chan alimentado de pegadas.

Así, detido nunha nube de nenos que xa aprenderon a mirar aos ollos, repasas no séquito de quinqués que veneran os teus movementos, facendo trampas aqueles incorrectos que acachoupan a súa timidez para corríxila co azorado asubío dunha garatuxa leve.

Sentades as esperanzas, fameades a madurez dun pobo de sorrisos castos, mentres as virxinais enfermidades do ollo malvado espavorécense ao leren as novas que serven de entremés á súa mesa de braseiro. Nunha terraza onde a túa pel podería terse convertido en farrapo algún día, son insectos os proverbios lidos e os aforismos dos contos do libro-zoo de políticas, filosofías, música, astronomía e relacións humanas, e os pensamentos sabios dun conselleiro do rei; non obs-

tante, cos espazos en branco e os tintes precarios dunha sociedade que prende candeas para alumear os seus egos ante a fiestra, aínda quedan pegadas de vaidade nos camiños poeirentos que a túa suor regou de zume de lima e intentos de plaxio de sabedoría.

Derretido pola calor dos corazónciños que o xarope alumeou, pola tenrura dun baile que foi rubricado coas sinaturas de outros bailadores e os aplausos das súas agradecidas perfebas, petas no aire con inocencia e despídeste dunha fracción de números de dentes aínda non todos avermellados polo *betel*, e fracturas as pernas dun neno, aínda sen agarimo, coas túas cadeiras e brazos-póla bicados.

Cun pescozo arrastrando coroas sempre vivas de traballosas froitas como a guaba, perforas o afastamento co trato amigable de varias pálpebras. Amencen as caras nas saias de varios ausentes e en casas bañadas do candor dun fogar; ti, nessas sortellas de mundos de tarde e lembranzas dunha infancia con nais perennes e tarecos para espertar a alba dos días, ergues as túas mans, manéxalas como a elocuencia das túas palabras xesticulando versos de Kabir, e atraes cara a ti un salaio xordo que esta vez é quen de ser o eco ausente dos pais.

Ese neno vestido de carantoñas, só entre unha multitude de apertas e afagos alleos, aloumiños en fascículos que xa puideron facer unha colección de xogos de abelorios; porén, a multitude segue sendo non máis ca un inverno apagado que sempre adiviña a cor dunha lúa con carie. Ese cativo, un só abrete de memorias de dez anos, empoléirase no teu corazón como o rebuldo dun amante atrapa a verdade da súa parella, e consegue facerche tronco de base feliz e froitos verdes case maduros, de memorias de dez anos.

Decidín saír. Levaba unha semana neste lugar e cría que seguiría sen sentir a necesidade de escapar, de probar algo máis. Foi bo. Papá, estiven nun sito precioso.

Ben, levaba días sen escribir, pero tampouco era moito o que tiña que contar. Agora, aproveitando que este café ten un ventilador que berra máis que unha metralladora, fago outra escapada e escriboche as marabillas destes tres días de volta á realidade india.

Estiven en Hampi, unha pequena poboación ao sur, tranquilísimo, relaxante e, ademais, a lúa chea estivo preciosa, alumeando moitas das noites. A verdade é que cheguei cansísimo, porque tiven que tomar trens e autobuses pero, dende logo, pagou a pena. Nalgunhas guías din que é unha das poboacións máis bonitas da India e eu creo que os templos en ruínas, a calma, o río que divide a cidade, a falta de coches, etc. axuda a que sexa un lugar máxico. Hai moitísimos templos, así que todos os que vin non foron todos os que hai. Non vin moitos turistas, salvo israelitas, {almas en descanso fuxindo do rancor

proemio dun poema de Amichai

subministración de rúbricas para Darwish,

lobetos sen Rómulo nin Remo,

construcións adictas a un sol,

anacos de esperanza fuxidía

..... e.....

tíranse pedras

lánzanse pedras

rebótanse pedras

tamén eles, eles tamén

BERRAN:

tirade paz,

tirade silencio

tirade o mundo para construír un mundo!}

e xentes do Norte da India ou do Nepal que traballan alí, aproveitando que os viaxeiros quedan durante algunhas semanas e fan boas compras. Estou seguro de que che gustaría. O último día bañeime nun lago, perdido entre montañas de terra. Só indios e eu. Que bonito.

E alí immaculaches as rochas co silencio e os nenúfares, que danzaron para ti, coas sombras de fadas de contos pasaxeiros e a infancia perdida entre cortes de verdade e mansións mentireiras.

Neses días cansaches de ser un escritor de débedas nocturnas coa súa novela. Esperaches, medio durmiches, quizais invernaches os vocábulos que sós zurcisen páxinas de dúas semanas despois.

Dúas semanas despois, afundido entre as ondas do sol e as areas, intentas lembrar as alegrías dun bebé de bigotes aínda xulgando e xa escoltando o seu maletín de empresario calicida. Recobres, así, de súpeto, unha saba de plantíos de xordos, mudos e cegos abrazados cargados de futuro, ou pedaleas a sombra dunha montaña con templo, que aquel sábado escondeu bidóns de auga e enxalces de terra moza.

Mamalapuram se chama, ás dúas semanas, unha illa aterecida ao mar, apreixada ao continente polas súas extremidades, palacio do corvo que se nutre de pez, sombra dun *rickshaw* que a noite de vodas foi aparcado entre as sombras do alcohol e os rezos e mantras ao deus Shiva. Contextualizado, o teu narrador hache dicir pasos e movementos:

Levataraste ansiando narrar o cansazo acumulado tras o solpor dunha batalla coas letras, un encontro de deidades avo-

gosas do estudo e a literatura, un caderno encanelurado coa cor dos pinceis xa amargos, e as presas que encadean o embalsamamento de almorzos e o recoñecemento da cor branca-negra a unha fotocopiadora de matices grises.

Fanse tándem as bicicletas que soportan corpos, libros, recortes de prensa, cortes de contos, vivencias, expresións, demasiás de papel en corazón impreso. Faise cesto o provocado soño dunha revista actual nacida do sùmmum de amor entre o saber e o coñecer. Porén, pouco despois de que aqueles que chamabas tons grises sentisen cando foron preguntados pola súa nacionalidade, derrubáronse os piñóns e as catarinas que deron movemento ás bicicletas de pasadas semanas, aos móbi-les dun proxecto á mercé da palabra.

Por iso é unha paréntese nun cúmulo de chaves que se abriron na túa vida e que abriron apartados e guións de pequenas mostras de vivir. Aproveitas o inciso, o comezo interrompido dun globo de papeletas, para subliñar a contraluz dunha botella de auga conxelada, o México de pirámides no mar, que un día che fixeron lembrar os templos hindús de *puja*, anos despois, momentos máis tarde.

Un contacto cun mar aínda descoñecido, un mal enfocado final feliz para un angazo de desperdicios que ignorou o home e construíu como xiba sobre un búfalo –ou a súa femia, que dá o seu leite e o té doce que tomas mentres un narrador, quizais o mesmo do que falabamos onte, oxalá-quizais–, sobre a fendadura dun pezuño aínda novo, aínda vacilante ante as súplicas do homo-lupi-homo. Unha primeira inmediateción, o reflectir da saudade dos teus ollos por algún lugar que na infancia foi niño de estelas, belén para a lúa, mosqueiteiro do cosmos, nai lebreiro cazadora de xestos e aloumiños.

Les un conto en voz alta ou é alta a voz coa que contas, asimílanse os conceptos, constrúense e destrúense; repítense, convencidos dun presente que ha de durmir con voz queda, arrolado polos murmurios dunha parte del.

Con estas frases, coa vida de animais que un día foron exemplo para o pobo, entretéñense os espazos en branco, da mente, e aderezan a tarde de benditas salutacións. Así, á vez que dúas mans se pasean negando a autarquía da calor, acéndese un lume no corazón dunha sandía sen polpa, e danzan no aire un combinado de calores e fumes sagrados. Limpan as mans coa mancha roxiña dunha froita, para repetir ademáns na cara oposta dun automóbil, e liquida o libre congreso de atencións coas engurras de varias mans diminutas esculcando entre o máis roxo da bendición, mais non o máis acuoso, nin tan sequera nutritivo.

Sobre a certeza, da que se escribiron sementes cadenciosas, escíbense textos nunha fin de semana de festa a un deus, agasallos ás vodas, ao compañeiro de sustos embozados, ao amargor dun corpo celeste sobre fondo gris.

Fixen outra excursión. Supoño que pensarás que esquecín o motivo que me trouxo aquí: buscar a mamá. Quizais sexa un pouquiño certo, pero, aínda que estea deixando algo arredado este tema, creo que, pouco a pouco, voume atopando a min mesmo. Non só iso, en cada paso que dou cara a dentro de min mesmo, paréceme que aparecen pistas sobre ela. Si, descubro o porqué de certas cousas, entendo os pensamentos doutras persoas. Non sei, é como se vivindo aquí, saíndo ao exterior, utilizando os ollos para ver, puidese acadar a visión doutros. Así, ás veces pareceume entender por que mamá marchou, quizais eu tamén estea a facer o mesmo. Todos os días fuxo, de min

mesmo, da verdade... de tantas cousas. Ben, esta introdución inesperada case que me baleirou o presuposto para contarche o que foi a última aventura, así que espero ser quen de contarche o máis bonito de... uff, aquí comeza outro problema, porque o nome ten dous nomes: Mamallapuram é o que lembro. En resumo: amais da calor dunha praia india nos comezos do verán, puiden ducharme con area e refrescarme no mar de Bengala. A auga estaba boísima, con ondas grandes que asustaba aos locais, pero que eu aproveitei para bailar. (Lémbraste da peli: *Danzando coas ondas?*). Aquí si que houbo anécdotas: non podes nin imaxinar as carreiriñas que dei, non só porque a area queimaba e intentaba que os meus pés tocasen o chan o menor tempo posible, senón porque por momentos cheguei a contar máis porcos na praia que persoas. Os homes bañábanse nos seus calzóns, pero as mulleres metíanse na auga cos seus punjabis, que logo secaban á vez que os seus cabelos. Toda unha experiencia, dende logo, que absorbeu as manchas indelebles do té na túa benevolencia cando fixeches preguntas ansiosas de resposta afastada na túa cultura. Cos esquecementos e os castigos da idade adulta, que ás veces chega a transmitirse de xeración en xeración, por simbiose alimentaria, soaron as xugadas dun tambor, que cos seus repudios:

.....

Nacín no Norte. Pouco falo da lingua de aquí, o básico para comerciar e defenderme no día a día. Non a necesito para nada, só veño aquí para traballar. Vendo tambores. Nuns días volvo ao Norte. A temporada está a piques de rematar. En canto entre o verán isto baleirarase, vai demasiada calor e ninguén visita a zona. Nestes meses aproveito para traballar en casa, facendo os tambores. Amais da táboa india, teño *djembés* africanos.

Aprendín a tocar con dez anos. O meu pai bebía moito e ía con outras mulleres, por iso morreu. Daquela a miña nai quedou sen nada. Dedicouse a mendigar. Todo o que conseguía gardábao ata a noite, para darlo aos seus fillos, pero non puido aguantar e morreu. Despois aprendín a facer isto. Nun par de meses caso. Xa teño 18 para 19 e o meu irmán, maior ca min, estame a buscar esposa para cando volva

nacer nunha paréntese de peixes que se debuxan e desdebuxan no mesmo marco de cadros albergados nas pegadas sinceras de praias que non venden a súa mercadoría de logreiro ser humano lambendo a sola dun billete de máis de dous ceros. Iso non pasa aquí, responden voces de conciencia, conscientes dos erros con h que deshabitaron casas e colonizaron os idiomas de peles intelixentes adestradas para agatuñar as fauces do sol.

Traduces a voda dunha comida nun xogo de abelorios intelectual, desordenando a conexión das gramáticas e provocando hilarantes conversións do verbo en adxectivo. (Cómese *chapati* e *poori* ao mesmo tempo que unha exposición de té quente inverna na deshidratación do verán). Descubres as postremas pegadas dos barreños barruntados de óso e esperma –ás veces luz dunhas pálpebras ávidas dos quince anos que nunca foron.

Só no abismo enganoso do corazón de aceiro, perdido a veces nas afrontas dun Oriente colonizado, tes fillos criados con colares de gloria perdida e consolos de memoria va. Premiado coa vacuidade do destino, afronta de tesouros sen luz, dormes as últimas areas dunha praia de día cun arrorró de segundos e metades sospeitosas de teren fracasado no seu intento de bicar a fame.

Tras ese vaivén das noites e os días, do rumor do aire agreeado do mar de Bengala e o suicidio afónico dun porquiño almor-

zando albores, repasas os ollos atopados o primeiro día, aqueles que tocaron un timbal coas súas lagañas e aqueles que esculpiron deuses da mar, e tamén aqueles que bambearon ecuacións e exercicios de resolución ás 5 da mañá; tras esa inercia, elevouse o salvaxe que se atopou máis dunha vez na inocencia e bicouse a pedra coa natureza, para formar ósculos de invisible cariz.

Todo movido, con anos de pracer e silencios, táboas confesoras de dor, volve a xurdir unha mediación que ocupa o cheiro das almofadas e a cor de colchas e sabas. O abreinte é un meteorito confuso ao que lle sobraron grans, a reencarnación dun sol marrán e pezuño de rocha. O amor, nese intre, non é máis que a resurrección do cárdeno do día nas súas primeiras horas, o gris sobre un peito cálido, un sorriso longo, lixeiro, sonoro e agudo sobre dous ombros en entre en e cara a; a saliva intelixente que circulou, pausadamente, polas vías e rúas da túa cidade interior, un suspiro amargo ou unha butaca dura con colchón de xeonllo e brisiña dunha man. Ti, inocente, que escribiches versos, en ocasións, en panos de mesa que pode ver o vento, que fracasa-ches na modorra dun garfo sen tinta, renegas do pasado, por un instante, e contemplas, cos ollos semi-abertos, dous bustos envoltos de *saree* e espumosa sobriedade de ollos.

Na mesma coiraza dun soño, coas pálpebras perdidas na labranza dun mirar ao unísono, respiras o bafo dos pousos da súa pel e compartes a vida dun dedo maimiño cun par de dedos macerando agarimo con salubre descanso. Es, nese entón, protagonista dun favor adiantado e prostrado aos bicos que non poderán ser: o disfrace eterno dun suborno ao corpo, unha presa de rupias investidas na súa alimentación.

Namentres, receitas de comida: un *poori*, unha *plain dosa* pouco picante, arroz con *curd*, un sorriso lambido polas pega-

das dos teus dedos, o desgusto do beizo superior en conexión co seu ollo brillante, a resposta dun nariz distinguido, impaciente, sinalando o teu horizonte, coma o teu olfacto sempre achegado a unha bafarada de aire que zarrapique o seu aroma corporal.

Así teñen senso as estrelas e as dúbidas da noite. Cómo resolver a picada dun auto na carreteira: repárase no enxeñoso soño que destapa e viola toda moral sen conduta, toda sospeita de chiscadelas enarboradas e en silencio, con paixón, con fruíción, o estremecemento dun tobogán-asento e a maldición do tempo, da brevidade dos agarimos efémeros dun soño vacuo.

Argon + xofre + carbono + helio + hidróxeno + ferro + metano + neon + osíxeno + silicio = ti. Combinación exacta que exaltou ao mundo provocando á lúa contar os seus contos e coplas de media noite. Ti sabes desa relación polo embelezo impreciso que os bicos da noite gardan en cofres de valioso almafí oculto, polo matrimonio de fotografías presentes no único fiño de voz da conciencia.

Selo estampado nun martes de Antroido lonxe dun aparato obsoleto de crucifixos, relixiosos ritos ou pagáns. O que sexa, o como se chamase: sen ser ti o que debera dar o galanteo ou apertón de mans.

En órbita de disfrace para os blocs de notas, anuarios e anecdotarios, almacénanse nunha tarde banquetes para a alma e metáforas para o corazón. Un *chutnee*, sempre docemente acompañando cada segredo do día, baña os pratos e os seus dedos regados de unllas, ¡políglotas emes de palma de man agretada!

Co convenio dun libro de receitas que partiu a cantidade de té en dous, entregando migas de sal, azucre e chile ás aper-

tas morriñentas dos bicos que nin pensar se poden, maceras nos teus ollos as toallas que bañaron os pés, os xoguetes con coito no coxín da cama, a represalia tardía do arroz picante e doce laranxa. Acabado de amasar a marfallada de contidos, espreses os días para vernizar cos dedos do pergameo as horas valentes que algún día volverán a ser andoriña pousada sobre a túa mente.

Mentres, aínda co albume final soportando enquisas, encabezan o pesar dun vaso as imaxes en azul dunha película cun sempre heroe e unha sempre heroína. Repartes momentos entre unha película en telugu e os sortilexios da fame e a sede de conciencia, entre o calar e o sentir dunha despedida que se afasta con nenos aos ombros e bonecas á cintura.

A noite come os tangos afables do día. Coma un duracio mordido ata a parte máis porosa do seu óso, fluíron as últimas conversas, sobre un *rick-saw* de agarimos verbais e intentos oculares, de pucheiros de olfacto, de perigosas promesas.

Aínda que nese momento non o sexa, a cabeza é ás veces un remordemento de conciencia, unha sombra do pensamento desconcertado do que fuches. Os silencios esquécense, pois, de reencher os buratos das conversas, camúflanse nunha conducción de adulacións de asfalto e area...

Aquí que descubres que o adeus prohibido é un ata a vista vedado.

Capítulo dous: O aroma dun domingo con sabor a incenso. Recorte dun xornal caído sobre a páxina de efemérides de tal día como hoxe. Resposta solemne a uns ollos acuosos que se vanglorian de ser partícipes do teu primeiro parto e o primeiro aleito sen contacto. Como aquel domingo, hai hoxe un ano, pechábaste nun cine de ventilación auscultada polo son dun

unicornio azul, entrelazabas os teus dedos coas preguntas dun cuestionario de respostas con ton de interrogación, arrastrabas cos teus dentes –eterno dilema dun soño provocativo e prohibido– a miríade de solucións sinceras que non afecten ao puño sendo sostido polas túas falanxes.

É un episodio de desgustos, de despedidas que soan a agasallo agridoce, de efemérides doutras páxinas que o vento non soubo facer voar. Abasto de acometidas do corazón e o sexo, latrina virxinal con castos berros temerosos de chorar un logro, exculpación do doloroso que perdeu a súa paciencia. Hai hoxe un ano, ou quizais dous. Era por eses días que escribías poemas na clorofila do solpor e a salvia da media noite, golpeabas os latexos do teu corazón con punzadas de cristal-botella e furgabas nos domingos coma quen perde as súas noites, antes de cear, nun asueto de debuxos animados de cualificación adulta.

Tras un vaso de auga, emanada dun pozo sen fe, bórranse de ti as lembranzas da unlla partida pola nordesía e as ortigas da noite. Sen números romanos que fotocopiar e que revistan de cor azul ceo as manchas dun borrón e o baleiro das sangrías tipográficas, vacinas o papel en branco con picadas de azul e saliva de protesta.

Un inciso, un porqué na páxina de sucesos, unha copa entregada co son dun metal de ouro confirmando xerencias e pertinencias. Alfombras de flor de caléndula e veos da flor de loto. Oposición sen pan de convectoros adaptados e simulados; simulacro dun incendio de verbos e os bruídos da selva nun deserto de oportunidades para purificar o ego e salvagardar as carnes do pecado espiritual, da agonía dun Oriente que se viste coas súas opas e cea os seus alimentos.

...E porén, teiman os amantes do camiño e a sombra plana en bendicir as coroas austeras do peso viril, en bendicir os pés do que os pode recubrir de números con cheiro a cifra e partitura de cambiador. «Perdóaos Señor, pois non saben o que fan», dixo o profeta.

Un epitafio a un poema sen versar, de varias liñas, é o amargor de tantas páxinas que foron variando e mesturándose entre si

nos meses que xa levo na India. A calor é cada vez maior. Chegamos aos 40°C ou incluso os superamos e parece que aínda esperan días peores, porque abril é máis caloroso que marzo. Amais, como din que este ano non choveu nada na época de chuvias, fará máis calor cá acostumada. Menos mal que hai ventiladores en todos os lados, nalgúns sitios hélices de avións derrubados nalgunha das guerras mundiais. Agora, como ves, veño cada vez menos a internet. O meu inglés vai mellorando porque podo ler o xornal e, aínda que se me escapen unha chea de palabras, inténtoo, coa axuda dos debuxiños e algo de intuición. Tampouco teño moito tempo para decatarme de que é o que pasa no mundo, pero, cando menos, quedo cos detalles máis importantes. Supoño que grazas a Deus, Galicia non sae na prensa, e é que aquí hai novas de sobra como para encher os diarios

dunha prolífica nube de inxustas miradas que alguén fotografou cun ollo de limada unlla.

Fun ao cine cuns amigos. A película chámase coma un xogo indio, o *kabadi*, un deporte, para min bastante surrealista; aínda que non teña nada que ver coa petanca creo que podería gustarache. Creo que é algo así como o xogo de pelota azteca, pero sen pelota. Por suposto, na peli había amor e desamor,

moita música e moito baile, e cortes repentinos e superposicións estrañas. De todos os xeitos, creo que estou afeccionándome a isto. Non ten nada que ver co cine americano, aínda que ás veces se dan golpes intentando imitar heroes, pero sempre hai un final feliz que

determina a impaciencia dos sucesos por retrotraerse ou dignificar o xénero. Quítaselle importancia ao número de aniversario que levas sen festexar faceiras inchadas, teléfonos queixados de gripe esquecida aos dous anos, cines hipócritas sinxelamente vestidos a véspera dunha celebración, coma ese príncipe de mareas tristes que sae cada noite a despedirse de ti: «Boas noites», «Boas noites», «Como che foi o día?»... Dúas horas de cordeis, de nós, de ollais, de cimentos sobre unha mentira que se evapora co número de horas de traballo, de xogos de abelorios e apostas de dedo incide contra si, de autismo nervioso esperando a chegada dunha sombra, dun sol de nutrientes e de sementes de amizade.

Ese día é hoxe. Escolliches as túas cores pola roupa. Incluso os calzóns combinan cunha data, un sentimento e un indefinido que aínda non perdeu o seu momento no teu cerebro. Os calcetíns enmarcarían un inverno de pintura, un marzo mediado con agarimos nos pés e noites de amigos invadidos, rotos de importancia e mareo que cada cal soporta a conveniencia das súas penas.

Grazas foron os versos que teceron de amarelo os extravíos que as mans amordazadas non puideron ferir. Foi unha dor de pasados, de celas con cortello de ollos verdes, de bambolinas de amor, de pastel de améndoa, de lume sen candea, de lúa á luz dunha cea solitaria, dun complexo de fotocopias numeradas con puntos suspensivos...

Nútrese a noite do sosego do vestir, da culpa dun camiñar acueduto, do silencio dun coro de ás e apostólicas hélices de ventilador. É daquela, novamente, cando xa pensabas que o pastel encollera o seu tamaño de atención olfactiva, divagas no centro-núcleo dun corazón sangrante de follas de cortina azul, de transistores laminados de man-desodorizante-de-finas-herbas, ¡té de limón!

Un eco, de súpeto, irrompe no cuarto. É a bágoa dunha das flores do xardín que, ferida, viuse sorprendida por setas en forma de interrogación que baleiraron o seu sangue, viciada de corruptelas e anos de sexo coas promesas, e os vasos acedos de viño tinto, a súa ira provocada por unha impotencia que sobrevive co fío de camisas disfrazadas por todos: himnos de paz e guerra á fame, prostración do sedento de gobernos sinceros cos pés nos seus sinais e os soños nas curvas de cada lectura de liña plana.

As guerras de verbos e desinencias estranxeiras, sumadas ao arbitrio dos erros para pacificar o mundo, colapsaron as colacións de bicos de mercado negro, e xa as chiscadelas non se prostitúen nas novas de última hora. Os prisioneiros delegan as súas pertenzas en píldoras de brazaletes con son de grazas ou nas etapas dun pracer duro pero sincero, deber do coñecemento dun parlamento emocionado.

Capítulo quizais. Interese por quebrar unha barreira de fumes-tema, por decidirse a sobrevoar o ceo, pintar de azul caramelo as bágoas, provocar problemas ao mundo, ao mundo provocar. Mais, de golpe, emocionado polo anos que o poder norteou coa fraqueza do tempo, hanse estragar as comunicacións abstractas de primeiros e segundos períodos de longura abecedaria.

Pechas os ollos, sabes escribir con todos os dedos e falar sen a axuda dos beizos, copular coas lagañas dos ollos e bear coas ondas caducas, estranxeiras, deshonestas, dispareas, distantes, distintas... da mar. Calan tamén as feridas do sangue, ceden postos os vocábulos para plantar arbustos de comedor en momentos deseguido, vértense as advertencias en copiañas de coñac desaborido, na acidez dun sábado polo serán.

Quizais a solución sexa crear unha mañá de respostas, unha combinación de operacións de volta cara atrás, non un sistema que impa cada vez que o tocan. Cos peros de fillas con declaración, os campionatos inimigos, as discusións sobre a publicación de coñecementos, os erros das letras, será difícil gobernar un ataque, o ataque ás correspondencias, as explosións de gratitude por plantacións de parra e ouropel, de flor de loto, *gulab jamun*, séculos de arroz e pataca para o Norte. Coma en moitos dos poetas dun Netch especialista nos versos de incumbencias, latexan liñas espello dunha inquietude ou dunha dúbida...

Chorándote, evocándote, coa alma enteira desgonzada, sentíndote lembrar, sendo primavera esfollada en inverno, crisálida de penas, emanación de sentimentos que se curan coa fe ao mar.

O vento, sorriso de Occidente.

Sanedrín de oracións encabezadas por un ego, exercicio de purgación, salvaxamento do interciso expropiado; alerta, alarma, cocción de minutos, ¡salvagárdense os listos, que os outros xa comezamos!

Tormentas de area que ten o corazón.

Condenados a pagar as débedas contraídas polo aburrimiento de Occidente...

Tremen as luces nun escintileo de panfletos cargados de poesía, sobredose de versos desordenados que algún día acadarán o cénit da súa reconversión en ciencias de exactitudes reticentes de conversar.

Choran as lembranzas da fame, os enterros de madeixas orgullosas que memorizan esfolles de primavera, o alambique dun cesto de sinceros alumnos sobrevoando o vento. Receitas: cúranse co tempo, coa tristura, coas veces de algún e os nomes falsos.

Pasaron os días sen poderes xogar ou faceres delineamentos de trazos de pobres. Só amontoaches adxectivos ante substantivos e coloreaches os buratos das letras para intentar horrorizar o mundo, ou, cando menos, abrílles os ollos e que vexa cómo se expresan os seus oídos, cómo as palmas dun adeus abatido se sincera coa evidencia dos mundos cortados a cachos e puntuados por anacos.

O café, cun nós que o sábado imos ao cine, é a ortopedia dun mundo que se derruba polos piares mal construídos e a fame das gretas e retos que Occidente se marcou nunha conquista de libros de texto e números romanos construtores de séculos. A alucinación dos pousos branquexados polo aceite de coco que aínda aromatiza a función do leite de morte combínase coas maltreitas manipulacións da dor da cor, sombras de tinta chinesa e abecedario intelixente.

Un castrati, sen voz máis que para pedir o sal de cada día, o painoso humano de cores nas portas de casa, o clasicismo dun xénero europeo adoutrinado polo sentimentalismo profundo do que puido ser e non foi.

Decidín que foi dabondo, que todo o que podía aprender neste lugar xa está feito, polo que agora toca seguir adiante.

Rodeeime de máis occidentais que de indios, por comodidade e por medo, por diversión tamén; agora toca afondar, ir a eses sitios onde mamá, fuxindo de *ashrams* occidentais –opio do pobo!– puido ir. Ben, e todas estas liñas sen moito senso, non son máis que para comentarche que vou cara ás montañas de Tirupati. Aínda non sei moi ben qué é o que busco alí, pero necesito outro cambio. Mamá sempre dicía que algún día cortaría esa melena enorme, que a todos nos sorprendería, porque xa nin sequera ti a coñecías co cabelo por riba dos cóbados. A primeira ilusión cumprida foi a súa viaxe a India; ben, e ter un fillo, que fixo antes, así que, por que non habería de ser a seguinte raparse o pelo? Creo que me estou a pasar coa filosofía gratuíta e non estou contando nada da viaxe, así que cambio. Amais, supoño que pasarei, aínda máis tempo do habitual, sen escribirche, porque intúo que por alá non haberá computadoras, tan lonxe do contacto co West World, he he. De momento non podo contar grandes cousas, a penas o que lin, pero atráeme tanto que morro de ganas por ir e estar xa escribindo, contándoch e que, dalgún xeito, tamén viaxes comigo. Sabes que o templo de Tirumala é o lugar de peregrinación onde máis xente se reúne en todo o mundo? Si, ten que ser impresionante, sobre todo porque aínda non sei cómo aguantarei a calor e cómo chegar ata alí exactamente. Oops! Creo que xa vin os primeiros peregrinos: toda unha familia de indios, neniñas incluídas, co pelo ao cero, que impresión! Non sei, se non fose pola impresión que me da ver tanta xente entrar e saír desas casetas, chamadas barberías, e nas que se empregan navallas polos séculos dos séculos... ata sería capaz de darme unha rapada.

Ben, prometo pensalo e reflexionalo esta noite coa axuda dos ferros do tren, que acabarán por acomodarse ás miñas carnes mentres non

aprendas os nomes dos ósos que tratan de substituír. Só a comechón do silencio negro sobre a carne branca, expresándose nun idioma de moral indecisa, fará preguntas e formulará sentenzas que nada máis o punto maior da agulla dun reloxo poderá recomendar. Fazaña dunha paixón por gardar nos petos as experiencias de planos desdobrados en cartas irremisibles, cos gorgolexos do sal de va vida sen auga.

E unha canción, daquela, cando unha xornada pon fin ao seu episodio de vestiduras rachadas polo pracer de orar a un mesmo deus, un servizo desleal de xentes que se camuflan na tristura dos seráns de sol sen poder ver o ocaso. Nese capítulo no que envexaches o frío das pólas, esgallando un sol temeroso, comeza a fin a un libríño de exercicios, xa esquecido nas dores estomacais e fai de proverbio a varios poemas de tarde, que morreron polo repentino vencemento do Norte a unha nube somnolenta.

Capítulo no que un porco mira un home compartindo a súa necidade.

Mentres esperas o final dunha carreira na que os aplausos son os xestos de leite sen zarrapicar á fame, comeza esa etapa de benvidas a outras tintas de pluma de escribir, outros enxeños en diferentes chans e luces tenues que inspiren o lume de versos de festival puntual con lembranzas de varias xanelas de tren caloroso.

Mentres te acolle a tarde, coas súas apertadas de aspa e devoción de selado, degoxas unha masaxe de pés, a reencarnación dun globo terráqueo en figura amorfa que sorprenda de chispas

os teus agasallos. Cando menos, que, á vez que a dársena de ecos alimenticios –sexa por causas estomacais, ben polo prestixio dunha forma de deus verbal– acabe en coma de liñas xemelgas e negras, nun xardín sen flores pero con om.

A fatiga da luz natural, amiga dun galo que te anunciou durante os días pasados, vingou á noite e bafurrouna de frases esporádicas que, unha vez xuntas, sementan chans que ti verás con bocas e mans, con ollos de rostro reconciliador e coa prudencia, ás veces falsa, que anima a enfocar cingaras nas súas mellores galas, vendedores de paz interior ou homes-abrazo de sorriso exacto.

Sen posible disfrace que te atavíe para fuxires dos ollos dalgún diario, continúas a túa busca: a esencia dun pasado que, de súpeto, se che antolla ser unha simple chamada de teléfono móbil, un día de auriculares que dá paso a outro e a outro e a outro... Ese é o maior compás de espera, o maior opio espiritual que hoxe move aos nosos pobos, ¿como, ti, podes estar perdido nun abatemento de murmurios ao mesmo tempo, á vez que a sede non é carencia dun líquido?

E lese: “Igual que un barco na auga é varrido por un forte vento, incluso un dos sentidos, no que a mente se centra, pode levarse a intelixencia do home”:

Tese primeira da viaxe, resumida en parágrafos carentes de bíblico ensaio ou maxistral dun Godoy embebido nun pasado que non cre na existencia doutras formas verbais: divides en códigos o aprendido coa idade e negocias os números con ansiedade, para gañar permisos establecidos á letra impresa; así procuramos eternamente o coñecemento, soño tras soño, corpo tras corpo. De todas esas frases, admírate saberes que é certo o que todos buscamos: un néctar difícil de achar e que quixera-

mos posuír no agora, e non ser preámbulos a adiviñacións ou castracións da lectura do máis alá.

Nos soños de Dalí escritor que tes, barallas posturas amorfas para a oración, para facer agromar, do aire en somnolencia, cachoadas de elegancia sincera, incapaz de pelexares por instantes que comenten os teus lavapés verbais para plasmarlos en billetes roídos polo tempo. Pasará factura do teu cansazo esa folla en branco a reencher á entrada dun hotel, a dor de cervicais que terá que esperar o seu tempo ata que se esgoten todas as posibilidades e podas servir de rexouba ás nordesías da novela, a lapidación dun heroe condenado a ser si mesmo...

Furgas, entre vellos chans, novas plantas de pé aínda felices de atoparen salutacións nos praceres da vida; non obstante, pouco ou nada sitúas nesa convivencia pecaminosa e inverosímil, nesa fuxida proxectada en paradas de tren amizoso, como amigables son os silencios, os intercambios de papel periódico ou as latrinas de papel moeda.

É pouco despois dun día, coas súas horas e os seus momentos, os seus arrebatos de ouveo e agarimos de entresoño. Asistiches a unha bendición de táboas e apousento que xamais desexaras discutir (con) para saborear, dese xeito, a brisa da xente e os seus aromas, os esforzos por larpar palabras que te puideran facer feliz, refrescantes momentos de hora en punto e salvagardas preguiceiros de media noite –cando se acenden espirais de cor a incenso e se cean as últimas oracións do día, apáganse os ollos e cepillamos a cultura dun deus entre milleiros, ese protector que co seu tridente nos fixo imaxinar os cultivos que aínda non puidemos acender co motor de raís e esperas de longa prudencia, ¡sol de media noite!

Os pés conxeláronse e mentiuche o ceo, unha vez máis, respondendo ás cuestións do sentido. Estás no verán indio, pero vístese de uniforme a fame; nun momento no que a descubres, vacilante, entre ríos de incenso e ondadas de cor gris-marrón. Entón, as túas lembranzas apertan cociñas de comida rápida, restaurantes chineses que soan a última despedida. Queres que esas semellanzas cos días que foron se plasmen na cor da mesa, sobre os panos de mesa amarelos que endosan o frío dos teus fundamentos, coa propina dun adeus de casca de café e herbas para o té.

Ao mesmo tempo que a auga separa os occidentes dos seus poñentes, só os escritores levantan a súa vista dos pasteis e comen frugais sopas de pan de aldea e ollo estranxeiro. Dubídalo, ignóralo; non cesas de preguntar ao fume do incenso por unha cor que descubra as propiedades dun pequeno deus, a idade dun neno que ten que traballar para poder seguir sendo neno e madurar cos seus xogos de adulto de pantalóns.

Comérciase coa tose e fanse trocos de *brahmin*; as películas sérvense en mesas de coadxutores e os versos son recitados en fileiras de descalzos –embigos indignos vestindo fe. Por que te esqueciches de despedirte dos teus zapatos deportivos, por que te animaches a falsificar retratos de parede para vivires entre a espuma dos zumes do xenxibre e a *sappota*? Por que ocultas a túa man esquerda entre os ollos e irrigas cos teus cantos as pálpebras? Acaso é todo para seres protagonista dunha historia, dun enlace de contos e manobras en branco, dun almorzo de froitas doces e tropicais?

Quedarán sen resposta o orballo da mañá e as ratas que aínda buscan sumidoiro ou unha reencarnación que lles subministre teito. Tamén por elas oírás as súas súplicas, polo veneno

que unha vez zurciron e polos *sarees* ao vento que fixeron voar en sentido oposto. A todo iso, cando xa se aburriron de contar as tardes os seus tempos, ensarillase unha música de números en inglés e posturas hindús, irrepitibles por máis que se observen deidades e tempos.

Que sorpresa de sitio. Outra vez hei de dicir que seguro que che encantaría. Estiven a piques de cortar o pelo ao cero, pero boteime para atrás. Iso de que milleiros e milleiros de persoas pasaran baixo a mesma navalla non foi o que máis medo me meteu, senón a sensación de verme tan falto de pelo. Ben, que estiven un bo anaco pensándoo, pero decidín non facelo, creo que me arrepentiría e hoxe síntome ben así. Imaxina que ben: ata puiden entrar a un baño con vaso. Abrín a porta dúas veces, porque pensei que sería unha visión pero non foi así, puiden sentar no vaso, aínda que –sería pola falta de práctica?–, non souben facelo. Ben, certo, non puiden. Agora escriboche dende Mapurai, que vaia viaxe fíxen. Pasei uns días na montaña sagrada, pero non teño novas relacionadas con nada que teña que ver con Occidente. Imaxina: non había nin un só occidental, todos indios. Había xente que percorrera inmensidades para chegar ata aquí e cumprir a promesa de cortar o pelo e ver a imaxe do deus. A verdade é que é un sitio

con certa maxia, como “cando chegan os *mishmish*” e bates contra un sabor doce na túa boca, en toda a túa presenza, un percorrido de descalzuras e baleiros que se enchen coas poses de espíritos perennes que deixan caer as súas pingas de saber en derrames de sol nacente para a alma.

Habrá quen coma con cubertos e envolva *masala dosas* entre os dentes dun garfo, habrá quen apague a súa sede con

bebidas fermentadas con cola negra e haberaos –causa-efecto– que estendan as súas mans para extinguir prantos de actor precoz e que se engurren os inventores que aínda non conseguiron placas para os seus nomes e apelidos.

É o momento de que concorran á dúbida os pasatempos, de estudar reflexos e repetir rabizos de cuarto de baño; en consecuencia, obrigarás a outros a responderen ás túas cruces de pecados e alivios, ata que se pinten as paredes. Ata ese agora e, por pouco máis, reencherás as partituras que o tempo ou, quizais, os tres perdidos, vangloriaron. Sondando respostas de alarma de reloxo, a confrontación do si e o non, os bicos de despedida que saben a licor de cereixa, roncarás arcaísmos e pasteis de iogur, con propósito de emenda e festexo de vésperas.

Xa nin sabes deletrear os os principais dos teus soños ou que coidados especiais han de ter os cartóns aqueles de viaxe, os bingos da vida. É a calor dun abrigo, a súa raspadura de mes de agosto entre viñedos e anacos de sal, os revólveres que unha vez conduciron a alma por solitarios e recónditos carreiros de couza antepasada, os verxeis onde outrora durmían sestas mentres as radios dispuñan sons de pedra de azucre, mastigado por nenos devotos das larpeiradas.

En semellanza ao que puido ser unha lembranza, pestanexas secuencias que só o vermello sabe ou pode querer. É por iso que, ás veces, envolves a morriña con montañas de area, area ocupada en peneirar salitres e obxectos de medición, dores de estómago e empastes de ben vivir.

Bautizácheste en vinte pozos un mesmo día e aínda tiveches tempo para confesar a túa oposición á bendición do diñeiro mal criado. É esa ducha de sentenzas, de augas doces e sal-

gadas, a que conduce sendeiros de pilas de fotografía e botóns de camisa por abrochar. Son as ondas as que, no seu balanceo de Sábado de Gloria, repican entre *lungis* e *sarees*.

Mentres pululan cancións, da man do vento, entretense un home reenchedo unha palliña, a última conxuntura dun auga de coco cristianizando o mar, e pelexa coas súas barbas por facer sentir ao tempo, que non é máis cunha canción de moda ao servizo dos calendarios. Á vez, un home é paseado polo seu bastón de construción de edificios, protexido por unha auréola de calva noite, escoltado polo encantador de areas de saída sinxela.

Algún día esqueciches facer debuxos na area, noites de praia e lúa chea, escondícheste da posta de sol; porén, a pesar da maleza coa que o vento contaxia os seus aires, regalan tabacos e papeis de fumar os que noutros secuaces baralles de pupilas areosas varren cos adverbios de lugar movible e os nomes dos que veñen e van.

O vento devolve, en labazadas, ariscos fumes de anacardios e podremia que envician ás túas unllas nun corte sinfónico de libre espuma viva e remuíño de poñente. Nese tempo, son as palmas das mans as que dan masaxes ao mar, non os seus óculos os que dominan o pesar do home. Bendición da auga que unha vez foi sal da túa vida!

Temeu algunha vez o sol as hordas frías das súas mareas? –preguntas ao solpor con esperanza de recibir resposta de alborada.

No mesmo lugar, no mesmo tempo, o vendedor de xeados convida ao xastre de areas a cesar o seu xogo de contas. Este recolle a súa procesión de coco pola metade e gradúa o sal dun chisco de area, para tapalo todo cunha man que aprendeu moi-

to do seu silencio. Abandona un xogo, ou un tear de posturas, pero continuará a súa marcha, aínda que ti non a vexas, contando e descontando grans, sopesando o tempo.

Xa comezan a soar as primeiras campaiñas da noite, chocallos de metal enferruxado, que quizais avisen ao último deus de que vén unha lúa de esplendor completo, e maquillarase e peitearase os seus cabelos co perdón dos pecadores, confesando culpas ao salitre dunha confluencia de Bengala, Arábigo e Índico. Enmascáranse de toalla os penúltimos ofrecementos cor *lungi*, cor *saree*, algúns cor *punjabi*, mentres nenos intercambian moedas e os máis crecidos atrevéñense contra as gargalladas de ondas silvestres –dedos afiados de man enmeigada pola bondade, maleficio bondadoso dunha laranxa peiteando xeonllos, apócope da fotografía.

De súpeto, pouco a pouco –non sabes ben– difiren as vogais sobre o papel, xúntanse xentes en torno ao crisol de contrafaino que aínda pretende encubrir o mar. Ombro toca ombreiro, mais non tocarán as súas portas as navallas dos embaixadores da... (PANO)

Outra vez un labirinto de nubes azul-verdosas que envolven coas súas chagas os diamantes que puxan pola vida. Como un embarazo máis, ou antes da abstracción de varias menstruacións: rompeondas fidedigno e feiticeiro, opio do home de barro que se alimentou de cana de azucre, zapatillas que levou o vento...

Que non cesen de escoar as ondas; que zarrapiquen o sagrado que de en elas hai e alimenten as profecías do porvir; que se acovarden os ollos e se avergoñen só as alimañas dos seus prezados pesos; que se estire o home que de carnes ten fociño amarelo-nutriente de aventureiros días; que se afine un sol de

xeminados versos e un quenturón da espuma do Ganga, dun lago sagrado estertor de nenúfares en diafragma ou calidoscopio (barrigas sangrantes, famentas, lapidando noites, ensuciando lúas); que levanten as súas ás os primeiros corvos que crean na inocencia do ollo caduco; que se faga un lóstrego na silueta dun astro bloqueado por sombras; que escancien dunas as terribles mazás que, apoloxéticas, creron as súas verdades de partitura de coco; que se acaben as sombras; que se acabe a dor; que se acaben as lañas do temor ao sol.

Un acantilado foi o ollo do elefante do día, un bater de día xurdido do silencio e o destilar da luz da roupa branqueada pola bendición dun estanque de disparos, de tiros a almorzo de froita desenferruxada, de remuíños de bandeiras en cintura.

Capítulo-episodio da flaxelación de rochas, flaxelación de roupas.

Hai secuencias innecesarias que precisan de días para leren o menú dos momentos. Hai outras que son mortais reproducións de tinte sombrío, recompensa adusta do embusteiro cisne –lago de colas de oca. Este é o día, o cheiro auga e terra á humidade dun corpo bañado por pingas de cigarro afastado, tanto tempo ofuscado, illado entre os bríos do *chillum*, da bota transparente de auga verdecida, da sublevación de comandantes, da ordalía do presente –amálgama de tés e posesivos.

Cun estalo, coa saliva circunscrita, obviando o estalar do que estamos presos, somos devotos a preguntas de señor, a cántaros afebrados de esquina de escritorio, ao azucre que é necesario por a un té. Como parte partícipe dese pé sempre aí, loas as costas polo seu rancor coa dor, faslle un burato, revértela en tres partes: un horizonte nubra cando se apaga outro; somos

conscientes do seu pesar, das respostas dun sabor, do crisante-
mo en flor, do loto que hoxe non almorzou á túa fiestra, á palma
dun cocoteiro de inclinada sombra.

En ocasións cantan as falcatruadas, coma nun sorteo de
lotería, os números exactos da poción máxica. Cóbrense de
moscas os denotados instantes, circulan en bípedes os anuncios
encantadores e, de cando en vez ou en raro, estoupan bombas
e petardos de confusa clasificación –insulto do pobre, madeiro
dun rico que crucifica os testos das súas raíces máis profundas,
aquelas que xa non pensa gardar.

Antes de que se mollen as páxinas dunha xornada sen au-
tobús de volta, no paralelo que estrema coa razón e o desexo,
destrenzas a terra baixo os teus pés con vasoiras de fío de voz
adusta, de corda fina, de póla en feixe, de noite temperá ante-
rior a ceas de ollos curiosos e mans unidas: abrazos do tempo,
saúdos con lembranzas dun pronto alá.

Ensombrecido polo verdor de gabanzas paisaxadas, pen-
durando as túas pernas dun vimbio de bigotes coloniais, re-
móvense soas as culleriñas do café, xúntanse o arroz con *dhal*,
picante, con cardamomo e azafrán, aos dedos polbiño de mila-
gre de tesouros. Chapuza o vento, man esquerda que raña un
cóbado, café de supostas almas e timbres de voz, zarrapicada
dun recóndito chanzo, asollado, con sete brazos de cada lado e
caras dun a outro.

Unha sardiña abre os seus ollos, coma unha vaca protago-
nista dunha película, para que as formiguiñas pasen e biquen:
decoración sinistra, luz de ocaso entre as últimas bufardas do
corpo. O mar é o presente, unha pinga que esmuxica, que ator-
menta ás nubes co seu rubor, que esconde escaravellos de pel
de cangrexo tímido, careta dun cervo de area e unicornio de

cuncha volátil, trompeta dun rañaceos que só o mar saborea co seu atanguer.

Un ceo antuca do presente, un nubradiño de varas de alcohol, de tintes de paleta de area mollada, dunha pegada penetrada no asfalto de sal. Escóndese, coma un cancro de zodíaco, o día; esfúmase e evapórase cos suspiros do que xa non é peixe, do esqueleto dunha nova luz, das saias caprichosas das mareas, da brisa transparente e cálida aínda. Fotografía dun dedo en poucos tons, cun brillo mate, tenue voz de volume apagado, pisada de bafo, fluír dos polgares en sombras de brando cáliz.

Ládranse os conventos que forma o mar, ocasión que ti aproveitas para plasmares outro mar sobre as ondas, para tenderes outros cabelos nos tendais da súa resaca e tapares cada burato que quede cun oco coas mesturas de cores, pátina de lúa.

Cambia, todo cambia..., que ti cambies non é estraño. Así, con esas ondas de ollos claros, deixaches escritas botellas de luz, cargando de gas as bombonas de calquera saída traseira a algún lugar, sufocando as liñas egoístas do tempo.

Riuse de ti a mesa, aínda sen sándalo. Descubriu a negrura dos seus puños e pescozo, o rubor da súa dor de visitantes –esgarros de sinceridade e cheiro fedorento, bestialismo inconfeso, farfallar das moedas de poucas rupias triscando as súas cifradados. Baixou o seu *lungui*, acariñando, de pasada, as nádegas do seu acocho de pernas, afeitando o seu relato de momentos e a decisión de grans de arroz-maceración do tempo.

Con todo, nun panorama de reliquias gruñindo a súa afectación, persegues o asfalto que un día te veu nacer. Tes morriña da lúa que un día peiteará ás súas nubes para danzar ao son das curvas que marque a noite, investigarás o poder dun pedal sen

rumbo nin guiador: as pisadas que se arrastran polos chans de cemento –esquivas lagoas do máis alá, de aquí.

Un Xesús Cristo con corazón de prata, un Ganesh de cabeiros de madeira azucrada, un templo-kaaba que amazoca as súas pedras, mans que se confunden en atribuídos poemas de man. Alí estás ti, espectador dun teatro de xestos, afeccionado adoutrinado polo esvarar dun ollo entre córneas, cellas e pestanas; pulular do beizo que se pode asustar, que se pode sorprender, que pode rir e chorar. Ti alí, sombra dun foco verde que identifica ao heroe ou alma superior, dun amarelo de feminino ou espírito supremo, dun vermello maléfico ou dun negro infernal. Confundido nos píos dun reiseñor afónico que asubía en sánscrito e malaalam, ábreanse copias dun libreto que outrora sería ópera e así descubres un conto sagrado, unha lenda de deuses de cores e demos disfrazados, eopea en verso:

“Narakasura Vadha”

Naraka, o rei dos demos, quere ter sexo coas belezas do ceo. Manda ao seu emisario, Nakrathundi, un demo dama, ao ceo, para traelos á forza se é necesario. Faino así, pero, mentres volta, ve ao fermoso Jaeantha, o fillo do Señor dos deuses, Indra. Namórase del, cambia a súa figura na dunha encantadora muller, Lelitha, e achégase a el cantando:

Oh, fillo do Señor, Rei de ceo e deuses.

Oh, ilustre afouto príncipe
xerme dos moradores do ceo
conténtame ao escoitarme.

Agora que te vexo,
a miña mente está animada.

Pola graza de Deus,
funche regalada, para seres meu marido.

Jaeantha:
Oh, fermosa dama
Quen es?
Es unha dama do ceo ou
es ti unha princesa?
Por que a min te achegas?

Lelitha:
Nin son princesa nin
unha dama do demo
pertenzo ao teu clan.
Estou impresionada por ti,
cásate comigo e satisfai
as miñas ambicións sexuais.

Jaeantha:
Co consentimento do meu pai só,
casarei con alguén

Lelitha:
Asumín que serías o meu marido
Oh, fermoso, nin un momento sen ti podos

Jaeantha:
As túas palabras convertéronse en ecos nos meus oídos.
A túa ambición é fantástica!
Sal deste lugar.

Nakrathundi:
Vin para levarte comigo.
Só contigo irei.

Jaeantha, farto da presión, saca a súa espada e corta o nariz,
orellas e peitos de Nakathundi, que deixa a escena en prantos,
mentres el corre a falar co seu pai.

Fin dunha representación que foi invocada coas garatuxas dunha nai ao seu bebé, o mesmo eu e os seus intentos por aleitar os sorrisos e beneplácito dun público observador e fotografaute que non foi quen de aprender o código de xestos e textos, pero se vai coa satisfacción de músculos, e expresándose con movementos de ollos e mans non antes adscritas.

Xaxúas lecturas imaxinando un pan sendo amasado con viño tinto; acordas ler os ollos das estacións de tren, mais non arrimar todos os ombreiros aos pratiños de propinas e balbuceas as desfeitas dun prezo en data de caducidade arrefriada. Nese palacio de botellas de cristal verde, entre o avatar da tose e o espirro de primavera, entregas a paz nun intercambio de incenso sincero, na beira da conversación.

Novamente, tras tres ou catro días, afundirás os teus pés na area mollada, serás pasto para o sol e condimento de especias para o mar. Seguirán repenicando os silencios a súa cor de *chai* en gran de area, mais cambiará a do mar. As ondas, coa súa lembranza eterna e os seus aplausos dunha soa palma, faranse eco de oms que algúns recibirán en ondas castas, en posturas amestradas para a ocasión, en flamíxeros ventos apagados no seu verdor.

Atrás quedaron amores, deses que se esfuman, como o sal, pernas de porte inseguro, sorrisos absorbentes, cadeiras-cesto de cariño. Diante queda a túa sombra, arbolada por un sol valente que non teme os encantos do amor, pero que encandea o rubor das súas meixelas cando te ve en parella, compartindo conversacións sen mensaxe ou as liñas dun libro con páxinas en branco.

Un desfile, un desfile de galletas. Emporiso, non hai máis que unha; criches que o mundo era unha delas e comíchela, crashh!, comíchela, como se dunha galleta se tratase.

Nun barco sen candeas, bambeando os paxaros cantores, desprendido dos ocos dunha sombra que abre árbores de luz, camiñas en seco ao encontro das dádivas dun ceo disfrazado. É así que che ofrecen ser pescador de cicatrices, mozo cliente da senectude, afiliado imberbe de improperios en mutis, lázaro do xabón do mar, diminuta formiga que navega polos seus adentros, pergameo ácrono aceitado de cuartos sen parede, cadernos de notas con tic-tac ás beiras, funesto atopar dun illote de comezos que rodean albergues de cuestión-repaso.

Privilexiada posición na que estás, divisador con ollos de pirata, descoses os ollais da mar para albiscar ataúdes de area, larpeiros escondedoiros que aceptan a gula como homenaxe de despedida, como castelo de cunchas de rocha, como envoltorio cambiante da suor da cada auga. Príncipe en barcaza de fogazas azul celeste, cominando a unha inmolación de cronometraxes, pinchas a agulla do sortilexio ancorado de negocios e esgotas as posibilidades dunha balsa, en litixio dona e amante do encontro de pasaxeiros, de peregrinos e sedentos buscadores da paz ermitá, esa que un día decidiu o vento rescatar de entre os bríos de voces incansables de poeta.

Asóciase, silandeiro, unha pasaxe cunha estrela á que onte falaches; si, aquela que aceptou o teu colo por un instante e capturou os diálogos do diamante, lascas de luz. Non obstante, pronto, como esa folla que, desganada, entra no xogo de bailes de quita e pon, varada en arquipélagos de infinito, rompestes a ecuación silente, a efusión de esquinas habitables, para dar paso a un encontro salitroso de sede, paixón e ecos de lúa en cuarto minguante, corredor de parasoles e cangrexos de mar.

Rancia postura a do goberno do sono, un paraíso errante que significa asubíos, cotobeladas de mar e fervor de día; inma-

culado riso do facedor de chuvias que resiste os días premonitorios de defunción, consolo do libriño de reloxos de area que escapan de entre os teus dedos.

Así segues, atranco incólume dun neno pescador, celeste gorgolexo do mediodía, abreinte izando ego, ignominioso sentido batido por un avó que aínda é pastor de encontros e por pólvora a unha neta, tesouro de bágoa cadeada aos raís da súa vida, as vidas da súa vía, da súa plataforma. Plataforma que, un día, non afastado, será cuberta coas flores do xasmín, rodeada de pingas de orballo, condenada a apertar as mans dun descoñecido; portadora de enxugaduras de ollo, de domeadas iras.

A pesar da continuada chuvia do mar, que ofrece os seus pentagramas para que só coloques berros nas súas liñas, vólves-te enfermo con cada onda, delfín amnésico de calvas formas, vagalume sereo que pinta os seus pés coa mirada. Aí descansas, cuadratura de espoliados amantes sen óso; aí retiras a manta que che cubriu de noite; aí pasas a noite en avanzado estado, colocando lámpadas de face de luz entre os sendeiros de árbores que xa foron e aínda serán, que son acubillo de mans lustradas para pintar retratos de do-re-mi.

Poderán xuntarse en ardorosa harmonía a túa dereita e a miña esquerda? Sentaranse a converter o mundo nun taboleiro de xadrez ou un billar indio con dedos de parchís? Salvarase aínda a area dos seus problemas de conciencia, da ventura do precipicio que supón a lectura dos seus emblemas? Responderá a noite ao rancio celme das preguntas de sol fulxente? Será mentira a verdade? Será a verdade mentira?

Non che responden. Rinse de ti a gargalladas as labazadas dun centímetro de océano, confésanse contornos sen regreso, froita xiratoria sen o seu permiso, loucura de Ado-

nis, enfatema do novelo de la, reflexo cristalino dunha foto en mate.

Queimáronseche os pés en infestas liñas de dobre pauta. Ardeu a sola dunha brisa errante na súa provocación de lamber cinzas, ritual de acendidos rezos e oracións de cascabel. Como a planta de só unha póla, acochada e manifesto de todos, insulto causante da rouquén do sol en posición de execución, perfilas os paseos e as nubes en procesión, facendo bastión dos teus comentos, tres currículos de en medio da viaxe.

Ves esa pequena cabeza de coco frío, esa amosega perdida no fósforo dun xeonllo relaxado, fiel e ausente. Danzas cos ollos de arbitrario alumno de cursos de redacción, na procura do obxecto necesario para faceres as túas estrías. Un segundo rise e, á vez, o azucre enlambona o olfacto da inspiración, merenda as viaxes de percorrido a paso curto, referenda a paz entre os obsoletos momentos de calar sincero.

Atrás quedaron ensarillados de catapulta, perigos escapados do século XV, anuncios de mel sobre estreitos canellóns de lámpadas en ringleira. Ante ti, a devoción do cacto criado entre rochas, o mutis da luz, a ponderación de días de area e sol, de pastos libres para a lectura, de vergoñas de avesos ratos de biblioteca –astrónomo agromando entre escolas de deseño, grafólogo do fluír da vida, vidente sen vista que abra as súas palmas.

O pan que alimenta unha mesa sen música, penúltima colonia dun artificio de plantas con caspa, arríscase, precoz, a azucarar os teus ademáns con posturas fermosas de certo valor sentimental. Ti, arroupado por un ombro que se esconde tras cinco dedos –afastados a aqueles que pretendían calzar pezuños de tres fendeduras–, salvaxes, feroz, o cansazo; adestras os

turbantes que se enredan no teu corazón e bañas con puntos á parte os cotarelos de ollos grandes.

Un axóuxere, que esvara entre os pos brancos desas pólas aínda en mancebía de serpe, fracasa no seu intento de convocar atencións de afecto, de reprimir os dolos que provocou un corpo e, entón, decide morrer como obxecto de xamán, como reliquia operada de fimoses que arrastra consigo os sabores e solermas da infancia. No seu intento de suicidio, apertando contra a súa mal nomeada vidalla os nomes dos descoñecidos, confesa ter sido infiel, ter sido testemuña de oportunidades... Lembra os seus confidentes que partiuse un día ao apoiarse nunha follá de cor violáceo, curouna das súas engurras de navegante mensaxeiro de mar, pero esqueceu preguntar as súas preferencias e así foi que cometeu o seu primeiro, o seu primeiro rexicidio, quebrando os seus nervios, acaroando xunturas a onde non correspondía, iletrando os seus dentes, lanceolando a súa ventura, furgando na caída do seu futuro.

Chorou. Chorou ou, acaso, non máis que saloucou o axóuxere. Expuxo as súas últimas peticións, antes de ser executado, nunha varanda fronte ao mar, castigada polos asubíos esgotadores do vento e polo desafío da ondulante mar. Un león, amestrado en rocha, ruxiu as súas postremas peticións e bendiciuno, co sinal da cruz, taponando os seus oídos e facendo voar ao vento os seus indescifrables murmurios de pena e ira.

Os xornais, atacados polo bocio da nova, explicaron con grandes titulares os sucesos; fotografaron as últimas chiscas de vida dos defuntos que peregrinaron de xeonllos cara ao sacro sepulcro, lembraron quen fora e o bondadoso do seu ser, programaron escenas de encrucillado e espazo baleiro, zarrapicaron contra as inasibles rochas, xa visgo en castelos de pel caída.

Reeditaron números con ocasión dos eventos, reproduciron as súas últimas palabras con letras de estilos diversos, vacilaron coas xuntanzas de libros de biografías e ata houboos que versionaron para o cine as súas derradeiras apostas.

Ti viches apenas o que deixaron. Criches ser mellor dares paseos nos bancos de calquera azulexo que destronase ao mar, pedaleando ao camiñar, desmelenando as madeixas de cuarta luz.

Como escritor dos séculos da candeia, entre xuncos que son o teu apouso; alumeado por unha fina candeia que derrama o eco que oe tras de si, plasmas no teu diario o último soprido do día e lembras as tantas veces que xa dixeches na túa vida “Boas noites”.

Noutro día, o amencer tórnase eclipse de claros amalgamados. Cobren as bocas, das trenzas do cesto disecado, duchas de sol aínda non en crecente. Deitas as reflexións nas esquinas do metro cadrado, varres de póla o muro que é cal cos movementos, por testemuñar un espavento nos percorridos de luz de fotografía.

Nas ortopedias que provocaban os aromas do ambiente musicado, a auga non deixou de ser unha sedutora vista a través dun cadro de Dalí, bosquexo abocado a permanecer inerte na súa figura de bodegón queimando os seus ombros, salvagarda da sesta doutro lugar.

Agora ves como o sol é un aceite que se posa na auga, emerxente no seu fervor. Atravesa as súas liñas cunha frontal sonora, coa castañola invisible dun cangrexo anacoreta, atopador da salitre, fósil do asento por manta de illa en cuncas denegridas, vestidas de cobertura tronzada polos eternos da vida. Mentres indagas na raíz de, arrepiante prato reverberado,

fotografía móbil de menú do mellor hotel, recitas con cunchas-caracola os achados naturais. Deste xeito, un cangrexo dispón a súa mesa co sol por candelabro romántico, estendendo un pano –onda salgada– para limpar a mesa de somnolencia. Coloca sobre infantil pescozo argueiro dun gran de sal roubado ao vento, fréase fronte ao seu atril de comedor e convídase a cantigas cada vez que se alimenta; aproba as marxes dos seus dedos con precisión, afasta o que non dea a súa boca e crea estalos entre flatulencias e bo proveito.

Hipnotízate. O círculo que expulsa fíos perdidos no infinito, ollo asaltante no medio do teu universo, cifra para o argumento dunha última noite en praias de media lúa ou o tres dobrado do om. Tímido, gordecho perdido da face do seu elefante, anúbrase entre os brazos do seu soño, recorta os puntos dun pastel de felicitación e despídese, entre boquexos, coa túa mirada cándida de retratista en lona.

A través da lanuxe dunha man que dá o apoio da sombra, recostado sobre as borras dun té demasiado azucrado, plaxias unha canción á que só cambias o seu protagonista. Nela xa choras unha amiga que cumpriu as túas ordes en máis de cinco anos. Imaxínala, en posición de saia neses intres, xa máis pardo claro que amarelo, posta coma os seus pantalóns, estirada aos días e á compañía doutros viaxeiros –como aquel que achou unha chaqueta de la azul nas portas dun armario de verán. Agora vela xesticulando adeuses na túa despedida, choromicando nas noites de tormenta, fregando mans estrañas, facéndose amiga precavida das mostras de agarimo fortuíto; tes saudade do seu asento de batente de pantasma, na esquiniña que ocupou algunha vez nun baúl que foi mesa de noite, no rezo dun submarino de cores, na contaminación dun paseo de disfraces

e colonias de momias. Si, é adeus agora, despedida de embalaxe de prendas húmidas, pano de alimentos, cortina-sabre do curioso que se apura, ourizo de mar e cabaliño que tombou razóns en paraxes atardecidos con deleitación. Adeus e boa sorte, bo acougo, bo agrado, bo servizo... Ata a vista.

Pero aínda non marchaches, aínda non fuches o valente dabondo como para agoirar un destino incerto á prenda. O teu diario quedará coma un interrogante que resolverán os días e que se recoñeza no pasado, algún día, outro día; ata que chegue ese intre, obsequiaraste cun lector por horas e un astrolabio cantante.

Entón traduces as impresións dunha posta de sol; pero, cando xa estás triangulando enfoques, aparece a man do home, obra mestra destronando o xentil, parodia dun goberno de actores, ermida inmaculada do ceo brandindo hélices e capitaneando o voo dun helicóptero. Así se baten os episodios de non na cabeza, revístese de cello pregado o guión do seguinte comercial e pechas, por último, os teus libros, tendo tomado xa a decisión do abandono, a comunión de insolación.

O tren, albergue de sinais de identidade, imposto escollido para frear miradas ou intercambiar a raíz doutras plantas; o tren, pasaxeiro dos teus álbumes de fotos, compañeiro errante, vagabundo en fondo; o tren, afastada lumarada e reverberación do carbón, obsesión pirata dun día sen tempo para ensaiar; o tren: programa sen actos, improvisado quefacer.

Cruzando imaxes fronte á porta aberta do ferrocarril, pensas na de veces que esta semana tocaches o timbre da casa da vida. Acurralaches as sendas da area, escaravellando castelos de area nas costas de Kerala, ata chegar a Goa; máis amigable, menos verde, máis compromiso co jazz que co incremento de civís

en auriculares de paseo. Sentas por un momento e preguntas á amizade pola súa cor, polos asentos que contigo compartiron, polos dedos afundidos no perdido dun *cocktail*... Daquela dúbidas: que exemplos foron o vehículo dunha resolución, que linguaxe o máis lento continuar, que aire o máis ventoso.

Coma dúas tartarugas, que te miran na súa lama, que frecuentan o embigo das charlas, conversacións con outro eu sobre os temas, xa epitafio dun libro de ganancias, un banco de viaxes, un sinxelo cómputo de vidas e mortes, representación da realidade sobre o chan.

Cando ese lodo toma vida e axiganta os seus ollos en lúa de mel, nunha conciliación de candelabros colocados para o seu invitado, xa as túas palabras súan os seus últimos licores; é o plenilunio das decisións, unha estrela fugaz fugada do seu ceo. Alá, a súa luz, sucando paseos, xentil coas súas terrazas non alumeadas, rubes coma un bolsiño de papel acabado de mercar na *boutique* da mañá.

Boas noites, outro eremita con voz de plástico

Boas noites, bastón de azucre

Boas noites, fraga de enxivas

A ti tamén: boas noites.

Como o vezo nunha canción, ornamento do temperá amencer, preséntase o sol nunha coroa aquietada de metáforas de algodón, posposición a un perigo que levou a xente durmida coa man no corazón. Alá arrólalo, en lecturas e escritos de superficial area, alá várrelo do peso quebrantable de cada pisada, mentres continuas nos teus apartes, medicina acuruxada entre bálsamos doutra man –barcos de pesca sen remador.

Outra vez infectado polas curvas-espectros das palmeiras, pola súa inocente xenuflexión ante o altar que as convoca, ma-

riñadas de cestos de caña e coco, sobrepóñense ao seu dominio con melodías, ás veces de tenor, enfrascadas nunhas ondas que se evaden do tempo e a distancia, céfiro aterrando en portos de respirar moi fondo, de salina doméstica para o descanso baleiro do apropiado asubío, para a demencia do sal, que aínda sabe da súa color.

Entre esas premisas que che escribiu o firmamento, contradicindo a vontade dun océano suorento, rescatas o pescar como profesión de profetas condenados a vingar os oídos daqueles maltratados con dúas copas de silencio. Novamente rescatable desa implacable loita da ave que rodea o seu niño de esperanzas, dese froito da auga e as mareas, un reloxo de cristal de cuarzo que engurra a arrogancia da néboa e encolle os arrebatos marciais do desterrado sol, vitamina dunha conciencia que se consome en recipientes cargados de tesouros de pel sinxela.

Como a gaivota desalgada en mans dun home, axóuxere rendido á coroa fétida do seu corsario, dobran os teus pés o mal cheiro das lembranzas e penitencias sobre a liza branca, colorista paisaxe de veráns de radio evanescente, perigo de latrina atrincheirada en campos de millo, museo do onte por hoxe. Dese xeito, cal a barca da lúa que pide o seu paso ao día, emborráchanse as penúltimas ondas na súa península agradable de espuma e libro en lombo, caderno de paseos, agarimo do movemento.

É agora cando xa o sol comeza a preparar a terra para o seu último serán; o derradeiro, sempre o derradeiro. Peitea, cos seus dedos afiados, as pegadas do ser e as pisadas do humano; escollendo, entre as preferencias da súa maquillaxe, o aerosol e a nube; esvaecendo con graza os apagados grises que se alon-

gan, que se alongan, se alongan. En oración próstranse os que aínda cren nel, devotos da calvicie de entre montañas, do soño como tobeira para un presente, das cerimoniais apostas polos seus puntos de ying-yang.

Inacabado, rezo prosaico en procesión; as súas liñas, parellas que aínda non saben mentir, protexen os saldos das izadas liñas, só así bicando o ben que as viu partir, agoireiro de aquí que aínda nunca puxo un ollo en soños.

Co seu turbante censurando insultos, tarabelo arredor do mundo, comandas as primeiras ilusións das estrelas, esquecendo as fortes críticas de ombros doridos, vestidos coma acabado de se erguer, cos volantes aínda no seu camisón, espera os teus saúdos, mentres ti, hoxe, xa só amosas bafos de edificios e estaturas, e así, entón, déixala. Á vez, vaise purgando o día co manexo de columnas de vértebras insonoras, e os teus encontros alégranse de ter sido alicerce para os medios de cartas sen despedida.

Febre de ollos caendo, segundo día de noite con conversa: jazz agora, matrimonio co cine antes. Acariñate o rumor do céspede mal cepillado, igual que percorrían onte as súas escenas os licores do amor, oídos de outros que vingaron os seus celos con copas de costas e dedo. Escolástico no rumor do valium, anotaches os pasos en falso e medicaches esquecemento a esa puñada contra o pecado, o voo sen paraídas de dezaioito meses de negociado querer estampado no vermello dos pasaportes. Pero agora mesmo xa esquechiches as sortellas sobre cantos dedos, os brazaletes de nocello e o cristal de vaso que se houbo escachar; agora xa punteas non máis que lunares no vocálico arrebatado dun berro.

De tal sorte escalas un arco da vella desordenado, apoiándose nas escamas da vida e nas voces afastadas que se reverten en homes de ton agudo.

Ola papá. Estou en Goa. Estiven bastante perdido nas praias, algunhas case como illas desertas. Comecei a pensar que estou na miña viaxe, buscándome a min e non a mamá. Ben, agora estou en Panjim, cidade tranquila, ordenada e limpa. Outra vez, pode ser que mamá estivese aquí, porque hai un festival de jazz que estou seguro de que lle encantaría. Sigo subindo e de aquí vou para algúns poboados nos que hai varios templos, e despois a visitar, a estar uns días, no lugar onde viviu Gandhi por moitos anos. A ver se alí podo fiar algo, aínda que sexa con esa vella maquinaña que alí aínda se conserva. Xa che contarei, espero que esta vez con menor demora. Bye.

O timbre da mañá, con ollos de lago de balsa de xeonllos, soleira do castaño de follas caídas, visita as posturas do medio século, as candeas de graxa en busca de riqueza, o pranto dunha parella de namorados que xa coñecen a preguiza de longas noites. En trono desolado, en desconcerto de asento canso de esqueletos, lanzarás os dados para cubrir quilos de distancia e horas en bolsa de litro.

Coa textura, allea no que ao social se refire, a hora do té, en balcón de inspiración para recostarse sobre o seu balaústre, opera un taboleiro de fichas para zapaterías, cestos de costura, restaurantes e pisos segundos armados de contraventás. Os anémicos recendos das súas paredes xa foron abellados pola humillación do tempo que non se coida das súas engurras e agreta o azul en rosado e o amarelo en penas de mofo. Empu-

rrado, como unha folla que xa non é dona de si mesma, aínda que mantéña o seu espírito lanceolado, desvanécese o día nos teus brazos, romeu do descanso.

Así, o último grollo do día apoia as súas fazulas en coxíns de corredores que renxen ao pasearse, voceando paseniño o verniz que xa non queren para desprotexer as licenzas da súa literatura. Cal querubín descendendo para a protesta da praza central, aquela que garda unha árbore no seu peto, detés os reloxos da iluminación, con garrotes de punta abecedario, e vilipendias os teus xeonllos por afanárense con ese premio de raspadura que prometiches, un prato de sal e ourego que entregue o seu blues á posta de sol, enmarañada entre dedos de varias plantas.

As tardes de 7, romance que evade o fado, presiden crepúsculos de acomodo en confíns afastados. As mañás de 7 episodios de razóns, para repartir propinas de calzado ou o letargo dunha visita entre igrexas vetustas e crucifixos por bandeira. Remador de aire que se osixena ao mediodía, visitarás museos de cariz cristián, persignando desexos de pasado caramelo.

Rúas limpas, resentimento de cunchas e buguinas que fosilizan a súa cultura; cereixas de uva con sabor verdoso, exposición do mango tenro e o plátano en estribeira; branco de augas de area, masaxista do pai que observa ao neno bambearse; vontade de sesta, labazada á tarde pola súa metade, gloria daquel produto que matou a súa lanuxe. Panjim tócase o embigo selando postais de parabéns, ao mesmo tempo que a vellez sangra doentes procesións de clic-clack de zapatilla aberta, ao mesmo tempo que ti revolves as túas mans cos teus petos en busca de historias de animais sans e feras anferozadas, inferozadas, desferozadas... inferozadas...

Sobre a causa do soño lúcido.

Xa marchei de Panjim. Gustoume pasear polas súas rúas tranquilas na hora da sesta; sen mendigos nin coleccións de lixo por todos lados. Amais, coñecín un personaxe moi importante do que nunca oíra falar: Abbé Faria, fillo dun portugués e unha india, e que deixou Goa por Lisboa cando os seus pais se separaron para retirarse á vida monacal. Participou na revolución francesa e alí, en París, interesouse polo hipnotismo, aínda que a igrexa o denunciou. Imaxina, chegou a ser tan famoso que o monxe tolo de *O conde de Montecristo* –lembras que me axudaches a lelo?– está inspirado nel. No centro da cidade hai unha estatua del, máis ben parece que quitándolle a alma a unha muller. Qué mágoa que o vira o último día, quizais aprendería máis sobre a súa vida. Ben, que agora estou entre templos, de volta á cultura hindú, ás rúas cheas de vacas e demais

inquisición de noutros tempos cristiáns debedores da súa ánima, evacuadores de consciencias, queimadores rompedores de fe, ruta lobeta de especias que alimenten o subconsciente, a malicia poderosa ou o rexio drogarse do ouro que rodea as famas.

No teu percorrido de enfiamentos, abandonado en desertos de fame e pés de loto, destilas o peso das lembranzas, facendo entón que as túas zancadas sexan máis longas e os respiros máis curtos. Enzoufas o azucre da froita con absorbente dilixencia de ollos de denuncia, estendes o pan por entre as bocas que gañaches e murchas o día, murcho de escenas de faroliño, con repouso.

Non hai mundo, só maia, ilusión.

Coma un mantra, en Kannada, vendedores recitan as súas oracións que ti mesmo podes elixir como che conveña sobre o

seu significado. Dende ese bastión, rodeado de espellos e pelos papados polos cristais, refúxiaste en mesas de recreo, de *chai* e doces que espilen os mistos que alumearon o día. Entre esas bolsas de rupias esmagadas con papel de arroz, repites os saltos do cabalo de xadrez para non caeres entre parellas de solitarios ou dobres de máis de sete. Non só iso, senón tamén os incendios sonoros da boca rexorden do seu punto de encontro e/o nacemento: cepíllanse os dentes de *betel* que xa non ten; amelíndranse os pezuños de fe, ás veces imposta por taxas de transacción; embázanse os lentes con sumidoiros eternos que nin son ríos, nin levan corrente, nin van ao mar; van a ningures.

Agora, perdido no tráfico da humanidade, sentirías os teus agarimos de cinco dedos sobre o teu pelo; recollerías as palabras en sinxelos avances de pisadas sobre grixo e, costas contra costas, escoitas o funcionamento dunha árbore que gardou cinzas de esperanza, as sobras dunha comida non eructada, entre os beizos da súa resina. Aínda custodian, os seus sentimentos de bailarín meditativo, os badalos que co toque do seu carrillón o invitan a asistir a oración: dó en paz de entes que sen xeonllos recostan a súa calma sobre corazóns de croios e pel de alfombra bicolor.

Poderías sentir o frío ou percibir masaxes nas acrobacias e aterraxes dun insecto, secando o teu cabelo coa cocción do panel solar de manxares. Si, serías quen de avellentarte coas pernas dobradas unha sobre a outra e as costas relaxadas en posición de espiña dorsal; non obstante, consideras outra estirada, outra regulación dos sentidos e escondes, como araña momificada no seu sebo e pertenzas de ensinanza libertaria.

Estreaches as túas noites con inauguracións de ollos que aínda non se podían nin abrir, inaugurando portais de pastel

moi doce e case bendicindo traseiros de vacas, esquecendo entre montañas de mesquitas, restrebas de *pujas* matutinas por acender e a túa sombra, levemente, no po macerado de Bijanur. Entre cúpulas de segredos e minaretos que te observan dende as súas posicións sombrías, decapitadas algunhas, albiscas razóns e horarios, xulgados como unha resolución tardía de fíos de paz e gomos de descanso. É pois que, os cruces do camiño, repletos de repeticións que xa non permiten fotografía, flanquean fel-pudos que han de servir de regadío para pasaren os teus pés: conduto de imaxes en procesión de fe.

Silente, destruindo o estrondo das vías férreas, atragoadas en nenos buscadores de billete ou *sadhús* esquecidos do seu báculo ou enxeñeiros ávidos de fermentos que dialoguen, ti aínda buscas esa nube que se pouse en cabos longos de estrutura octogonal, galerías rumoreantes que che falen mentres escoitas, accesos de madrugada –tumba de dós de escaleira, custo do frío dalgunha noite; ao punto que, proporcionarás as estocadas máis límpidas á cidade, citadel que fortifica muros e fosas, xardín de palacios, *darbar* de reis, fragmento de propósitos reincidentes en ruínas. Proporcións enterradas en toques, sen un adeus despides un grolo de Galgumbaz, un sorbo de Ibrahim Roza, unha libación de citadel e Jama Masjid, e rodas, rodas: Sevagram.

Alí onde parares, ese día, a fragancia a xasmín espirrará na túa cara, debuxando estrelas de madeira rota, prendendo sándalo para a calor. Descenderás dun tren ateigado de figuras de tambor, acovardado polas unións de vagóns e as cifras dos billetes, sorprenderás un mar de terra serea e paseantes semi-descalzos conducindo o seu ser, paquetes de guitarra minúscula gardando a súa roda de fiar, lentes condenados a un pasado

sempre presente. Verás o bastón e as enxivas dos piares, cinco, dun vello profeta amigo de *bapu*, Gandhiji, Mohatma, alma grande; baleirarás a cinza en recipientes de merenda e almorzo, escudelas de pétalo de flor ardente que resoarán no teu padal mentres a sede camiña por entre os teus vespertinos soños espartos; visitarás o incerto dun aire que se abana cos teus castigos, decorando coas súas fazulas fincadas no paso sen mutis dos rezos do sol saíndo e indo, para que así as follas lacrimóxenas dun toro con chanzos escapen de entre as súas espiñas, arrecifes de misericordia, illotes e arquipélagos de equilibrio.

Tremen campás outra vez, parabéns de exercicios, cando xa o sol parece arrolarse en caixas de correos e ora a lúa cartéase coa sede de inventos e creacións. Fanse triscar dedos que tosen, devoradores de bandullos musicais, cursos acelerados de pentagrama e alfombra cerimonial para a moral eterna que non se traduce: *shanti, shanti*.

Baixo ese clima de familias que se cosen, que alugan luz para asentos xocosos de pose en loto, serás ti quen decida os últimos compases do “Noso Pai” da noite, o exemplo dun ti-eu que se nutra de silencios e de liñas entre as liñas, pasteis amargos de dedo índice.

Establecerás alancadas entre os cronómetros, estudando copias totais e factibles, para terminar por comerciar coa luz solar os teus desexos

de coñecelo. No libriño que me mercaches di que a el tampouco lle gustaba estudar e fíxate no que acabou. Algo que xa me gusta menos e, a el tamén, é o feito de ter que casar aos 13 anos, unha idade moi apropiada para eses tempos. Ao final foi casar a Inglaterra e despois viviu en Sudáfrica, onde comezou a súa oposición á inxustiza a través do amor, e sen

ningunha arma. Axudou a negros e brancos, e aos indios alí emigrados, ata que volveu á India e logrou concentrar a miles de persoas pola súa causa: contra a ocupación británica, amais da abolición das castas e outras inxustizas, coma o pago de altas taxas aos colonizadores. Así, en constante batalla pacífica, chegou a Sevagram, que antes se chamaba Shegoan pero, como o nome se confundía co de outra aldea, cambiouno, porque perdía moita correspondencia. Aquí traballaba na roda de fiar, meditaba, reuníase con xentes importantes da política, respondía cartas... e aquí estivo, aínda que chegou un pouco tarde. De todos os xeitos, non podería chegar antes aínda que quixera, porque non nacera. Iso si, fascinoume o seu estilo de vida, as súas ideas –non vestía nada máis que unha especie de saba enleada ao corpo; pero o lugar queda tan afastado

do que puidestes presenciar en ritos de pavesa branca e ataúdes de verdade, que cuestiónanse as veces duns ollos opositando mel, o agarimo do sorriso nunha pel elixida para caer leprosa, a obxección de conciencia de masas fanáticas por un pedra de azucre...

Fillos dun mesmo deus, abanéanse entre os teus pés outras pernas que sequera poden falar, impedidas de fame ou perseguidas pola incerteza dun colapso de mafias que crecen as súas vaíñas con costuras doutros que antes foron nenos de cinco dedos, infantes de dous brazos, cadetes de alancada longa, homes que ensucian as súas bocas coas pragas que infectan as súas mans –tatuaxes do tempo que sempre ve a través de espellos segundo conveña. Con todo, ocúpanse tableiros de damas que son chans, ás de mosca que son nutriente; cabálgase en matrimonios de ventilación rotato-

ria e todo se invade con libérrimas mans –calcomanías entre os pasos que dás esquivando o plátano que xa mudou a súa carcasa.

Auga bendicida que cega os fillos dese ao que, por descoido e deshonra, se lles di e se lles argumenta cando nin aínda se sabe a acepción das figuras que manexa a frase; eles mesmos, os que proseguen auscultando os seus trancos febles entre marismas de caridade ou ogrosidade, parlamentos para aquel que aínda conserva larica.

Fóra e dentro doutra enferma fame, en busca dun verniz máis suave para o portador de calzados, envorcas os libros que che quedan –monte de ósos que se esfuman na ás veces conciencia– en corredores de dobre porta, ou dise daqueles corredores que se apuntan un ao outro en películas de *cowboy*. Nese lugar, escondedoiro de trastes que viaxan en escalas para compartir sesións de parede en reflexo de diapositivas, arrebo-larás nunha noite as luces dunha Nagpur que se limpa co trote de carriños a cabalo, as dunha Itarsi que aínda confunde os berros homónimos dunha familia en voz, co asubío dun tren que alonga os seus vapores a unha carruaxe, e o orballo vermello de Satna, sinal de autobús a Kahuraho, onde, como a vaca que enfeita os seus cornos en días de chuvia, embelecéronse secuestros e sexos en rocha e pedra.

Novamente, nun tren, confúndense pés e gorkas, cheiros con acios de pinga de auga, expulsión de tránsito doutros con-vois co venteo dun asento feito de algodón trezado, lecturas e escrituras, o soño e as ganas de soñar; porén, contra parentes-cos e oracións de igualdade, poucos hai que, coma ti, empuxen as rodas sobre os carrís, animen o seu bafo e o escriban nas latrinas virxes de pancartas.

Só no recinto das metáforas da vida, topas un neno que se agocha, coa súa bolsiña de plástico, quizais xa rillada polo caruncho do sol e os devires, para absorber a merda entre as súas mans, para limpar o seu estómago coa súa venda ou o estercoleiro dalgún terreo. Verás tamén bulir outros nesa caza coprofáxica para gañar o sustento a un porco desapiadado ou un búfalo ou un cuxo aínda mamón. Quebracabezas de animais, feros de ventre, sensibles sementais de corazón brando de cortello, ministros do fedor porque non hai causa nin razón.

Haberá máis sentenzas e recortes entre as achas do lixo: os nenos que foron vendidos a anacos, os que se amputaron a paternidade, os que emborracharon a sede de auga de outros, os que oufanaron as temperaturas das carreiras de ratas. Máis afortunados os que teceron e pensaron coiro, os asasinados do pulcro, os escravos da escudela cincuenta. É un proceso, unha orxía de nomes que se vomitan para saltar sobre os seus noxos, que se atopan nas xunturas dos vagóns do tren: liteiras de tres, liteiras de dúas, segunda clase, xeral.

O pus de todo, fóra desas xanelas que se enferruxan cos veos cobertores de miradas cara a fóra, en cómodos diváns que coiden das súas sortellas e adoren manequíns que presten os seus dedos nunca en aumento.

Paradoxo: choven flores. Cuberto de paredes rabuñadas polas cicatrices da serosidade, un loto acabado de nacer, abrocho en órbita ao seu lago de balsas de nenúfares, apouséntase cal folerpa de neve no seu deslizar cara a túa vista. Igual a un grumo, esquécese no chan coa túa mancha, crescendo, noutros, figuras para o home.

Toda chuvia apágase con tempestades de calma, postais de sol e, ás veces, coa presión carnívora dos insectos. Ti almor-

zas nesa ducha de poderes na que as cadeiras se acomodan ás barbas e as présas corren pola súa conta na cocción dun avivar libre cos anos. Entrementres, queimaranse os belfos cando se estean a apagar as aftas e os ollos se ergan sen tirizó, cando os ventres xeren máis fillos a quen ensinar o mesmo, cando as fontes de metal recollan todos os cubertos de cristal e se varran as formigas do azucre cun soprido sobre os farrapos que se amorean entre escudelas e catres, penicilina para a fame. Por iso enquisas: cal é a idade da bufarda de cachotería de arañeira, o que sinala admonitorio ao neno que comeza a crecer bigote de interrupcións de voz, que regaña ás súas respostas por non saber a súa idade ou raspa inocente a pintura da lección que ha de recibir por aínda non ser. O outro, irmán de labores e cómplice de sesta de descanso de voces graves, crece a súa xiba de bidón de auga cal boi sagrado con pata de aborto, musicando o día con cubertos que danzan ao deixalos cansar, sorrindo as súas mans, só elas e os seus pés cando chegue ese ocaso, que será de noite, sempre de noite.

Na madurez do erotismo, composicións eróticas vibran a súa sensibilidade e emoción ante ti, arquitectura fisionómica do culto ao sexo: Khajuraho. Proporcións fixas, non cadradas, xogos míticos de parellas, recesión do adorno benvido, as deidades recompénsanse co son da táboa pétrea e os xestos de aprendizaxe saloucante. Fálanche as fasquías das súas citas con animais, do seu descanso sobre un falo ou un outeiro fríxido, sobre os séculos que inverteron en riba de lousas manchadas de xiz branco e as súas axudas de lampadiña de aceite. Incluso as escaleiras aí, tórcense tenras ante as bocas que as profesan e nin protestan polo clamor do sol ou a ventura do día; son árbores de

sombra pincelada, voar en picado da bolboreta que nin engurra o nocello que a afrouxa.

Sequera atopes ese can que lambe as súas garras limadas ao fregar-se coa femia, balconada de pastos, pensa a noite antes. Daquela ocorre, un té en leite, un chai, derrama os seus pousos nun río de burlas para un *rick-saw* motorizado e condúcete prudente ao silvestre séquito de turbantes desbocados, á cúpula de cataventos que asubían asubíos de paxaros cegos, que contan lendas que foron dadas na luz da lúa

dos seus creadores. Un deus da lúa seduciu a filla dun sacerdote mentres se bañaba nunha lagoa. Entón tiveron un fillo, que se criou no campo porque a súa nai temía a censura da sociedade na que vivía. Cando o fillo foi o gobernador, a nai aparecéuselle en soños pedíndolle que construíse templos que revelasen as paixóns humanas e así amosar a realidade do baleiro do desexo humano. Bo resumo? Ben, copieino dun panfleto que me deron sobre os templos de Khajuraho, onde hai moitas figuras relacionadas co sexo. Oes, non vaías pensar, que tiven que traducilo, así que, como ves, a viaxe sempre é aproveitábel. Ben, que me gustou, interesante, como unha na que un can está cunha muller, que gracioso, e todo iso nunha sociedade tan puritana. Din que se construíron para ensinar a vida aos sacerdotes, non sei. Moita xente non vén, porque está algo afastado, o que está ben. Amais, aproveitei para revisar o libro de visitas no hotel onde estaba, por se acaso, pero non atopei nada, claro que o libro só leva dous anos de uso

que as crenzas xeográficas conectan cunha especulativa aprendizaxe e gloria de unións.

Os cinco ovos do Ganga

, que se deixan fóra de cocción, son representación dos cinco compoñentes que ten o ser humano: auga, terra, lume, aire e espírito –arderá ata o nirvana. Os cinco sumarán máis dependendo da pobreza monetaria do facedor de chispas, como verás neses corpos sen carne que arrodean algunha ladeira do río, ou esas amosegas negras que orlan o trasfego das candelas flotantes.

Así resumes un día que che falou de verdades neutras e códigos de comportamento, que explicou porqués na revisión dos billetes de tren, que almorzou cos seus brazos apoiados na túa cadeira de almorzo, e todo iso en silencio, calando corredores de errantes almas romeiras que morren cando o río o ordene, bañeira crematoria afortunada polos seus crepúsculos diarios.

No mesmo, ves os dormitorios de cánticos que se estreitan nas quenllas, cubrindo de bambú e orballo de trapo de hálito das vacas sagradas. Entón, a morte encárnase nun agromo espiritual que estrulla os riscos invisibles da alma, un sortilexio concibido da nada, roda fortuna alterada por un encarceramento de xaquecas que apenas dura o latexo da corda do sitar golpeando música. Aínda tanxen, cando cae a noite, as bocas os seus badalos aplaudindo os seus beizos e bagoando, peregrinos, os seus ombros –traza dun amarelo que acada o mar. Aínda rexen os hisopos os cálices en ventura nocturna, enloitecen as rúas o seu adagio diúrno, mastúrbase o río exhalando os oms que envelenen os gases flatulentos da vida, perecen as barafundas en trampolíns de pedra e escalinata, ata as flores guarécense entre pétalos de caléndula e insultos de anovo de loto.

Nunca durmido, o Ganga esquivava as cordas vocais dos seus veciños, facendo saír deles boquexos sagrados e masaxes ri-lóns para o penitente de nirvanas. Igualmente, as hospedaxes

do son rancoroso baleirarán as froitas de tempada, para berrir ao unísono pola liberación das campañas de prohibición; así serpeará a frauta entre os teus dedos, sangrando almofadas e vocábulos imperfectos, mais intacta a presenza inerme da harmonía.

Horas máis tarde, cando os tellados deixaran o seu sitio a terrazas glabras onde só ás veces se pouxa o aire poluto dos peidos do Ganga, cabelo de Shiva, completas os encrucillados, sobrantes cadrados de edificios de adobe de manicuras, que se serven en enlaces de cúpulas piramidais escondidas no antigo da cidade.

As nanas da néboa refrescan a sesta de pandeireta que bailan cadáveres en proskenios remotos. Máis preto, ti, sospeitas os seus fumes nos espellos de moedas de cobre, mendigando pés vermellos e albornoce que preñen os pratiños da hora do té. Caen, á vez, panos de mesa de papel, á conta das comidas seguras de teren servido para tapar ollais nas horas máis quentes do día.

Unha man volve quedar deserta tralo sorbo de auga que deixa ao descuberto a súa etiqueta. Sopran cartas equipadas de momentos de compañía, disípanse os encontros nocturnos no rumiar da cea, o almorzo quente da frauta por cuberto; volve unha man a quedar deserta...

Ás seis échense as casas de terrazas, os monos abánanse en repudios rebuldeiros, os nenos corrican entre edificios, as táboas-tambores dan a benvinda ao reloxo, o río alégrase en chamuscas de misto, abátense os xogos; móvese un rabo sen a súa vaca, bébense máis gases, fúmanse as luces, escóndense as mans, ládranse batidos de froita con leite –o xeo águase–, ízanse bandeiras de óso, pedra mortifica pedra.

Sacrificarás os ollos por trofeos de aroma a sándalo,
recostando as posturas e os asubíos nos velenos
que fai en toda a cidade. Está chea de cagadas, de saddhus
vestidos de laranxa, e con barbas e melenas brancas, xente
paseando, imposible moverse porque incluso caben motos
nestas rúas tan estreitas. É sorprendente pasear e atoparte, de
súpeto, con xente cargando cadáveres, envoltos dunha especie
de saba laranxa, e dar un paseo en barca polo río e que se
apareza en calquera momento algún esqueleto que
ata, a veces, cren que choran as pedras, fervenzas de
medo en luz de poñente como o saúdo dunha copa sen cristal
que no chan se ri dos favores feitos por partituras de pedras
pequenas, co olor do incenso e as feces masturbándose
en penicos saborosos en apetito para almas que tamén se
esquecen

do tempo que levan aquí e chegan a pasar meses. Moitos
pasan aquí os seis meses en India, aprendendo a tocar algún
instrumento ou practicar ioga, ou estudan sánscrito ou hindi.
Non creo que dure tanto, aínda que o cheiro a polo non sexa
moi desagradable, pero vai tanta calor que supoño que o
mellor será que marche pronto cara ao norte. Dixéronme que
hai boas camiñadas nas montañas, algunhas das máis grandes
do mundo e non vai a calor de aquí. De todos os xeitos,
quero pasar antes por Calcuta, que supoño que será un aire
a Bombai, grande, contaminada, con moitos pobres, pero de
visita obrigada. Para min, supoño que para ela tamén
sería un tanto nas terrazas da noite, un xogo olímpico que
se deixou esvaecer en conferencias de tarde escurecendo un
cheiro a aventuras nas sensacións da noite, corredor de estrelas
con luz verde.

Límpanse os ollos coas súas lagañas mentres o son dos teus corpos refrégase pola calor, funesto invento do novo século, que te acompaña infatigable polo rezo dourado do hindú que intenta persignarse ou o musulmán que se persigna fronte á porta de casa. Outra parada: o reloxo de area que recobre os libros de refrixerio, os bípedes de roda chistosa, o chanzo que cospe lume, o sangue dun cueiro empregado como almofada. Nese *stop*, ti, entre o momento de saltar e solar a auga o seu fervor, abrollando inconsciente de postais de vida.

No ínterin, vendiches un chamado por unha chaqueta de seda engurrada, alugando a un prezo moi baixo os desgustos de media noite, o riso das ceas ou a censura de cines, disipando o compás dun menú sempre á túa elección, unha xuntanza de meses que camiñaron sen bastón, apoiándose nas alturas dunha placa tectónica.

Entre argumentos pasea a guitarra os seus pantalóns de media corda con peiteado de campá, mergúllase o ánimo do corazón dun froito na espulla plausible do Ganga inqueda. Esa amizade que se perde en rúas de turbante vermello, nube de fume sobre as prendas, argumenta con disensión as pisadas das sandalias, o clamor do lume que che berra, a ti tamén.

As seguintes horas, programa pre-gravado dun vaso de batido doce e verde, preocúpanse por manter hixiénicos os soños, buscar bandas sonoras entre os fragmentos dos cacharros e vagabundear entre as rodas do noso corpo –glándulas flotantes febles por alguén.

O privilexio é o ferrollo, a mira que se escondeu tralas portas do cuarto de baño, inocente e inxenua que parece aínda non saber das miradas avesas do privilexio e do facedor de contos –ese que xa puxo ceros ás engurras das manchas de papel.

Vanse, como cigotos lixeiros por nada, márchanse. Fornican co espazo, ás veces embarázano de momentos, pero sempre acaban indo. Case sempre sen despedírense, a non ser que ti ofendas a súa estancia con preguntas a terceiros, para asegurarte das súas palabras e da sintonía a escoller. Non obstante, a pesar de que tamén estas fixeran o seu paquete de viaxes cos lazos da túa conciencia, ordenaron presentes ás tendas máis caras de obxectos de mente e deixaron, á porta do teu aposento, no felpudo, alá onde sacodes aquilo a esquecer cada vez que saes, un cofre que abriches con pausas, devorando con timidez cada hálito de enerxía, instantaneando os últimos rezos da luz artificial.

Outros regresan ou quizais sexan os mesmos que aínda non desertaron do pincel que serve de peite ou das tesoiras para cociñar, ambos sermóns de navalla barbeando os ácaros dun cigarro lanzado en escaleiras, fío con curvas xa ouriñadas. Nese feixe de humidade, desenvolto en voces de tela en desuso, epidermes da alma que venera as viaxes de crequenas dos seus farrapos de posta de sol, colocas con metal o renxer das cancelas que se abren plausibles e galantes aos ollais dobregados, cal de acordos de pedal cosido a un maimiño solitario no vagón das mulleres, desuso en uso polo mordaz dos asentos que aínda buscan sono no serán, ese que esperta cedo para cepillar os seus, mastigando con pólas de regalicia aínda verde e insípida.

Así aparece un xogo de insignias suxeitas ao cordón dun barco que se rema só, empuxado polo papel de aluminio que queima o alento de axilas. Os tambores chaman a arroz e salsa de chile, despoxando as súas vestiduras de cabelo hirsuto entre as cabichas dos pés que corren descalzos. Pero, entón, unha

bágoa de suor percorre o teu peito, debuxando unha boca xa con lomba e sede dunha batahola de coco, acostumada a xenuflexións de pescozo, as que embalsaman o resto do corpo coa pureza dunha rachadura de navalla secular. Para entón xa correu a voz de desbastar oprobios de emblemas e liberar as lidas dos remos, tal cal poderemos volver operar cos ollos abertos, sen sal nas cicatrices.

Búscanse mendigos, necesítanse. Hai anuncios nas rúas, que non ves, promocionando cirurxías alopécicas para o corpo. Guíante sinais a un sendeiro de curvas e mutilacións, prospectos para sobrevivir en facinamentos de tocos e fochas de ollos. Emporiso, a pesar de estar ocultas entre as borras dos téis máis cargados, escapan a ti os comerciais que lanzan *bhramines* con dedos de serpe, sostendo hisopos confesionarios que obrigan a estender as mans e lavar os pecados dos sen o. Nese sentido, neste labirinto de arbustos que comen as súas raíces, fotografías a diferenza nun Ganga que aínda non te deixa: Os ricos lavan os seus pecados nos brazos-amputacións dos pobres, mentres os pobres fregan os sonhos nas ribeiras das augas.

De regreso de suposicións, viches un home chorar no destino que levaba o rebulir minúsculo, con lazada de pedra, que nimbaba entre sorrisos de vacas, adestradas para ser felices, e cornos doutras, adaptados para camiños angostos, podres por si mesmos. Alí reflexionas segundos, debuxando linguas bífidas con punto de interrogación, falsificando un dano de lixivia no abdome con tal de sorprender ao día con camaraderías de lente de contacto navegable en papiros de papel maché.

Alguén pisou un paxaro que aínda servía, tordo polas gretas dun bovino volto de costas, ignorante dun vidro que horas despois ha de facer os ademáns sonoros dunha buguina. Con

tal motivo decides ver o prisma dun cristal e negar con cabeceo que exhalen moscas. Dalgunha maneira, mentres se arrefría un grollo de té, les as curvas dun que aperta un impar, o mastigar dunha tinguidura de cazarolas algunha vez usadas para queimar poliños, o trago dun boxeador con unllas de escavador da gorida da miñoca, o non da sombra, a vinganza dun coitelo pro-oxidante (espello de ollos travesos), os movementos de araña adurmiñada convertida en altofalante (visión de pratos de banana que tamén se intentaron inmolar), presentes envoltos sen agasallo, estropallos para a calor, vestiduras resgadas para o pé, un foco empicado abraiando 2547 anos e ata aí. Chegada a icona, suposto máis que imposto, retornas os contos do camiño de migas de pan e cambias de aniversario: Buda está de celebración en Sarnath.

Enredado en labazadas ignífugas –unha man pode lerse en diversos alfabetos– candeas as pernas a estupas e templos budistas, mosteiros e árbores emancipados dos coloniais pigmentos asimiladores. Castigados contra a parede: os beizos carmín dun grupo de turbantes, o céspede humillado a medida que se achega a hora, esquíos con votos de reiseñor, procesión de grilandas para que salten á corda as enerxías, pexegos en vapor circundando os beliscos da tarde, narices romos sen posición delentes, incluso os pecados capitais –tamén tardos á cita.

Nunca faltan, mencionados cun convenio de horas e idade para xogar, que se aproximan como o talco nas mans tentativas, o pan e o viño con ganas, aos augurios nocturnos dunha data que non acaba de saciar a súa fame. Abatidos nas súas cadeiras de alento, camiñando somnábulo sobre escabeles de suspiro clónico, son fe de erratas de outros ollos que aínda non ven a miseria dunha propina na escudela dos faltos de frugalidade.

De volta desas bagatelas, o neno que dorme servizos, facendo malabares, achégase prudente ás rúas que aínda dan conversación, aínda que ofrecen máis cuestións que respostas: idade, nome completo, membros na familia, aloxamento, aceptación de miradas de pálpebra, meixelas hixiénicas ou outros apartados esquinados en bálsamos de pudor.

Atopas dentro o amplo do estreitado fóra, lendo nas gretas dos libros, nas engurras dos monumentos ou nas dobreces das persoas. A cara ten un espazo limitado: se o ocupas cun gran sorriso non haberá espazo suficiente para as bágoas. O ilimitado está dentro, en cálices de aortas e cámaras aurículas, nas sotat que vixían a circulación do tempo: segredo de supervivencia a punto de finalizar o sopeso na balanza.

Deixados para cubrir o espazo, como un equinoccio floral, búscanse deidades que adorar ou, cando menos, unha Saraswati que titule revistas e inspire ao coñecemento a teclear palabras sobre o óxido das máquinas de escribir. Sen consecuencias, a luz vermella do mediodía transloce en azul e os chanzos perden centímetros nas zancadas dos descansos; aínda que xa sexa o lugar que serviu de graffiti aos teus dedos sen afiar, nese mesmo radio de inhalacións dise que un neno é o pai dun adulto, deixando minutos de valor e reflexión para respostas e posibles correccións –afeitando a palma da man coa lingua, devorando frituras de millo e anos de fartura de estantes baleiros e tumbas de sal.

Ram Naam Satea Hai!

Ram Naam Satea Hai!

Bendices a boca con azucre nos pórticos da luz –a veces de tebras–, formando parellas cos xogos de rúa, que mesmo serve de mesa que de catre. Interrompes os movementos coas

mantas que soas galopan no acocho das mentes, responsables da destrución das novelas que sufriron a súa decapitación e amputación, ou aínda poucos puntos cosidos nas súas cicatrices.

Raam Naam Satea Hai!

Raam Naam Satea Hai!

Repítese o coro cos donos dos seus corpos aínda arrastrando un pouco de ser, o xampú sen espuma que serviu de homenaxe. Custodia deles, o poder oculto baixo sombreiros de cor café e os ouveos das voces faltas de oído.

Máis te vas, máis te achegas, contando cascudas como un reloxo de parede que move os seus punteiros en suspiros fumeantes, con soños irrealis e unha carraca que aínda conmove as pisadas de formigas con calleiro de ameixa. É desta guisa, adoptado por ofertas de familia de dezaseis membros, mas arrolado por un control que observa os billetes de tren volátiles en pratos de orificio en intermedio, que soñas un caravel ferindo un pé, unha flor que pouco despois devén en cores de pétalo raso. Ese sangrante abrocho a medio abrir, corola sen descanso nos pensamentos dos seus ombros, tamén un día tivo unha noite en que se viu sentado en lagos de nenúfares –góndolas resistentes aos avatares da envexa–, reconeceuse nos espellos dos ollos e miradas alleas, auscúltase no latexo dun amigo e só chorou unha vez máis, seis bágoas de catro centímetros cada unha, a penúltima ocasión para un diario esfolgado pola inercia dos xogos de mesa, aqueles que cada quincena de setembro servían de pousavosas a promesas de encontros e fidelidade ás glándulas salivares soportando azucre, xuramentos de libros do tamaño do primeiro estante dun centro comercial –o que roubou abrigos de pel ás noites de Nadal e trucos e pistas para lanzar os dados contra os taboleiros da noite–, brinde chistoso

para durmir ao ilustre cantor que un día non soubo morrer no «visite nuestro bar» dunha fila de cine con flocos de millo sen graxa. Alí deixouse saloucar, bailando como un sol que se move no chan, abanicado polas follas que dan sombra, enxugou os números impares dos seus saloucos, cun retorno de xerros adheridos á lembranza e mantas cruzadas para non cortar os xeonllos, os vosos xeonllos.

Doazón de letras ou intercambio de secuencias das randedeiras dunha árbore, lembrás esferas mentres desexas unha mármore gris con orellas de oso panda e un xeado de xeo con cor de fresa. Dás a volta a eses pedais que conducían en vermello, arbitrio dun garda de seguridade que conversaba das familias de avoas cadelas e cans con rol de neno ou bandullos embarzados de piscina de nata montada. Inevitablemente, a árbore que aínda non che deixa frustrar a túa soidade e inspírate no nada, na nada, gurgulla contos de mesa de braseiro, como esculpindo galletas para mollar en vasos de leite frío.

Cabalgan os froitos do *baneam tree*, batendo cos seus mísiles as frases faltas de comas, subliñando liñas, reducindo o tamaño das letras, riscando sermóns, debuxando tendas de campaña coas sobras dun alfabeto doméstico. Aí fáliche alguén ao oído: os días e os seus sicarios, domesticando arrecifes sen tinguidura de cal, desatando ou atando a convivencia dos seus nós nas súas gorxas, obedecendo ordes dun destino que aínda non cre o da súa maioría de idade.

Esa película que tose, gargarexando para escoller zurcidos de calcetín a media, recoméndache ensaios e algún palmista que cobre por encaixar as súas liñas coas das túas lecturas, compartindo a cirurxía dunha bolsa de pipas de xirasol e dúas piruletas, como colofón de reminiscencias.

A túa conduta, afeitada polos gumes da distancia, sangra sentenzas e cláusulas de dous meses, cun núcleo que repite un eco arbóreo. A el únense pólas de pano branco, sensible a narices que rin a voz aguda ou o festexo das luces tremelucindo cando achinas os ollos. É un cerebro, coas súas partes visibles e un mundo descoñecido tecido nos albores do máis alá, aquí presente. Igual ca ti, un acordeón que aínda se podería asustar unha corda e un soprido, unha ventosa que atrapase os minutos e succionase agarimos para beliscalos cun lanzamento de canica que alugue ao mundo un pouco de sensatez.

Apláudese o día a si mesmo, quizais porque a cor dos seus pómulos cambiara, mudando *lichees* zumarentos cunha pebida de esquecemento en cada centro. Podería ser que os motivos sexan as cuncas da miseria que seica hoxe abandonou a humanidade. Pórtico esquivo, insufla esquivos simulando chuvia, misal que ti aproveitas para rifar coas palabras de máis de tres sílabas, como as agochadas no cofre que carretaba na súa cabeza de nena menor dun grupo de criadas anunciadoras do seu pasar.

O último cepillado, o desta semana que proscribe, un bo balance, albiscou trens que, co seu pouso, resumen un castigo. Coincides deste xeito os ollais cos seus botóns, unha última restreba de cremalleiras, máis fiaños turbulentos que proclaman asasina a estación de trens. É ela un punto e final, desequilibrio de emocións nun tarabelo amputado, a cinza en bolsa de leite arrebolada de xeito tentativo contra a cordura da ira de estómagos de feltro.

Aos seus pés, faise verdade a condena. Un anciño sen tridente cambaléase ao son dos pés que o manexan, esgotados das crequenhas encrechados con xemelgas extremidades en gaiolas

de xute. A un costado cócese o *paan*, amasado con mans sensiblemente flaxelantes, espallando as convexidades dos vosos embigos –receitados por ancestrais xeracións baixo os máis diversos ritos, poboadas pola fala e a escritura amalgamada en orgasmos.

Crécenlle lagañas á fame de tanto apoiarse nos seus cóbados e ti, que o ves, con ollos que crecen patas de galo e pés somnolentos, ignoras latrinas e escabeles, pingando limóns contra a calor.

Os estribores márcanse, sen posibles estudos de anatomía que, por insuficiente que sexa, se apiaden deles. A mellor destino, ou simplemente a ese, foron parar tubérculos de día con pan –aquí mango ou sandía; quizais a ceba de porcos escrutadores de farrapos de miseria pendurando en pinzas de dedos maimiño. Evitas facer cadrados coas túas mans, por non ferir e por non cansar ás respostas, que poderás empregar para tempos peores nos que escaseará a man de obra e a bulla da imprenta.

Riseiro antes, son agora os teus riles os que debuxan os espazos para que fales. Nas pautas, nos reberetes e espirais, entre os os dos números, progresan ancestrais, figuras de museo de pintaunllas, bigotes escuálidos movendo *rick-shaws* manuais que encarceran o home entre arames lambóns e descalzan as calzadas de sobras que varreron outros. Encalvan peóns cos seus axóuxeres-castañolas, rogando retrocesos de mágoa, esmeraldas e rubís para o bolso, un anuncio aceptado aínda que aturen miradas con flash e a zarrapicada do menosprezo deses que non se visten de crequenás.

Cando as tulipas xa alumean os seus apouentos, os vestidos de anicados próstranse sen xenuflexión ao que ao tempo lle dea a gana de entregar; porén, non é mentira que nos seus

silencios oculten rogos que non sexan capaces de mutilar as súas ablucións de pracer.

Subxúganse as comparacións, non só polos timbres de «a durmir», senón tamén polas antucas que tremen ante o sol da mañá e as mesmas que nervean cando xa escurece e soa menos confusa a cobra de cinco colas que se arrastra de entre as vogais das frautas. Engádense conversacións, propostas, entrevistas, a busca de emisoras que emitan sermóns non moi longos; decóranse os mobles con acuarelas de todo un día, fosforécense os nomes de lugares, exclámase un descanso.

Tamén bocexan as alforxas, algunhas, todas as mañás. Desprézanse co tic-tac dos estetoscopios de libros de ruta

a Darjeeling, si, o sitio dos téis. Creo que xa non podoo aguantar esta calor, demasiado agonizante e... si a mamá non lle gustaba o verán moito e encantáballe o té, é posible que decidira quedar a vivir alí todos estes anos. De ser así será fácil atopala, porque a aldea é pequena e imaxino que todo o mundo a coñecerá ou saberá dela se algunha vez estivo alá e durante moito tempo. O caso é que marchoo de Calcuta, que ata montado nun *rickshaw* dos que conducen os homes a pé, din que o único lugar no mundo onde aínda hai, súa a cachóns. Tampouco ten moito de especial, así que co billete xa comprado, a decisión está tomada, a ver se son quen de ver algún deses picos máis grandes do mundo e, por suposto, tomar o té

que crece entre as nubes finas, como de regalicia mastigada, nas que te bambeas, nas situadas sobre a terraza do hostel, para faceres un percorrido rápido polos vales de area verde, de escumante familiaridade, de obsesiva coloración, de colexios con lousa redentora, de pans e biscoitos, de pastos libres de

imposto para o discurso, de monicreques con textura de manta, de balaústres tentando un voo sen data de aterrxaxe.

Poderá a deusa fortuna pechar os símbolos de interrogación, prever os sinónimos que á auga se aparezan, devir en arañeiras os puntos finais, dotar de ollos ás montañas e pechándoos chiscar os seus cumios, paralizar o axitar dos instantes que visten sombreiro, engalanar de soleira as turbulencias, mudar as ás murchas dunha bolboreta na pluma dun poeta, utilizar as súas cores para fabricar os monóculos do vate ancián? –xa é noite cando as couzas traen nos seus bateres as pregarías.

Comes contos de nenez e dormes en saba de adolescente, soprando castelos aos que non lles doe a cabeza e mulleres de fronte moi ancha, tan ancha que che permita obviar canastros de quilos de folla de té verde, alimento de escolas de nenos con gravata, que non roldan os corenta e negativos de fotos amestradas en colosos de páxinas con nomes de cidade antiga ou poboación pesqueira.

Antes do aproveitamento, váleste dos ronquidos da última lámpada de parede para achar as sombras de todos os insectos que poidan portar veneno, amosándolles cicatrices de cóbado, meixela e fronte, para que te crean e infelices fuxan da túa presenza, que escurezán a mácula da túa roupa e renoven os seus tons con outro brío de arco da vella buscando un sol.

O té, sabor vainilla, soubo ler o menú de sobremesa, tomando asento no tallo de libros con viñetas de a, b, c. Filosofou sobre algo máis que esencia e insistencia de sal nas comidas; agora dixírello, ese batido que observas como tritura cebolas con mans riseiras e cadeiras de mandilón azul, a voz soprano da banda sonora velada. Nacida emigrante entre os ollos da razón e o amor, entre os pés do terreo e o aire, evasiva entre os

ventos das bandeiras pregoeiras, ermitá de meditacións, nai e filla. Prendeu un fogón con esperanzas de brazo de ministro, consellos de corazón millonario e carrelos de colchón ou butacón, bitácora do sol nacente.

Un morteiro de madeira, cheirando a fogar, na lacena que son fiestras onde a auga fai tap-top, abriga as súas mans, esas que tocarán os teus ollos mentres sinale o subliñado que o comezo do monzón deixou sobre as rúas, boletíns de escopetas de salva –a folla de allo aínda mente, violínoas descalzos, sen armas (toca outra vez!): Sen interrupción, con flaxelos de bongo, tamén as cortinas puxeron as súas galas para recibir o diálogo.

Entre os duelos da conversa: cabras de corno azul que non chegan ás alturas. Só costas verdes, plantacións sen barbear os seus lampos terreos faciais, vermello sangue nos calados coiros e cinta de sandalia e algún libro pequeno, delator de estudos de ollo riscado. A parteira: un sherpa das alturas que non ten profesión, que confesou ter advertido e feito de coartada a súa infancia para crecer un pedigree familiar. Regados tamén, pero de viaxes e marcas para saudar un posto, lecturas sobre a mar.

Coas fotos, ecos do silencio, rodeado polo afastamento de alfombras de nube branca, transitas os penúltimos cansazos nos cuartos de moqueta, horas antes da ecuación subversiva do son –igual que unha froita de cor laranxa bebendo cervexa.

Así, de súpeto, crecéronlle puntos suspensivos aos teus días, atoldáronse as forestas de barrigas con *lechee* atropelando impacientes camiñiños con falta de premio e moitos restos de mango e sorriso de pendente dourado, cor de ouro, saboreando cocción. Aí o seu pelo vístese de lembranzas, renxe cos seus pasos miudiños, deléitase coa sede do sal. Os brazos, porén, son os únicos que apoian os cóbados sobre a mesa e exclaman, axi-

tados, perigos, sentenzas, desculpas, peroradas de circo, bágoas de precoz pasado ou nostalxia do brillo dun garfo sen dentes.

Todo é un mutis, pouco despois, co tremor do espertar: a axilidade das tormentas, o deserto de ideas. E o sal, debuxada na mesa, exasperada, perdida do seu menú, desorientada, sérveche para escribir nomes de neve. Os alcumes, nos seus beléns de cristal, coliden cos rabuñazos da túa casa, cheirando a misto de madeira, milímetros máis pequenos que aquel crucifixo, non máis feito que madeiros.

Inclusive nas liñas das túas mans escrito está: un embarazo sen comedia, perdiz das delicias dun Nadal, mándache saúdos e lembranzas de postal ácida. Fúndese o queixo, derrétese sobre os seus libros de ola e adeus, confundes as súas sementes coas faragullas dun océano de palabras –sintaxe para o pobre carente de alopecia, facedor de refrixerios– e revertes a resposta en bromas ao alcance de poemas do 50, fortes, gordos, oblicuos, lacerillos, mantiñas, bufandas

luvas, calcetíns... Non sei, todo o que podes imaxinar e con moitísimo colorido e, aínda que sexa verán, moita roupa de abrigo. A rúa principal está ateigada de tendas con bandeiras tibetanas, cheas de oracións, e cada peza dunha cor. Pódese pasear tranquilamente, o tempo acompaña, claro, e de alí ao centro antigo, onde están os templos. Unha praza moi grande con varios templos e algún que outro *saddhu*, descansando á sombra e impedindo que lle saquen fotos, porque pon un tridente diante da súa cara, polo menos iso foi o que me pasou a min onte. Nesa praza, Durbar, vin algo moi curioso, ben, que xa se está a facer tan habitual: o das curiosidades que case deixan de selo. O caso é que hai un templo, algo de Kumari ten, no que vive unha deusa. Si, ao

principio nin entendía nin cría o que lía, pero é así. Hai unha nena vivindo dentro, chámase Kumari Devi. Está seleccionada entre nenas de catro e púberes, e con certas características físicas, como a cor dos ollos ou a forma dos dentes, e incluso a súa voz e horóscopo, e pertenza a unha casta determinada. Cando as preseleccionan, métenas nun cuarto e asústanas con máscaras de diaños e meigas, e a que non se asusta

proclama a súa encarnación como Durga, colección de Kumari, decorado dun dote que non achará nin matrimonio que non sexan celas palacianas ou barrotes de arroz e lentella. Ela, xa sangrante, destronará o seu principado, a súa conquista renacentista para non deixar de ser máis que outra sensible cabeza arrebolando xute, pés de orificio carreteiro ou cociña de leña con lume de corazón.

Para o tempo no que as unllas teñan crecido o seu fervor, os supostos outorgados reinados, en balanceo dalgunha clase de amor, cronometrarán fotos e *souvenirs* en atléticos estoxos de cremalleira filantrópica, boca de voz peluda con son de motor e acústica de bucina. Será unha bolsa a moeda de troco entre plantas que dormen ou xogan a ser acariñadas, baixo signos de timidez e esas outras que, vaidosas, saúdan os teus camiños cada 60 ou 70 tropezóns. Non obstante e, a pesar das advertencias dos seus petiscos, a suor ceará ditas alegorías, penaltis de fatiga, erección dos itinerarios nocturnos ou os abusos de nocturnidade, aínda que sexa a mal chamada alborada, aniquilante de luz de poetas, mais aínda presente en airexas e as últimas pingas de ferruxe das pátinas da túa vellez, xeriatria de metáforas.

As mans, apoderadas dos negativos dunha tarde silandeira, un crepúsculo que súa o seu bochorno, arrólanse en rancios

bambaneos, provintes do picante dun prebe ou dos arumes de seriedade dun pano de mesa, confundindo o final con licores fervidos e trasnos que se alcoholizan coas etiquetas dunha botella de *djin*. Como nun debuxo de sombras, puntillista nos seus tons, o fondo é un abanico de xornais que sopran arela e derrota; as respostas horizontais a un labirinto incerto de aforcados e encrucillados que o goberno se negou a oulear, o percorrido que dous ollos non ven.

Expropiado de sal, ouriños curdos que indixesten as molestias e as enfermeiras curadoras de dedos por amputar, hipotecas os últimos tarecos comestibles para ofrecelos a un bautizo de boas noites e doces soños, temperando a hidratación co tectónico do abeiro do día por vir, un soño con unllas máis longas cás prometidas nun mes de ocio, rachadela do botón de apertura dun mango. Con iso, achando a conxuntivite que fixo da palabra unha servil escrava da dor, dos submisos lácteos en nocturnidade, prometes protexer co teu sangue a salvia da oración, soprando sobre as candeas, despois de fluíren mechas entre o teu índice e polgar, con tal de que efluvios de lascas abastezan os oídos que dormen a carón de ti, e che contén, unha vez máis, as fantasías aladas dun neno con unicornios, doutro con 101 amigos, doutro, doutro...

Outro relento, auspiciado por diarreas astrais, aterra en chifres de cuco e espirais de martiño peixeiro, rumbos dos lóstregos con mensaxes de idolatrías de tinta da China ou o limón ao lume, tinguiduras da tinta rápida elucubrando fraccións. É dese xeito que, resolto o enigma do amuleto –«por que hai sempre elefantes nas nubes?»– resólvense os dividendos e o negativo no consolo do apertado dos camiños, nutriente de agarimos.

A maior parte... A vida e a morte dependen da lingua... A selva... Sincera a súa transliteración, cóncava-convexa fenomenía educacional do salvaxe, case sempre, ordinariamente vestido de frac ou traxe de abelorios, bebendo champaña en zapatíños vermellos e de agulla ou en zapatos de charón e reberete prateado, proclámase a si mesma illa de arquipélagos e arrecifes, península –dise do anaco de terra rodeado por mar excepto un lado– de cumios, borrascas nevadas, quilómetros de ascensión, curvas en lazaretos interminables que non pasa fame pero si frío, péndulo triste con aroma, esencia de chuvia no asfalto, como o cagote que xa non é ra trala pisada do elefante, monarca con coroa amortuxada –carrizosa nas cadeiras, triunfal nos picos e puntas, prata pura, fume sinistro, osíxeno das bandeiras dos teus países, dameiro sen fichas–, tiña no seu estado puro de reflexión, máscara de xiringas operadas de ricto flexible, o diamante do ocaso cando no seu xélido inverno se viste de cosaco, alcume do enxeñeiro que creou os días coas súas datas, cemiterio, tamén, mais necrópole de almofadas e abeiros dalgún día sen ticket de entrada.

Falsificas, con tal de obter visados, os xogos retóricos, montando nas seccións negras de formigas xigantes, paxinando as súas patas para comparar a diferenza coa pegada da elefanta –xestadora de 22 meses de bebés de sete anos. Tampouco é a flor ou o estoupido de selos o que adxectiva os teus motivos, para aclarar esa estampiña que un teléfono che entregou: pisa forte, morde bananas, toca a trompa dun elefante, lembra que pisar merda trae boa sorte...

E zapateas, avanzando, como no trampolín, os prismáticos –con redución, por favor–, aínda que o crocodilo non teña escamas e ao picapeixe se lle escape o chiste da burbulla, non

importa, serán igual de flatulentas as escaramuzas. Segues pisando, rañicas cos arreguizos da pel dun rinoceronte, oleiro de pompas, xemelgo dos lagos que eructan ollos, depilando as enxivas coa fortuna, zigzagueando en horizontes menos afastados, cada vez menos afastados.

Por iso se achega; porque o chamas, pois a montaña, igualmente, ás veces, acovárdase e cepilla a súa faciana en espellos cheos de carie. Ademais, apostos, moitos deses espellos: alumean circos de fluorescencia, vagalumes caducando cada dous segundos, vías lácteas e estrelas de Nadal sobre un pórtico onde hai cabida para un felpudo de diminutas estrías-lar da herba de cocuio, a subxugada da noite, da paciencia e a túa conciencia, do telescopio, do ollo que non ve.

(Saleem Sinai declarouse culpable de asinato, por soñar a morte dun compañeiro, o primeiro; por descubrir a infidelidade dunha esposa, o segundo. Ti, aínda sen datos nin probas, con coartada, pero sen nada que se fixese, incúlpaste, sinálaste aos ollos dun abandono porque camuflas o peso dunha cantimplora –que tanto limón che deu de beber cando pequeno! En realidade, a túa pretensión é un troco de enerxías, alixeiras toallas para acelerar as duchas, os narcóticos da mañá, almorzando un baño morno de *pan-cake* e torrada sen saliva de manteiga).

As rodas desbocan, máis que cuadrúpedes, con máis ás que un mito, destino frío: a vella canción dun vate, lirismo rimado, consoante, nas pedras en reixa; estrofas de varios metros; hipérbole o aire, o ceo; sonetos encadeados polo seu bruído de iack e pole de durmideira.

No freado, un libro infantil titula a sarabia que penetra nas alcobas. Ben ciscada sobre os seus condimentos, as perfebas cálvanse de emoción, defuntas dun lago de corrente bicicleta.

Entrelazando pés e mans, morea dun transitar que sintoniza solos, permites silencios que bocexen, en alta voz, nubes de cor celeste e montañas amarelas.

Sobre preposicións de catro patas, plaxios dunha árbore que dá froitos coa caída da folla en outono, albiskas o lago, os montes, o ceo, un batido orográfico de cores que parecen mentir ao tempo, embustes dunha guerra para as paletas do pintor novato ou tinta indeleble do escribán ambidextro. Contigo, á túa beira, os cascos do ozono expulsan gases, depositando as súas cabichas no alfa e omega da vila de Pokara, letreiro de galardóns para vender pipas da paz, plumas acabadas de varear que penduren do corazón, desfiles de hormonas levitando, escumallos de peixe aplaudindo ás súas camas; o guiador dun deus, en definitiva, que abandona ao seu libre albedrío, que o manexe o vento como lle pete, qué lle crezan tantas sereas como lle caiban nos seus ventres, que lle guinden pedras saltaricas que boten e boten sobre máxicas ondulacións –eco dunha canción.

Coma dun fío invisible, colgan macetas, lámpadas con luz propia, ao redor dos teus axexos –sopridos das fazulas dunha deidade que flaxela con miolos de pan máis paraugas das esencias do pachulí. As raíces que martelan os seus orificios descrocan cristalinas consciencias, os ardores dun día a día.

Lonxe do anonimato, non aproveite dun pequeno arrotto do sol límpase con tisús a beira do momento, escúsase e pregúntase se a apertará ou se mañá, horrorizado e penitente, a mirará de esguello, infantilizando a valentía, argalleiro cos agarimos do ricto deshonesto. Non obstante, polo que ata o de agora consta nos anais e cabichas da historia, a mandíbula sosegada do leproso lago, consciente da defunción das súas vertentes, será blasfemias para o corazón, non moito máis que un pecado ve-

nal converso, sopesando arterias, rebentando pétalos esfollados nun si-non.

Caramelo, oxalá dos sabores preferidos por todos, consumido con cada pegada que lle outorgas, non escape fermoso ao continente de esperma, cullerada sopeira rexeitada polo home do sándwich e o control remoto. Sufrirá con chagas de meixela se non lle permites ser segundos, minueto de pan doce.

No teu almorzo, a sombra da autostoestrada, con *jeans* resgados e peluxe de varios meses, polgares travesías, pregunta por música e asentos de fina herba; tostándose, na súa sinistra, mazarocas de catro rodas e parasoles cincentos de fume verde. Espérate alí, sen xuramentos nin palabras de honra, o retorno da saga dunha fruta, un campamento de cores izados en mastros de vento e voz rockeira. No lugar, distanciados por diferenzas nimias no son, facedes rastas do rododendro e a magnolia.

Derretido polas horas de trópico en confluencia con meridiano e purgas de calor ecuatorial, cobras argolas de cristal en narices romos, axeonllando os últimos grilos do lago, os que che apuntan, cos seus dedos de pincel, a punta da neve; estrías de po branco; violación do talco con premeditación e aleivosía; submisión confesa do arco da vella, incapaz de usar nin tan sequera un milímetro do iodo das súas entrañas, para latexar no ofusco rendemento

da explosión impura do impoluto dun canvas-bodegón. Nel, adéstranse, con forza-soidade, as veas chacinas de vastos barrís de madeira tímida, esa alcohólica de faíscas de metal e osíxeno embotellado; adicta ás marismas, ao ceo azul celeste, aos cofres de lúa e sol, ao cáliz e espada de estrelas –grial aínda santo onde as virxes seguen clamando a un deus menor, de barbas orantes e brazos compositores.

Incluso o rei, monarca astrólogo, zapateiro nos seu tempo libre, sucumbe ante o poder prístino e inmaculado das sombras conxeladas. Son elas mesmas as que se esfollan, nun xogo de amor e desamor, perdoando, envaidecidas, ao máis vil dos arbustos o feito de parir raíces, diminutos sebes de ollo de lupa e cor de sapo.

Daquela, cando os bancos das ribeiras dos ríos comezan a abrir as súas oficinas de troco, rebaixando as tinguiduras que decoran o sabor da chuvia, serpe serás conxugando as posturas da preposición máis glauca, preludio dun ave de curral que perdeu o apetito. Serán culleriñas de café as lascas de afluentes e fluentes, os seus remuíños e os seus ramallos anti-oxidantes; as cuncas serán os estanques de esfera olímpica que xa marearon aos compás e aos tarabelos que os versaron. Serviranse dun líquido de excelentes doses de cafeína –*latte*, para os que poden durmir a sesta–, colectando nos ventres dun mergullo e

a súa diferenza de respirar; ferverá en fornelos sen contradición para os brazos, nunha completa prosopografía que detalle con empuxóns cada semente de trapisonda, cada despiste.

... E se miras cara atrás, retorcendo o pescozo ao cisne de ás azuis e pico cor montaña, verás un regueiro de casas que comungan hostias de pan ácimo –o lume dunha lareira que é o mundo, cocéndose por un lado, permitindo que o vapor se escape polos pés do globo terráqueo que, de noite, non alumea sen electricidade, quen fuxe, donicela, ao primeiro asomo de luz de tronido... E aínda máis cara a dentro: o aleito sen desculpas, a xenealoxía de tetas abraiadas polo labor dunha cona de casa, as mans que non poden ver, os pés que non poden apalpar, a voz que non escoitou, a fame que non entende de mitins ou revoltas agrarias, a mamila que estarrica os cheques de viaxe avariados nos aparellos de pesca, o misal de cordas que serve de academia ás bonecas, un voitre, un can, unha cabra, un búfalo, unha mañá de catro patas e varios fociños ruminantes, un pasado mañá con carie e miñocas, decenios sen cotras nas vinchas, centurias con filtros de óso e xelatina para a auga, *cum laudens* para o servizo de infantaría das varices do corazón... E máis, e máis... E máis...

Con todo, os servizos a domicilio quedan interrompidos ata novo aviso (orde ministerial). Debido a sospeitas de fugas, proclamouse un berro no aire, disfrazáronse os ecos –eses invertebrados e afastados sons que se repiten no reflexo dos corpos duros!–, e fretáronse novas carreiras de acantilado, entre eles, a túa, fantasía que fará tremer os reflexos do sol.

Antes de partires, medicácheste pensamentos frugais e puxeches a contraluz as radiografías mentireiras do amor e o agarimo –non por se acaso, senón por seres ecuánime coas

postais e familiares e amigos que están por chegar ao seu punto de destino. Equivocado ou non, esperarán a súa liña os autos que queiran matricularse, inquirindo as túas respostas ás súas preguntas: Esmuxicou os ollos, xa, o día? Ti esperas máis, sen apaixonáreste: un batallón, en fila, apuntándote, paredón, disparando balas con forma de ζ , rebotando en ligamentos e desfilando, algunhas, en autopistas de sangue vermella; baionetas verdugas de osos de xoguete, cóxegas nos xeonllos cando ti, executor, pechas os ollos; setas de terra rifándolle a aquelas dos ceos. Emporiso, fin do combate, retirada do arbitrio, defensa dun posto en empate, post-posición, recadación en tickets, valado de ferro nos corpos, especias para a enquisa de mañá.

O.K. Prescindes do ring, boxeas nas pistas de *caremball*, lendo xornais nocturnos doutra nación –calamidade do inferno en horas baixas, en praias caladas de benvidas que aniquilen os sufocos da calor, e un favor–, estalando os dedos contra mesas de madeira. Así, vaste, copioso de grans de té, ao altar de calendarios, anotando nos ocos, dos números que che deixan, as propinas aínda por dar.

Nesa ruta, conducíndote entre veráns de ida e volta, armado con báculos de pan integral con manteiga, arribas ao porto de trece guerreiros e conversas co reseso do asunto, argumentando fatídicas exposicións. Cásate, a pesar da ledicia do contacto ou do contento do cambio, o arranxo de estómagos baleiros e pulmóns enchidos de fume, por iso afundes a punta do paraugas nos buratos das tobeiras e ordenas con dor de cabeza, só, sen xeo, para o próximo pedido.

Todo se ilumina, é posible que para a ocasión, con pantasma intermitentes, e fogos de artificio sempre lóstrego. É a terra que, en cofándose a cabeza, libera as súas cicatrices e mal

humor, sangra o pus que a contén e insulta ao mortal con ferrenzas de balbuceo, torrentes de sen razón, frío de sono, pecados xa aliñados para a súa última función... O que non sabes, nin ti nin os outros, nin tan sequera aqueles que tralos seus mantos de Apocalipse pretenden darse a coñecer como bos palmitistas, é que xa hai revenda. Os billetes para dita interpretación colapsaron os despachos, portelos, postos de comida re-feita, flirteos, cortes de luz, corrupcións exactas e demais alumnos, polo que as portas tiveron que ser cadeadas, prohibir os pasadizos de entre montañas, enervar os afluentes sen caudal; por último, ganduxar os fios de arame en cada mica de óxido que fora achada sen atopar, como resgando sen querer, nas botas sen lustrar do poeta, betume de chans, cordón umbilical con unión de incestos.

Non te incomodes, non cambies de forma de ser, tampouco a parábola dos teus eructos, por estas frases que soaron a outro tap-top violento, a nova coartada do monzón. Mastiga o erro das temperaturas, recoñecendo en cada mordedura, nas piruetas do padal, as curvas sensuais dos berros de advertencia, as posturas interpretables do voo dunha ave, as chiscadelas dun cano –sobre tellado de metal e teitos de ladrillo gris.

Un basta, ¡basta!, trae o circo de insectos ás beiras dun día ateigado de ceos. Unha formiguiña, reencarnación dun debuxo animado de antenas cor laranxa, atravesa os aros de lume da noite, inconsciente da chegada do inverno; pasea, guiando a un domador, unha acha do seu tamaño, buscando un xogo de pelota que pesque a súa raqueta. A lagarta empalma a súa sorte con movementos de faquir, expoñéndose á captura de chamas, medicamentos e demais; é ela o ventrílocuo que fai as grazas dos presentes, facendo ignorante ao máis astuto e veloz dos ollos,

seccionando as vestiduras da parede. A araña, no seu papel de domadora, desdóbrase para desempeñar intelixentes piruetas, saltos de ra e mortais mareos do espectador que hoxe relentece a súa cea coas mans.

Ao fondo dese lenzo, enxérgante as ás do voitre. Pero hoxe, por ser tal día, desprezas os seus afastados achegamentos, con lixeiros movementos de pulso ou acuruxarses violentos á perna que se dorme, apoiada nas almofadas das alcobas do aire. Así é, pois que, divisando rapaces, falsificados de certificados de nacemento, presentando as fotos e formularios cumprimentados, nas oficinas requiridas, noméaste real, como a aguiá, con ás de orella de elefante, aínda que con engurras de pata de galo. Si, é certo, con eses ademáns e o boscoso das calcomanías, que foron máis ao vento que a ti mesmo, podes sufrir os enxeños do ascensor entre as plantas dun centro comercial, pero esta vez sen cordas que non se deixan ver ou paredes que sinalan, admonitorias, os teus lunares. Só, con grallos de ave moza domesticada polo vezo da terra e os anos que xa levas aniñando, quentando os teus nocellos entre os ósos da noite; só, vulto compensando a gravidade dos personaxes que floreceron entre as paredes babosas do mundo, cicelas chairas –para que sexan cumios–, vernizas o tempo –para que esvare entre as túas palmas e aplaudando os toques–, lixas a madeira que se amoreou irrompendo os teus pés –para pedalea, como oleiro, formas abstractas dun aire en continuo movemento.

Aínda hai máis, o cadro non é máis que un xirasol amarelo, un loto quizais, que adscribe mandalas nos seus estigmas, sépalos e tálamos; astrólogos nos seus últimos pedúnculos, cocendo beberaxes sensibles para sensitivar o universo. E dos dedos de cada mago, e de cada unha das súas unllas, e de cada liña de

lectura da xuntura dos seus dedos, e de cada un e cada un e cada un... máis instantes de estrela fugaz, máis brillo de inocencia, cúmulo de fedores, estragos, reliquias... –alá, alá, máis ó fondo, sobre outra basa.

De regreso, obsoletas as pancartas que seguen pendurando un verán acuoso: «O que fuches é para sempre o que es», serás recibido cos aplausos do estómago baleiro, facendo que se devoren os mareos, coas súas cabezas de desfalecido pálido. Gañarás a partida, nun antes en un despois, disposto en moedas de cambio suoras, aínda por temor, xa pola éxtase dun colofón.

Outra vez, cos ollos nas marismas dunha fábrica de soños, unha pintura de ganchos e recursos de calceta, traizoarante os pelos nas palmas das súas mans. Eis que redobrarán as súas trasnadas as danzas de voz berrona, fraccionando pasados de entre 15 e 20 anos, os que tremían o caramelo do flan despois da viaxe do sol, tamén díscolo, esperando descalzo tralas portas de voltas dun hotel de cinco estrelas.

Riso bífido, pérvido, premeditado, con cargos de aleivosía, que só denuncia, polo seu renuncio a voltear as cartas da última partida, o aforro de enerxía que supón o home para o home ou a fame para o home, distinto e indiferente. Comparación, daquela, para o momento da eséxese das palabras escollidas, autarquía de letra ñ nos cuartos de abrigo que ás veces atemorizaron aos presentes nesas sobremesas de poesía con sal sobre mesa, cinza de dous puntos en cinseiro calvo de sentimentos e ambidextro descorrer de orificios polos que penetran os máis desagradables da conciencia dun peixe:

culpou á lúa da túa sede
culpou á forza do cadafalso do peixe
culpou os teus pés polo seu tallo

culpou as asas polas súas cuncas de café
culpou á araña polas túas bágoas de cera
culpou ao arroz polos seus 27 grans de comida
culpou ao vermello por ter cidades que pintar
culpou á fe polas súas contas monetarias
culpou á muller na bicicleta, aínda que non creo que
fose ela a culpable, claro que, tal e como se conduce por
aquí todo é posible. Ademais, agora, co comezo das chuvias,
derrúbanse muros, todos, e embárrase, faise algo perigoso
saír en bicicleta, máis aínda do que é habitual. Menos mal que
só me tocou velo, e de pasada, e que a señora se vía ben, algo
machucada... Esa foi a miña chegada a Pokara, vendo nubes
negras, grazas a Deus, porque refrescan moito; un pequeno
accidente; moitas señoras tibetanas vendendo “*Tibetan
handicraft, want to look?*”; axencias de viaxes para subir
montañas, baixar rápidos, sobrevoar o ceo... O mellor, o lago,
onde podes bañarte, usar un trampolín natural, como fan os
nativos; pasear en barca, dar voltas en bici, afastándote
da necesidade inxuriosa e preponderante de bater en duelo
as respostas a preguntas que pouco, ou nada, teñen que ver cos
minutos ao vapor dun arroz; saber das oficinas de vaca hixiénica
e, na dianteira, unha burocracia recorrida polo fascismo om-
nipresente das ganas de comer. Todo axuda, incluso os sinais
repartidos polos pavimentos, ás veces felpudos, outras horarios
e tableiros de prezos, confusos lastros ao final do día, proscri-
tos a entrelazar os seus dedos antes de que
e a chuvia caía sobre a miña mochila. Como non hai
maleteiro, a capota, que tamén pode chegar a facer as
funcións de fileiras de asentos ou cortellos, leva as miñas
cousas, así que rezarei por que non chova moito, porque

aínda teño un carrete sen revelar. De todos os xeitos, iso vén despois, agora mellor cóntoche o de antes. Creo que esta vez si me desviei demasiado, nin unha mínima pista de mamá; ás veces desespérome e decido volver, creo que non ten moito sentido, á fin e ao cabo é a súa vida e, se decidiu marchar, debería respectala, ao mellor non reaccionaría con moitísima ilusión se chegamos a vernos. En calquera caso, a min si que me deu moita alegría ver todas esas pequenas montañas, algunhas cubertas de neve, tan inalcanzables e ao mesmo tempo tan preto. Tan achegadas que nestes días celébranse anos da primeira ascensión ao Everest. Esa idea non se me pasou pola cabeza, pero si a de Lumbini, próxima estación. Alí foi onde naceu Buda, así que seguro que é moi interesante, con *estupas*, templos e incluso a súa casaña. Este será outro intento, a ver... outra posibilidade máis, nada que perder neste subcontinente de miles de relixións e máis deuses, ademais de líderes espirituais e

seres humanos vellos, seres humanos iluminados baixo a “árbore boddhi”, seres humanos...

Receita: follas verdes da árbore do toro cedro, córtanse con delicadeza e férvense, daquela déixanse secar e píntanse, como un soprido de cores, disecando o verde da natureza a través dos ocos de oxíxeno que se enterran en funerais de clorofila, mentres se festexan as súas defuncións coas sombras, nin negras nin grises, de postais, pousava-

sos e separadores, atentados de eternidade e frecuencia das rúbricas de ditos recordatorios.

Noutro cuarto, na sala onde se expón a materia prima do sentido á credibilidade, adorado pola caída de follas, un provisto de ovaladas rochas, comungan co izado de rezos de cor, profesando fe a unha árbore que aguantou, estoica, os berros e rachadelas dunha nai parturiente. Ela, o obxecto concibido para dar a luz, estricou os seus baños nunha lagoa onde as súas pernas se puidesen separar dabondo como para chegar a beliscar, coas unllas máis longas dos dedos dos seus pés, o efémero, o esforzable.

Cuberto co manto da súa paz, por momentos camuflada nos píos do vento, atendes misas precoces en silencio, crendo nos sinónimos das nubes e nos antónimos do chan. Hoxe xa sabes cando te bendicen e cando os amuletos utilizan o seu terceiro ollo para cuspiren, pequenas doses, dúas veces. Dese xeito, a xenuflexión do mediodía chega antes do ánxelus, como un dote ben pagado aos anos que permitiron crecer longas cabeleiras. Melenas de infante-cadete-adulto-ancián de cantante masculino posuidor de voz no micrófono lindeiro á súa fronte.

Todo se engancha con broches prominentes de lunar, poxados a un prezo inicial de tren entre cidades, desexo excesivo de que remate o día e se duche antes de se deitar, para que del salgan os mellores perfumes mentres faga o amor; do contrario, sufrirás os seus xemidos, intentos frustrados de exacular e amolar de orgasmos os ollos da lúa, que esta noite sofre o seu período se sangra bágoas de dor menstrual, como un xugo que non tolera a indecencia dos termómetros de mercurio, como tampouco as gripes mal curadas.

En chegando a túa hora, reclamas un posto entre os pregos dun abano de sol banco, porque tamén el cansou e se esgotou da calor e, falto de enerxía, enguliu zumes de cana de azucre, mascando as súas obras, e descolorando a súa pel, quizais reflexo da túa, que hoxe é sombra da súa cor, un novenario de minutos que se candearon ás esposas que arrastras, laradas de cansazo.

«O mundo é unha ponte, pásaa, pero non constrúas casas sobre ela. Aquel que desexa unha hora poderá desexar a eternidade». E tomas a palabra á escritura e das bochorno ao vimbio que te acolle en apouso, incubando cúpulas e minaretas afastados, varridos de mármore ou ollos que só poden ver a través da cadencia dos seus pés. Agora, hai na novela, en vez de pezas soltas dun quebracabezas de pinturas, retratos con adxectivo, dos mellores tempos de *bi-pass* dun escritor de novelas longas: cabezas con barbas que se lles van, excomulgadas por independentes –ata roxas, hainas, as que entre fichas de *backgamon* reverberan globos de té e xogan damas chinesas cos seus pés. Máis alá do tumulto, aproximándose en escalas: os inchazos das bestas de cargas, os arrastres de flegmas co cling da bicicleta, a conxestión de papaventos de tea, o teito elixido de entre representantes de variada mármore, o pé esquerdo que avanza primeiro, as cóxegas do insecto que feriu os ademáns do pensador, alivios con fonética de máquina de coser, os efectos das froitas que se pelexan...

No pelexo da transpiración, bebendo papaia con *lassi*, os seus grumos e os teus gargarexos requiren de máis regateos. Outra noite, con tobo de face de coello, que exhala frívolas barafadas de

conta atrás. Case 50°C, segundo escriben os xornais, é esaxerado. Nin sequera puiden encerrarme no cuarto,

soportando o ruído das hélices do ventilador, porque non houbo luz na maior parte do día

anello en pasos e respostas, repleto de báculos con axila imberbe; nubes inmensas con espazos sobrantes para conversar nin un ola, porque a calor e todos vendendo, faise insoportable o engadido de bucinas e sumidoiros de moda que decidiron, tanto na costa como no interior do país, broncearse ao sol, aplicando cremas hidratantes que humedezan os seus beizos con cada argueiro que saiba pedalea.

Si, pero a pesar do prezo, era cita obrigada o Taj Mahal, inmensamente branco... Gustoume unha das inscricións que lin sobre el: «Esplendorosa Inmortal Pinga de Bágao na Meixela do Tempo». Foi construído na memoria dunha muller e incluso hai unha lenda que di que se fixo das bágoas derramadas pola dor da súa morte. Supoño que será máis certo o feito de que, unha vez rematada, cortaron os dedos polgares a tódolos traballadores, miles, para que unha obra mestra de tal tamaño non se volvese repetir. Incrible! A verdade é que é fermoso, limpo, todo mármore con

borranchos que parecen non poder soportar as palabras, só as súplicas balbucientes dos encontros: «encantado de coñecelo», tateixa nunha pregunta cunha espera que nin pode nin sabe elixir a duración da resposta, verdadeira ou falsa,

obxectivo de represalias terroristas, non aquelas cal *chefs* de billetes de pouco diñeiro, brillos de cortaunlla no rechiantes aceite que engraxa as navallas da vida.

Infortunado ou afortunado, validando a visión do lente, son os nenos aos seus once, sen poder durmir sestas de medianoite, salvo que nazan baixo a estrela da ruta das especias

no seu aniversario e sexan prestidixitadores de aparicións e/ou cambios de sexo. De non ser así, sufrirán ou gozarán do alimento que dean ás amebas e emborracharanse da ausencia das cores dun libro, podendo, entón, facer escola das lentellas, mergullando leccións de lapis sopeiros con cabeza de tres dentes. Pero daría igual, o un ou o outro, para espremer, sen mans, sorrisos dos seus ollos perfilados, fochancas sen eco, ataviados co pampo do corte de pelo favorito dos barbeiros.

Ti, desfeito en grumos polo fervor caníbal ao que fuches sometido, serás coma el, coas pálpebras negras de idiolecto intercambiable, aínda que ti poidas servir vasos de auga na gorxa que pregunta, barroca, e el teña que escoller a circuncisión dos apetitos por beber, practicada sen motivos relixiosos, senón de conciencia de poderes que masturban as súas cadeiras nas piscinas insás de palacianas noites de bicos sen amor. No contínuum dese elixir de comicios, manexas o vento con antollo anémico, co consolo da psicoloxía estúpida dun espello que podes percibir nas súas mans, corricando o gris da súa pintura reflectora na fronte ondulante de anos de suor ma-

dura. Peor que iso, se cabe, sen encadres que respecten a inocencia da virxindade laboral, haberá pais que dean a luz vómitos de horas de alcohol, aleitando esposas –dígase vasoiras de vimbios e trapos de xeonllo– baixo o sostén de mamilas sen sexo, un valium de cápsulas de reloxo, durmideira do bastón e o bigote máis recorrido.

Á porta, querendo irromper nese ollal que enfía saúdos fríos de ano en ano –non carentes de amor, faltos da diplomacia dos libros de non-ficción que suman listas de máis vendidos–, senta, sobre as súas coxas, a man manca dunha curmá. Involuntaria, relata mutilacións doutros, que ti verás nos bicos do sol no seu regazo, sen reproche nin amoesto polos turbantes vendidos fóra da hora de visitas, pouco máis alá da disección de cancións de berce con tacatá de pezuño fendido.

A respiración intensifícase, os seus latexos recobren as vestimentas dunha obra levada a cabo nos corredores das po-boacións sen lastro, titilando os seus zocos e os seus descalzos ao tropezar contra viñedos de viño e fame, sede e unto, tabacos engulidos entre o peito da enxiva e as súas inguas vexetais. Unha vez máis, só podes, e debes, arrouparte coas fibras sintéticas das palabras máis longas e exquisitas, ventilando a suor dos anos con insectos que aínda gatean cando intentan respirar, ou coleópteros mañosos, provocadores do riso de ata o máis bárbaro dos tortos sen culpa que venderon as súas botellas por vasos de vida e transfusións de expiración.

Segues rascando a túa gorxa, uns minutos máis, ofrecendo os esputos ás pernas con corpo de oración e aos corpos sen cláusula de sentenza. Entón, cisternas con sandalias de pé cheirando a sándalo, mexando sen motivo que as hidrofobie, sobre o ollo acuoso dunha marabunta alada apuñalando o ollo viril da vaca infesta de persignares.

Aí está! –o teu primeiro vocifero en días, cando as babas regresan da súa terra de incestos co ceo, conxecturando sobre as apócemas do barro gris e o afastado pouso dun dedal con *chai* que ti inspiras para que lle fale de illas de tesouros e palmeiras solitarias, elefantando cabalos nas covas lutuosas dun pan sen miolo– cuestión de gustos, de *chapatis* ou nanas, manteiga ou graxa vexetal. Prolóngase, o estertor ronco, coa reencarnación de marabuntas de augas posando para un reflexo de posta de sol, bailarín lánguido nas correntes urbanas, esas das que ti se-cuestraches miradas, pedindo rescates de enciclopedia sobre varandas cheas do balor dos karmas da auga bendita. Arrastradas, cobra xorda e pitón enmudecida, as palabras crúzanse con *rick-shaws* de aluguer, ocupados unicamente polas posturas do consumismo e as ringleiras de pedra que caen en regueiro sobre un mesmo pedestal: unha cociña crocante de máis infantés, preparando *papads* con pencas de cardamomo e xulgando instantes de *freesbe* en estadios descoñecidos de sabor, dispensarios de emblemas carentes de estaca, de bandeira, de pico e pa, de terra, que os deixe prender as mechas da noite; mais non como un xornal de herbas de soldadiño de chumbo, senón como horizonte con poñente e as áncoras varadas a babor e a estribor, listas para levaren as súas refregas coas pagás, e vivir xermolos de río.

Mentres fenecen as luces en ecos de pozo corrente, foxen feridas, as falsificacións do tempo, que ti aínda cres presente

nese berro, timorato, que nos seus minutos de vida xa puido acadar as dársenas onde as puxas o calmarán e as súas últimas lembranzas de corpo incinerado atoparán os esteiros da existencia. Para máis INRI, estás sen os anteollos de alcance almas, polo que se reducen as opcións ao crepitar do vento chanqueando contra as bolsas de plástico en liberdade, outra tuberculose que, sen madrugar, poderá afirmar o seu predominio sobre os prebes dos entrantes. E con iso, se aínda tes forzas para un riso, o porqué non traerá fillos con feto morto, máculas da meixela reinante; pero todo segue e todo cambia, non hai que dar a volta atrás, pechar as almofias nos pés e ver a soleira rezando, en posición sen nome, clamando os teus as.

Romántico, con figuriñas, ao tempo que voan os teus pés, aínda lastrados pola presenza dunha pomba branca sobre a luz da lúa, fracturas os nocellos dos reloxos de area; todo un decorado para o que se revisaron probas de ferramenteiros, con preferencia por aqueles de peito imberbe e tateo de xoias e pedras de xabón. O colofón, cando o sono, coa súa fame de pelello –chámesese vexiga–, é a fogaza de fermento onde adurmiñan almofadas, e chega na espuma dun capuchino veciño, ás veces ha, e infla, coa táboa de elementos químicos, os gases do etéreo, os seres coa cadeira na Academia de encrucillados e pasatempos, soando a turbas os seus instrumentos de vento, o extravío da terra con palabras de honra.

Un xuramento, murmuraste, víchelo impreso na folla seca que onte sobrevoou as pegadas de varias sombras. Máis tarde, aniñou na pureza do freo, mentres durmías e cantábanse nana as lámpadas, castrados os seus filamentos –nutriente do amencer prematuro. As súas xemas, como unha tatuaxe no baño da palma da man, cortiza de azucre, reflíctese en exerci-

cios de mestres de ioga, acupuntura do teu estómago en estado de busca dun arca de días e posibles arcos da vella.

O lamparón deixou un vaso; as súas hormonas, iradas, empuxaron o rumor de sandalias que non tocan o chan nupcial. Falso ou non, atópalas no desgonzamento da exclusión, nun corredor de chuvias impeditas, contemplando o vento plaxiar eufemismos, antollos de unlla de pé cortada. E quen che lima a dor das posturas, xeonllo en man, con ombro de incerta vellez, é o callado que cubre quinielas, o avó dun so bigote, que cobre de mantras a teoría do espírito. Mais, a pesar das súas enquisas e os aceites derramados sobre os corpos aínda prematuros para menstruar, cederá tamén as súas calzas ao banal da canción, ao retrato inanimado dunha voz con párkinson e levita laranxa. Será así, contigo e con eles, que os farrapos reciclables das glándulas tiroides formarán en bandos as súas disciplinas, parasoles de moita idade, mentres os outros vistan o cerzo de peles de mango verde –na súa mente non alimento, senón o eunuco do capítulo Ausparishtaka do *Kama Sutra*.

Daquela, alzou os seus brazos e os alí sentados levantaron as pálpebras, aínda non creadas, da serpe. Abriuse a chuvia paso, entre a afluencia descalza, e fixo o sinal da cruz unha última interxección que estirou as verrugas de color espareixidas polas súas fronteas. Ti, sen a irisación da distancia do ser, trotaches as pisadas dun corte de garfo e asunción de culler, lapidaches a verga das almofadas e operaches o quiste que ningún santo puido extirpar, aloxando no teu silencio as copas de cansazo e denegrido metal, aproveitando o consello dos astros do zodíaco, para cambiar fusos horarios en cuestión de fertilidade e matiz do brillo.

Inmiscido en debates interiores, o mundo ocúpase en inventar bananas que non pinchen pero que fagan a función da vacina, menosprezando o teu gusto anenado polas froitas de bico pouco febril –véxase cereixa–, xestionando, con arbustos e demais ralea, o traspaso inmediato de intereses, o comezo dunha neófita democracia de poderes, dirixida polo calar do dedo índice. Ante o temor da posible inxección de aditamentos, a fermentación ocular de illas canarias, espósate a vixilia, cos seus grillóns de caverna platónica, ante os ollos resplandecentes dunha fogueira con aleróns e asteriscos, vulnerables ás andrómenas dun abril que aspirou a dar alimento, sen o teu consentimento, a evocacións santísimas ou a un mago obsceno petulando coas saias levantadas dun carnal monxe budista con acenos virxinais.

Mais chegará a súa ópera, o seu pantasma de denegridos aplausos de benvida e, para ese sopro, xa estarán listos os preparativos da ascensión, as mellores galas do barco ao mar e unha copiña de viño doce

bote que cruza o río dun lado a outro. A distancia non é moita e hai unha ponte colgante, pero non sei cal das dúas opcións será a mellor. Eu optei pola segunda, como sempre, chea de xente; aínda que na outra, ao ser un medio de transporte indio, non existe un máximo de ocupantes. Aquí, o río, o Ganga, o mesmo sagrado que chega a Varanassi, va moi rápido e algo máis limpo; de todos os xeitos, non o suficiente como para que me una aos *saddhus* nunha

matutina inmersión de preguizas gasosas, a serpe etérea que danza solitaria nunha espiral de brúidos de leite e barba ademais de rastas, naturais, de non cepillarse esas enooormes melenas que entrelazan, moitos deles, como un

peite. A rúa principal, a rúa, échese do cor laranxa,
ás veces sentado, ás veces pulula, agreando o cuestionable
dun mango, contaminando un plástico coa súa emulsión de ga-
lletas, abanando moscas ou apartando a faliña dun ruminante
que, supoño que debido á calor e ao non beber
suficientemente, descomponse. Convertérase en natural
o esquivar cagadas de animal, pero estas temperaturas
dificultárono, porque agora tamén elas teñen diarrea. Iso,
tamén é unha suposición, privará do seu traballo os que se
dedican a apañar a merda para facer algo así como ladrillos...
a can fraco todo son pulgas

incluso nos bordes do Himalaia aiurvédico, converxencia
de sínodos. Concorrenca de pés que se debuxan ou desde-
buxan no malestar dun boi con pata de pau; nos bosquexos:
vermello pel, cor margarina nos poros do inferno, desposorio
pueril.

A *puja* das noites non é tan espectacular como a de
Varanasi. Só unha pequena cerimonia, con moitos fieis, pero
con menos monxes, menos lume, menos deses barquiños
feitos coa folla dalgunha árbore, menos rechamante, tamén
menos comercial. Máis indio quizais, aquí vense a practicar
ioga basicamente, a relaxarse

nas engurras das súas letras, veciñas do pranto prematuro
dun neno que xa aprendeu a tocar a frauta. Rishikesh cégate en
soles puramente laranxas, arcos da vella unicolor nas cristas
do fume papal e a súa bendición para a cidade e para o mundo.
A consagración sen mans, rosario de sándalo, figura guerreira
nun refrixerador de catro liñas, sen radio que empuxe.

... E alá arriba xúntanse as fumaredas: a epiderme broncea-
da dunha icona de incenso, a erupción volitiva de excitantes en

vea de prata, o mercurio sen sal, o sagrado que quede do pouco terreal, a emoción agnóstica do voo sen descanso da ave de preas... E máis, máis alá, máis arriba, xa non ves

que quizais ti xa atoparas a mamá, dalgún xeito. Sigo aquí, sen pizzas, sen entusiasmo por elas, sen buscar, só atopando. Ao mellor ti tamén, cando xa non buscabas xa atopaches. Discutirémolo, non queda tanto, uns pasos máis e regreso, as últimas posibilidades, os últimos consellos dos viaxeiros,

un frío no Norte ou outro entre un glaciario que súa enerxía. Elixes as sortellas que encaixan na cabeza de cabazas con luz, o Entroido posposto e cambiado de lugar. A profecía cérnese salouca sobre os teus ombros como un acabado de nacer aínda sen vista –Oriente exaculando na vaxina de Occidente!–, e ti só te gardas dos lectores de libros, maquillaxes de chistera nas saias das montañas, arando os teus puños camiós matriculados nas cifras da viaxe.

Eta. Esquecemento instantáneo, día positiva, dun badalo sen campá, as pantuflas que se embarazan de ocio e versos con rima asonante. Agora é o hisopo o que libera os seus sexos e as súas mans de cinco dedos, en calando, evadindo miradas desconfiadas de trucos e coroas de magos.

É posible morrer? —pregúntache a lectura dun libro; que é a morte, outro desacougo en mans de poeta?... Un paxaro voa raso e pousase sobre un balaústre, o adro da túa conciencia, balcón de alpiste. Preguntas aos pecados quen é o seu dono: acaso ti, luxuria, ou ti, gula; ti, soberbia; ti, envexa; ti, avaricia; ti, preguiza; ti, ira? Por iso pecas, sobrepondo o tórax ao rubor dos ollos aletargados en única presenza, salivas os bocados de papel de epístola e andas.

No paseo, as pedras choran cal contas dun rosario budista que perece no seu desterro, flor rasurada da súa raíz xestual. As súas letras lense cos dedos, cegueira de bocas que se deben de estudar pola súa etiqueta imposta. Tamén no camiño, outras posturas de boneca paisaxista, apoucada en parches de manta osmando toqueira e o estalido afastado do vapor de varias coíñas, almorzos perpetuos, como o alento da mañá máis fría na boca da mazurca, como o servizo de atención que pisou as súas solas en diversas ocasións.

A cabeza, un lapiseiro, ruleta de artillerías, péndulo ondulando entre enxivas, a última compresada do espertar, meta do día. Só cobre os ollos con gafas de sol, frituras de xaqueca, parágrafos infinitos en sagas que falan de morte. É posible morrer?

Viaxas as túas últimas pegadas, ano de cabaliño de mar, cabalgando sobre cuestións de monta ás veces exclamativa, ás veces afirmación enunciativa. Descansas entre parágrafos e talismáns, como quen lava as súas mans nun berce tibetano, con adeuses que soan honestos no afastamento. De cando en vez, nese baleiro, cesan as pálpebras o seu polear e ves o teu televisor en branco e negro, verdor de domingos de chuvia e reunión na mesa de braseiro de gancho de café. É a cita de monóculos de cristal pingando nun pluviómetro de azucre branco, sopa con letras para pagar a conta dun final con puntos suspensivos.

No repouso que toca, as estrías do sol fenecen en beizos con carmín de peitoril intentando colocar os aros a un lóbullo de orellas pensativas, aperitivo da conversa renacente dun modo de vivir, voz de tesouros escondidos, graza do un e falta de máis. Déixalo facer, mentres ti depilas as pestanas á mesa do almorzo, cuberta de sementes de sésamo que expanden palabras que queres e no sabes dicir.

Atrévete, tras forzados pensamentos que fregan os teus ombros, a aventurar lectura de azucre, abandeirado con mastro sen filtro na sangría sen mangas que será tres días, crucifixo sen cravo nin táboa. Quizais as túas súplicas en mutis ou o augurio indolente do si, ese responda con cabeceos sinalando os botóns dourados dos puños–lembianza do vaso sagrado de viño tinto, a copa agnóstica.

Todo é posible.

Outro argumento en idiomas de peito na tatuaxe, volta de twist e fixador, os xornais comercian con números. A túa caraxe, confeitaría de poemas inintelixibles sobre papel reciclado, a dilatación do citado argumento, un resume de mordedela ao sol e lavatorio de culpabilidades –a inocencia, a idade de, claman as alegacións nos colos do tempo.

A espera é un autobús, a gripe dun animal, iack en preferencia, sendo montado por maletas con certo cariz fúnebre. Nelas apiñáronse bebidas quentes con esencia de tortilla, tinguiduras de lura para recitar canvas nos tellados do chan fontano. Os seus distintivos: sacos con nenos sen esmola e o acedo limón dun zume non editado.

Facendo tempo, cabezas de coliflor con nariz de cenoria, a vellez do monacato disfrázase de sorpresas ou influencias de fe para ti e os outros. Beben delas os seus corpos, o conxelado cristal dos chopos extraterrestres en contacto coas molestias que elas mesmas se provocan, mesturando talco con trapos de limpar cociña, ¡escóndete entón da vergoña allea!, busca o seu posto entre escaparates de zapatos, os reloxos non deiteñen as súas horas, o tic-tac conversa. E se é certo?, pódeste preguntar; pero entón xa escapan as solucións en panos de aceite.

Os teus pés descalzos tocan baldosas meneantes, rabuñando as túas ideas cos servizos de lavandería abandonados ao pecado e a graxa dun músico rexistrando notas contra a túa fiestra. Vai calor, un golpe inacabable que esgota a túa paciencia e deixa K.O. os puños que souberon boxear tintas de río de poeta, ingrátidos naufraxios dun Pi sen arca en cómics de siluetas parecidas con menos de oito diferenzas.

Só uns pos máxicos poderán verter as súas apócemas na túa conxestión de fracasados intentos –aí les a historia do daguerrotipo, que todos os comezos son arduos e custosos. Lellos, como se puideras escribir ensaios sobre cada un deles, e es ti o que receita descanso, xiringas con doses de pensamento, frouxidade da luz, martirio lagarto insomne –como o negro en saia de Carolina– acristalando as patas de azucre dun arácnido pescador... E... boas noites entón, boas noites.

Os días, tras un sedante de esquemas, lavan con fruición o seu aniversario, decorando o soprido das candeas con lacrimo vacilante, suor da meixela e ouriña dos domingos. Exposto ao vento, aos acantilados que conceden as vidas nas súas vertentes de terra, o día a gardar será como a festa de traxe de estrea, cos nocellos conxelados –a noite anterior– para apertar a forma dos saúdos e a vidalla descalza.

Quedarán as chuvias como enfoque de fotos de regreso. O vencello sonoro do perplexo do pingar do mediodía xamais suado, a luz dun regadío de peitos desexando ser sedentes, o reflexo na tella dun almanaque que perde os seus dentes, boqueadas paxinadas dos libros-diarios que che ensinaron a zarrapicar baleiros entre illas de terra dentro –espulla de Shiva que, agora, só días despois dun punto e final a un guión de debuxos animados, sobrevoa o ceo gris, lenzo vangardista de temperaturas.

Acábanse os sorrisos finalizados, os agarimos con pescozo gris, o aleteo de patas de insecto. Revistas, flatulencias paxinaias entre oposicións unánimes de cabida preferente entre presidenciai imaxinarias. Só á fronte, resolución sen cellos engurrados; adeus, adeus; adeus, salmodias, adeus.

VERMELLO

O home é un metal morneado polo lume de dentro e o temporal de fóra. O primeiro é a lei que hai nel, logo o lume que derrete esa lei e o final os golpes que a modelan e a temperatura que lle dá gume.

LINO NOVÁS

Ti, indolente do eu en pergameos sen xénero, compás das montañas de saias humanoides, persistencia do perigo de supervivencia entoada por Adán, impulso ignífugo cara a ti, praza tectónica de amor, amor paterno e conxugal, refrán do terzo de esquecementos e epístolas escolares.

Ti, o receptáculo filiforme de cadros obxecto, protagonista dun esquecemento que non se deixa marxinar, o número dous dos pronomes que arrastran mochilas, corno unicornio do misterio vital de acochos. Por fin, ti, protagonista dunha viaxe non feita, necroloxía evanxélica realizada como libro en versículos dos que ti non participas, receptor de emisores que buscan algo que achar, e áchante escribán de criaturas que calan e dan voz con calcos de eterna vontade.

Eixe en gravatas de fazañas, peregrino seminómade das lecturas e as liñas de caligrafía sobre pousos de café, zumegado da sede desguarnecida de culpa. Remordécheste as cores, esgotadas as filas de letras, feitos seminaristas os frades errantes, luz marchante de fogueiras que se confunden co para-por dun bo poema.

No primeiro, eco afastado da sombra errática e dona de si mesma. Recibo sen compra dunha exploración ególatra polas marismas máis sinistras da alma, recuperaches vivencias e fixeches oídos calados e mudos ás cartas que recibiches de mes en mes, en travesías mariñas que as facían outrora repetitivas,

logo eternas na súa carencia. No segundo, unha simbiose que alixeiraba a dor á súa ausencia de moas, chaveiro de círculos en derredor de horizontes con calendario austero.

Hoxe en día es ti quen recorre os museos e tira fotos para retratos de poemas, quen falsifica horarios para enganar o tempo e sexa este o que pague as ceas das penúltimas veladas. Es un bafo entre marañas de ideas, un chaleco sen botóns que creu ser circense en vida de biografías e retratos dun mesmo eu.

É de ti do que gotean as páxinas dun pergameo límpido de terrosas crenzas, bichoco insípido de disxuntivas, coagulador de instantes, mariñeiro en terra das post datas. En ti, que obstrúes o paso ás bágoas que choran, aos linceos que osixenan sistemas de filatelia, fobia do humano sentir por petiscos de agridoce adeus.

Nas túas entrañas de vesga salubridade, xactancia do esquecemento que practicou o home, ti asinas, senectude de palabras de aerosol, con gretas de amor que abriu a fame:

Así o ego, sendo infiel aos seus quefaceres, co seu manto cubrindo as sombras de sol mediante, apaga unha candea, envolve os anos no belén óseo de mal paridas hostes de corazón e chama fin a un final sen cortina, bastidor de adentros, louzanía do devir.

ESTA PRIMEIRA EDICIÓN DE 200 EXEMPLARES
DE 'TRES CORES: AZUL' DE MONCHO IGLESIAS,
COMPOSTA EN MINION 11/13,5
SAÍU DO PRELO EN
ABRIL DE
2010



